



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 47

**Sesión Plenaria**  
8 de novembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA (continuación)**

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.1 7663 (10/PNP-000699)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

#### **4.2 13018 (10/PNP-001103)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis**

Sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

#### **4.3 15853 (10/PNP-001229)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

#### **4.4 17676 (10/PNP-001318)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

#### **4.5 18655 (10/PNP-001374)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Villares Naveira, Luis e seis deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 17.10.2017

**4.6 19027 (10/PNP-001397)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

**4.7 19141 (10/PNP-001405)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

**4.8 19153 (10/PNP-001407)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 18688 (10/INT-000610)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**5.2 19039 (10/INT-000621)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

**5.3 19139 (10/INT-000627)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

## **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **6.1 19530 (10/POPX-000055)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co actual momento político

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

### **6.2 19536 (10/POPX-000056)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos políticas levadas a cabo en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

### **6.3 19545 (10/POPX-000057)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitarlle á poboación unha situación como a padecida o domingo 15 de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

### **7.1 18954 (10/POP-002264)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

### **7.2 19083 (10/POP-002279)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún protocolo de actuación e xestión da comunicación de crise

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

### **7.3 19548 (10/PUP-000116)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para exixir responsabilidades á concesionaria da AP-9 e evitar no futuro novas situacións de colapso como a rexistrada o 27 de outubro na ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

**7.4 19546 (10/PUP-000115)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Esteiro SU pola dirección de Calvo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

**7.5 14640 (10/POP-001971)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

**7.6 17719 (10/POP-002176)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio a localidade de Salceda de Caselas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**7.7 16075 (10/POP-002084)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**7.8 19414 (10/PUP-000112)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 2.11.2017

**7.9 15365 (10/POP-002038)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**7.10 15404 (10/POP-002048)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica que a deputada dona Magdalena Barahona Martín xustificou a súa ausencia. (Páx. 13.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego en relación co actual momento político. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)*

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación coas políticas levadas a cabo en materia de emprego. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 18.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)*

*Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 21.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitarlle á poboación unha situación como a padecida o domingo 15 de outubro de 2017. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (S). (Páx. 23.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)*

*Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (S). (Páx. 27.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 29.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Losada Álvarez. (S) (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 38.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 40.)

*O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Toja Suárez (S). (Páx. 45.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado Cores. (BNG) (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Páx. 49.) e Sr. López Crespo (P). (Páx. 50.)

*A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 52.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 56.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 58.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 60.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 63.)*

*O señor Puy Fraga (P) solicita, de acordo co artigo 77.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a lectura do artigo 51. (Páx. 65.)*

*O señor presidente (Calvo Pouso) respóndelle que todos os deputados e todas as deputadas teñen a obriga de coñecer o Regulamento e que os portavoces son conscientes dos requisitos contidos nese artigo. (Páx. 65.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 66.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 67.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 69.) e Sr. Trenor López. (P). (Páx. 71.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 73.)*

*A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 75.)*

*O señor Puy Fraga (P) pide a palabra e intervén para facer unhas aclaracións sobre a súa intervención anterior, asunto sobre o que responde o señor presidente. (Páx. 76.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

*O señor presidente dálle a palabra ao señor Trenor González (P) para que dea lectura á transacción acordada sobre a súa proposición non de lei. (Páx. 77.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas: aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 77.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia: aprobado por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións. (Páx. 78.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes: rexeitado por 31 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 78.)*

*O señor presidente dálle a palabra á señora Chao Pérez (EM) para que dea lectura á transacción acordada sobre a súa proposición non de lei. (Páx. 79.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás: aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 79.)*



Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino: *rexeitada por 19 votos a favor, 41 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

*O señor presidente dálle a palabra á señora Vilán Lorenzo Pérez (S) para que dea lectura á transacción acordada sobre a súa proposición non de lei.* (Páx. 80.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

*O señor presidente comunica o debate acumulado de tres interpelacións pertencentes, respectivamente, ao Grupo Parlamentario Socialista, Grupo Parlamentario de En Marea e Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.* (Páx. 82.)

**Interpelación de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais.** (Punto quinto da orde do día.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais.** (Punto quinto da orde do día.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Quiroga Díaz (S) (Páx. 82.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 84.) e Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 87.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 91.)

Réplica dos autores: *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 96.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 97.) e *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 101.)

*Suspéndese a sesión á unha e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago).** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún protocolo de actuación e xestión da comunicación de crise.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 111.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 115.)

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para exixir responsabilidades á concesionaria da AP-9 e evitar no futuro novas situacións de colapso como a rexistrada o 27 de outubro na ponte de Rande.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 120.)

**Pregunta de D. Luís Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o peche de Conserveira Esteiro SAU pola dirección de Calvo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 125.)

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio a localidade de Salceda de Caselas.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 133.)

**Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Crespo (P)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 135.)

Réplica do autor: *Sr. López Crespo (P)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 136.)

**Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Salorio Porral (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Salorio Porral (P)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 140.)

*Remata a sesión ás cinco e trece minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos dar comezo á sesión. *(Pausa.)*

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Antes de comezar con ela, xustificar a inasistencia ao Pleno de dona Magdalena Barahona Martín, deputada de En Marea.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego en relación co actual momento político**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos, polo tanto, coa pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten para iso a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Moi bo día, señor Feijóo.

Pregúntolle hoxe se pensa que o seu Goberno está á altura do actual momento político. Un momento complexo onde nós vemos con moita preocupación unha involución democrática que vén de atrás. Unha involución que empezou cos recortes en sanidade, en educación e en servizos sociais; que continuou coas contrarreformas laborais, co roubo de dereitos ou cunha lei mordaza. Unha involución que tamén vemos nese brutal proceso de recentralización que impulsou o señor Rajoy e do que vostede é un fervente colaborador. Unha involución que tamén vemos nesas indiscriminadas cargas contra un pobo que quere votar, na suspensión da autonomía de Cataluña, nas detencións abusivas de cargos electos por parte dunha Audiencia Nacional que está funcionando ao ditado do Partido Popular, mesmo incumprindo as leis que logo sacralizan. Tardou 24 horas en resolver, mentres vemos que casos de corrupción que lle afectan ao seu partido, como a Gürtel, levan unha década nos xulgados.

Por certo, onte mesmo o instrutor da Gürtel compareceu no Congreso e dixo que o señor Rajoy cobrou diñeiro en B. Pero, claro, isto non require medidas xudiciais extraordinarias, *(Aplausos.)* non vai abrir os medios e os informativos. *(Aplausos.)* E, claro, se teñen algún problema, a vostedes sempre lles queda o comodín dese reprobado fiscal Maza.

Esta involución e recentralización ten efectos nefastos na vida dos galegos e das galegas, e vostede é cómplice necesario. As consecuencias están aí, a cidadanía perdeu dereitos e calidade de vida e vive nunha precariedade asfixiante. Vemos como os galegos e galegas sofren os recortes en sanidade, en educación e en servizos sociais. Temos un modelo de financiamento discriminatorio, soportamos as peaxes da AP-9 mentres vetan a súa transferencia.

Ou vemos como impiden que teñamos unha tarifa eléctrica propia que nos permita beneficiar as empresas, as familias e acabar coa pobreza enerxética.

Esta recentralización e involución están afogando o noso autogoberno. Cada vez son máis as decisións que se toman fóra de Galiza e contra Galiza. E estamos nun momento en que, gústelles a vostedes ou non, hai un debate aberto para superar o réxime do 78, para deixar atrás o posfranquismo.

Neste contexto o que queremos, o que nos parece transcendente, é definir se Galiza vai ser protagonista ou se Galiza vai ser espectadora deste debate que xa está aberto. E nós témolo claro, Galiza ten que ser protagonista.

Por iso lle fago unha proposta moi concreta: queremos unha ponencia parlamentaria para analizar este contexto e definir un novo marco para o noso país. Xa lle adianto cal é a nosa proposta, cales son as bases que nós queremos defender nesa ponencia parlamentaria: defensa da democracia, das liberdades, dos dereitos, o recoñecemento de Galiza como nación. Porque nós estamos convencidos e convencidas de que necesitamos poder político propio para consolidar non só estas condicións de vida que temos, senón para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** A cuestión, señor Feijóo, é que vai facer vostede, se vai estar á altura deste momento político. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, volve trabucarse. Non estamos en ningún momento de réxime posfranquista, estamos nun momento de plena democracia desde hai corenta anos. Fíxese se é así que no século pasado se exiliaban os demócratas e neste século XXI se exilian os golpistas. *(Aplausos.)* ¡Fíxese se vivimos nun momento de democracia plena en Galicia e en España! *(Aplausos.)*

Os galegos, señora Pontón, somos donos do noso propio destino. Temos autonomía económica e temos autonomía política. A pesar de que vostedes pretendían que nos interviñera o Goberno de España —como acaba de intervir, por exemplo, ao Goberno local de Madrid—, nós mantivemos a nosa autonomía económica e iso deunos lugar á nosa autonomía política, e, evidentemente, estamos nunha situación de plena democracia.

Señora Pontón, vostede invítame a constituír unha ponencia na que teñamos que aprobar o programa do BNG. O que pasa é que as ponencias máis importantes son aqueles que consisten nas eleccións, e nas eleccións o programa do BNG foi rexeitado por amplísima maioría. Non me propoña vostede ir en contra dos galegos; en contra dos galegos nunca irei, en ningún caso.

A situación política en xeral, señoría —Galicia, a pesar de vostedes, non é unha illa, é unha parte dun estado democrático que se chama España—, está marcada polo Goberno cesado da Generalitat, que pon en perigo un incremento do crecemento económico do conxunto dos galegos e do conxunto dos españois. E tamén está marcada pola forma en que determinados representantes públicos afrontan este asunto dun goberno ilegal.

Por exemplo, vostede facéndose fotografías co señor Junqueras a modo de selfie xuvenil. Ten vostede algunha outra deputada que se fai fotografías co señor Arnaldo Otegi, que, como sabe todo o mundo, é un dos grandes demócratas europeos. (*Murmurios.*) E despois saúdan en redes sociais a república catalá. Comprenderá que a maioría dos galegos non estamos de acordo co que fan vostedes, e por iso imos seguir traballando.

Cataluña, como no tema dos incendios. Mire, señora Pontón, vostede ten que decidir se está a favor do lume nos montes e do lume na Constitución. Se vostede está a favor ou en contra dos incendiarios do lume e tamén dos incendiarios da Constitución. Nós estamos en contra dos que prenden lume no monte e dos que prenden lume á Constitución. (*Aplausos.*) E iso creo que é unha gran vantaxe, porque nós seguimos coa maioría dos galegos. (*Aplausos.*)

Xa sei, señoría, que vostedes nunca estiveron cómodos nin coa Constitución nin co Estatuto de autonomía, é o seu dereito, é unha decisión dun partido político. Pero a realidade é que a maioría dos galegos estamos cómodos coa Constitución e co Estatuto, co que non estamos cómodos a maioría dos galegos é co nacionalismo. Vostedes nin son máis galegos que a maioría nin queren máis a Galicia que a maioría dos galegos. E xa llo digo e reitérolo hoxe, deixen de repartir carnés de bos e malos galegos. Galicia non quere carnés do BNG, polo tanto, deixe vostede de tachar o resto da Cámara e a inmensa maioría dos galegos de que non somos galegos se non somos do BNG. ¡Amolados iamos se fósemos todos galegos do BNG! ¿Sabe por que, señoría? Porque as contas que vostedes botan son contas que lle saen moi caras a Galicia. Por exemplo, a independencia de Cataluña e esta broma ilegal e inconstitucional dun goberno absolutamente ilegal de Cataluña —cesado, por certo, de acordo coa Constitución—, pódelle saír a Galicia nunha broma de 5.000 millóns de euros; 4.000 millóns de euros que lle prestamos os galegos aos cataláns...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dado que os cataláns deben 70.000 millóns de euros, e 1.000 millóns de euros que os galegos poden perder se se lle condonan definitivamente os intereses da débeda aos cataláns. En total, 5.000 millóns. ¡Que ben lle virían eses 5.000 millóns a Galicia!

Señoría, mentres vostede está de acordo con que Galiza perda 5.000 millóns na broma separatista de Cataluña, eu vou loitar para que Galiza non perda un patacón.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, ¡vaia demócrata que é vostede! Si, si, para vostede democracia é que o Partido Popular, que ten 11 deputados en Cataluña, governe a Generalitat. *(Aplausos.)* ¡Vaia sentido da democracia, señor Feijóo! Ese é, efectivamente, o seu golpismo e iso é o que significa esa concepción que vostedes teñen.

Mire, eu de verdade non sei se cre que vostede está en condicións de falar de fotos. *(Risos.)* ¿Quere que falemos das súas fotos cun narcotraficante pola ría de Arousa? *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¿Quere que falemos das súas fotos cun conseguidor? *(Aplausos.)* ¿Quere que falemos, señor Feijóo, das súas fotos con representantes da sanidade privada? *(Murmurios.)* ¿Que fotos? *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ¿Cre vostede, señor Feijóo, que está en condicións de falarme a min de fotos? ¡En fin!

Mire, o que é lamentable é que o teñamos a vostede como adañ da recentralización. Vostede está cómodo mentres se paraliza a chegada do AVE a Galiza. Vostede está cómodo cun sistema de financiamento que nos fai perder 4.000 millóns de euros, porque nós non pagamos os impostos en Cataluña, pagámolos en Madrid. *(Aplausos.)* Vostede está cómodo mentres o Estado nos debe 150 millóns de euros para a dependencia, e prefire deixar a xente galega na estacada antes que reclamarlle ao señor Rajoy o que debe. Pero o máis grave, señor Feijóo, é que vostede non ten ningunha posición, nunca, de defensa de Galiza. Sempre ten unha escusa para esconderse: sobre Cataluña... pero podía ser calquera outra. E vostede ten unha responsabilidade porque estamos nun momento político excepcional, no que gústelle ou non a vostede, parézalle ou non o escenario no que se quería ver, hai un debate aberto sobre o modelo institucional do Estado. E nós o que queremos saber é, nese debate, que posición ten o señor Feijóo —se é que ten algunha—.

É evidente que hai un marco no que as nacións van ter un papel determinante, e vostede, por decisión dos galegos e das galegas —¡claro que si!—, preside unha nacionalidade histórica. Pero neste momento en que veremos que é o que pasa con Cataluña, pero que é evidente que o marco se vai mover, Euskadi xa deu un paso adiante e están dicindo que eles queren o seu recoñecemento como nación nun Estado confederal. Cataluña claro que exerceu xa o seu recoñecemento como nación e ten unha vontade clara. Pero a cuestión é vostede, que preside unha nacionalidade histórica, ¿que vai defender nese debate? ¿Galiza rexión? Díganolo, señor Feijóo, porque isto vai ser determinante...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...para o futuro, porque detrás dese recoñecemento vai ver como se blindo o poder político galego, e vostede parece que o quere é conducir a Galiza ao vagón de cola das rexións. E, desde logo, para iso non conte co BNG.

E xa lle digo, non sei quen reparte aquí carnés de galeguidade, véxoo a vostede todos os días dicíndonos que no Bloque non somos galegos.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ¿Non somos galegos os que estamos aquí? ¿Non representamos igual que vostede a galegos? ¿Sabe cal é a diferenza, señor Feijóo? (*Aplausos.*) Que vostede non respecta os galegos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que non pensan como vostede e que non lle dan a razón. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, xa estou acostumado a que vostede falsee as miñas declaracións nos medios de comunicación, ¡que máis dá que falsee tamén as miñas declaracións no Parlamento!

¿Desde cando eu dixen que os do BNG non son galegos? ¡Por suposto que son galegos! O que non podemos aceptar é que soamente sexan galegos os do BNG, porque se non só temos o 7 % de galegos, (*Aplausos.*) e iso non parece razoable. Hai moitos máis galegos que non son do BNG. A inmensa maioría dos galegos non somos do BNG. ¿Parécelle ben esa manifestación? Pois se lle parece ben, prosigamos.

Mire, señoría, eu non teño ningún complexo de inferioridade co resto nin con ningún pobo dos que conformamos España. Ningún complexo de inferioridade, pódollo asegurar. A historia do BNG é ir sempre detrás do nacionalismo catalán e vasco. ¿Acórdase de cando vostedes ían en coalición con Herri Batasuna? Esa é a vosa historia. ¿Acórdase de cando vostedes ían en coalición con Convergència i Unió e o PNV? Ese era outro momento da historia do BNG. ¿Acórdanse de cando agora van en coalición con Esquerra Republicana de Cataluña? Eses son momentos distintos do BNG.

Eu levo, en nove anos, catro portavoces do BNG, comprenderá que teño dificultades para orientarme. Pero, en todo caso, señoría, vostede está moi desorientada. Non gobernan os 11 deputados do Parlament de Catalunya a Cataluña. Non, o Parlament de Catalunya está disolto, señora Pontón. O que hai en Cataluña é unha convocatoria de eleccións. ¿Parécelle algo máis democrático que convocar eleccións nunha comunidade autónoma? ¿É que non lle gusta que haxa eleccións en Cataluña? ¿Que me propón a min? ¿Que me vaia a Bruxelas e que me exilie e que a metade do meu goberno estea no cárcere? ¿Esa é a proposta do BNG? ¿A que non, señora Pontón? (*Aplausos.*) ¡Por favor, deixemos de facer o ridículo, deixemos de facer o ridículo! O ridículo xa o fan vostedes cando van a Cataluña a facerse fotos cos independentistas... Por certo, ¿cando vostede fala con Junqueras non lle pregunta que opinan do AVE a Galicia aos de Esquerra Republicana de Cataluña? (*Murmurios.*) ¿E cando se fai fotos co PDeCAT tampouco opinan de por que consideran un dispendio que o AVE chegue a Galicia? Pero, señora Pontón,

¿como se deixa tomar o pelo desa forma como representante dos galegos? A nivel persoal faga o que considere oportuno, pero, ¡home!, como representante dos galegos non se deixe tomar o pelo polos independentistas cataláns.

¡Miren para o país! Señoría, en Galicia estamos crescendo, estamos creando emprego. En Galicia estamos facendo hospitais, en Galicia estamos finalizando o noso parque de centros de saúde. A Galicia vén máis xente que nunca. En Galicia, señorías, os maiores teñen unhas condicións bastante mellores e favorables que na maioría de España. En Galicia controlamos a débeda pública, somos quen de manter a nosa autonomía financeira e a nosa autonomía política. En Galicia, señoría, aos galegos nos gusta pagar as nosas facturas. Estamos abrindo novos sectores da economía; a industria do naval está mellor; a industria da automoción, por suposto, a industria aeroespacial, a industria farmacéutica... Señoría, en Galicia temos máis profesores por alumno que en Cataluña. En Galicia as taxas universitarias son moito máis baratas que en Cataluña. En Galicia seguimos presumindo da nosa cultura e en Galicia, señoría, recibimos máis xente que nunca.

¿Cal é o seu problema? ¿Cal é a súa crítica? ¿Que a Xunta non se adica ao folclore independentista? Pois non, señoría, aos galegos gústanos o noso folclore, non os folclores importados, como vostede se pode imaxinar. Négame a que os galegos sexamos os tontos útiles do independentismo catalán. (*Aplausos.*) Négame a iso, señoría.

Señoría, os independentistas cataláns non van utilizar a Galicia, xa lles chega con utilizar ao BNG.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego en relación coas políticas levadas a cabo en materia de emprego**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Señor Núñez Feijóo, coa crise quebrou o contrato social en que se basea a convivencia en España. Houbo demasiada xente abocada ao desemprego, sen esperanza. As portas do mercado laboral pecháronse para tanta mocidade que fixera un percorrido exemplar nos seus estudos, no seu traballo. Traballadores sen tacha foron despedidos e houbo demasiados autónomos ou pequenos e medianos empresarios que quebraron porque os seus clientes deixaron de pagarlles ou simplemente deixaron de comprarlles os seus produtos, os seus servizos.

E esta quebra, esta quebra laboral, esta quebra no emprego, aumentou a desigualdade e aumentou tamén a nosa sensibilidade en relación con ela. Deslexitimou o sistema político e fíxonos a todos extremadamente sensíbeis aos comportamentos deshonestos, inxustos, ao

favoritismo, ao despilfarro inxustificado desde a Administración pública. Acabou afectando tamén á solvencia da Administración, á súa capacidade fiscal e, por tanto, á capacidade para prover dos servizos básicos á poboación que os demanda.

Esta é unha síntese simple da crise económica, da crise social e da crise política que vivimos. España — como vostedes ben saben — tivo o segundo comportamento laboral peor de Europa despois de Grecia. Pero o que nos interesa, e polo que eu lle pregunto, é por que Galicia, desde a perspectiva do emprego, desde a perspectiva da ocupación, se comportou aínda peor que en España, e esa é a súa responsabilidade, señor Núñez Feijóo, porque vostede gobernou neses anos de crise en Galicia.

Voulle dar dous datos, sempre a partir da EPA. No terceiro trimestre do ano 2008 había 1.216.000 ocupados en Galicia, era case o 6 % do total español, o 5,92 %. Pero no mesmo trimestre do ano 2017 eramos tan só 1.072.000 ocupados, 134.000 ocupados menos e só o 5,6 % do total español.

Se o emprego en Galicia se comportara como en España, teríamos nestes momentos decenas de miles de empregos adicionais á disposición dos nosos parados, dos nosos xoves. E estamos comparando con España, hai o mesmo Goberno central, as mesmas políticas xerais, o mesmo contexto legal, económico, social e político. O que é diferente é que aquí está gobernando vostede, iso é o que nos diferencia.

Fíxese, ademais o diferencial agudizouse moi claramente desde o inicio da recuperación. No ano 2013 estabamos moi próximos a España e agora estamos a unha sensible distancia. Desde que empezou a recuperación, Galicia crea singularmente menos emprego que España. Estamos perdendo peso no contexto español, seguimos perdendo oportunidades de emprego en Galicia, e as súas políticas son especialmente nocivas para a mocidade. Temos 6 ocupados de menos de 35 anos de cada 10 que había ao inicio da crise. E estes ocupados por debaixo de 35 anos teñen ademais un emprego moitas veces precario, en malas condicións, con moi baixos salarios.

Non é sustentable esta situación. A situación da mocidade reduce as nosas posibilidades de crecemento futuro, introduce unha seria preocupación sobre a solvencia a longo prazo do noso sistema de pensións e, en xeral, do noso sistema de protección social. E mentres, vostedes están facendo menos do que deberían, están mirando para outro lado, porque teñen recursos para aplicar xustamente ao mercado de traballo e non o están facendo ben. Esa é a súa responsabilidade: un uso eficiente dos recursos públicos para permitir que a mocidade atope o emprego que necesita, para permitir que creemos emprego cando menos ao mesmo ritmo que en España, o cal nos permitiría estar substancialmente mellor.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Desa cuestión tamén lle falarei na miña réplica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, non lle diría que subscribo o seu diagnóstico, pero realmente o seu diagnóstico e o noso en relación coa crise e os efectos políticos, económicos e sociais é bastante coincidente.

Agora ben, recorda vostede a intervención que fixo hai uns días —creo que foi onte— o ex-gobernador do Banco de España, o señor Ordóñez, que os responsables eran sempre os demais, el non tiña ningunha responsabilidade. É máis, xa avisou de que había que pedir o rescate antes para non sufrir tanto coa crise económica.

Recórdame vostede iso porque, claro, vostede oculta que a herdanza que vostedes deixaron no ano 2009 era de 49.000 parados máis nun ano e 49.000 afiliados menos nun ano. Iso era moi complexo de solucionar. E por se iso non era suficiente, deixáronnos 2.500 millóns de euros de burato económico. Comprenderá que vostede me di: sempre está falando vostede do mesmo. É que eu teño que representar os galegos, que sufrimos esas consecuencias.

Polo tanto, señor Leiceaga, cando vostede colle cifras... Por certo, non son correctas. Revise vostede as cifras de afiliación do segundo trimestre do ano 2009, non sobrepasan 1.152.000 e vostede fala dun millón douscentos e pico... Dá igual, señor Leiceaga.

Mire, a EPA que acaba de saír neste momento dinos que temos a menor taxa de paro dende o ano 2009, señor Leiceaga. A EPA que vostede coñece di que temos a menor taxa de paro dende o ano 2009, o 14,5 %. A EPA que acaba de referir di que seguimos con dous puntos de diferenza en taxa de paro por debaixo que o resto de España.

A EPA que acaba de saír di que creamos preto de 90.000 postos de traballo netos, ocupados; exactamente 89.700. Iso é o que acaba de dicir a EPA que está publicada. Si, o número de ocupados segue a crecer e temos xa 89.700 máis dos que había dende o ano 2014.

Señoría, nós imos seguir traballando, por suposto. Di vostede que temos paro na mocidade. Ben, podemos falar diso na réplica. Bastante menos que en España, ¡bastante menos que en España! Pero o certo e verdade é que nós imos seguir traballando, ¿por que? Porque temos un obxectivo, que a taxa de paro se sitúe no 10 % e que esteamos creando uns 80.000-100.000 postos de traballo ata o ano 2020. Imos polo camiño axeitado e, de feito, levamos creados máis de 55.000 postos de traballo.

Polo tanto, señoría, nós imos seguir porque estamos crescendo no 3 %, que é un crecemento francamente óptimo, e porque seguimos plantexando propostas. Para que as empresas invistan en Galicia levamos máis de 1.000 proxectos nesta lexislatura, con máis de 130 millóns de euros, para que se siga innovando en Galicia. E levamos 1.600 millóns de euros captados ata o ano 2020, e, neste momento, 900 millóns mobilizados e 1.900 proxectos innovadores en marcha.

O primeiro coche autónomo, o primeiro polo tecnolóxico de avións non tripulados, a primeira incubadora dedicada a descubrir novos fármacos... Estamos traballando coa Axenda industrial 4.0 e levamos 4.200 empresas que están investindo en Galicia máis de 342 millóns de euros.

Nos autónomos temos unha estratexia. Sorpréndeme que vostedes non apoiaran a Lei de incentiación empresarial de Galicia. Vostedes saberán por que.

En investimento público somos a segunda comunidade autónoma con maior investimento público con cargo a presuposto, e acabamos de aprobar a oferta pública de emprego máis ambiciosa polo menos dos últimos quince anos: 14.700 postos de traballo ata o ano 2020.

Polo tanto, señoría, Galicia está mellorando substancialmente, e a herdanza que vostedes deixaron, señor Leiceaga, creo que non é unha herdanza para traer a colación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Como sempre, vostede pelexa contra muíños de vento en vez de dar unha explicación ao que eu lle pregunto. E a miña pregunta é ben simple: ¿por que o noso comportamento en materia de emprego, de ocupación, é substancialmente peor que en España desde o ano 2009 ata agora, e singularmente a partir da recuperación económica? ¿Que sucede na Galicia minguante que vostede goberna para que as oportunidades de emprego para a mocidade en Galicia sexan tamén substancialmente peores que en España e esteamos perdendo emprego por debaixo dos 35 anos, incluso, e sobre todo, desde a recuperación económica?

Iso é o que ten que explicarme, non virme falar de cousas que sucederon hai dez anos. Porque a Xunta de Galicia ten recursos financeiros para esta materia e, por tanto, ten tamén responsabilidades políticas neste tema, e iso é o que eu lle exixo nesta pregunta. Recursos que non usa coa dilixencia debida, coa eficacia desexada, e responsabilidades que non asume. Xa lle dixen algunha vez que o seu conselleiro, o señor Conde, ten algún problema, algunha dificultade, xustamente con isto.

Mire este gráfico. É o gasto efectivo por parado desde que vostede está gobernando. Empezaron con 2 euros por parado xustamente na función de emprego, e agora están en menos de 0,5 nos últimos anos. E non é porque non teñan recursos, ¡claro que teñen moitos máis recursos!, pero os recursos non os utilizan, jese é o grave problema! Emprego baixo mínimos e recursos sen gastar que poñen ademais outras administracións, porque veñen de fóra, nunha xestión absolutamente deficiente. Ese é o seu resumo, señor Núñez Feijóo.

Fíxese, ¿sabe que no ano 2016, na subfunción 323, Formación para o emprego, deixou sen executar máis do 70 % dos créditos de formación profesional para ocupados? ¿Sabe que en obrigas recoñecidas neste mesmo ano, a 30 de setembro, en Fomento de empregabilidade só teñen un 23 %, en Fomento de emprego un 28 % e, por exemplo, na Mellora da cualificación para o emprego un 0,8 % de execución? Non un 8 %, ¡un 0,8 % de execución!

É o que ten que explicar, son os seus recursos, é a súa execución, é a súa responsabilidade e eses son os resultados. Resultados en materia de emprego, e singularmente en materia de emprego para a mocidade, substancialmente peores que en España. Menos emprego para a mocidade desde que empezou a recuperación e recursos sen gastar.

¿Que balance fai da iniciativa de garantía xuvenil que vostedes tiveron durante todos estes anos? Iso é o que ten que dicirme. ¿Que ten previsto para resolver este problema? O seu conselleiro non sabe ou non pode facelo, polo tanto, vostede debería ser perfectamente consciente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...do que ten que facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señor Leiceaga, escoitándoo a vostede e escoitándome a min os galegos están nun pequeno lío, porque ¡entre o que vostede di e a realidade...! Eu non vou dar datos que me invente, nin collo unha estatística sen concretar se eses fondos se incorporan ao exercicio seguinte, que é o que acaba de facer vostede, ¡alá vostede, señor Leiceaga! Vostede ten que elixir se quere ser o Fernández Ordóñez aquí. Eu xa lle digo que non. Non me gusta ese gobernador do Banco de España que nos tomou o pelo a todos os galegos e a todos os españois.

Hoxe temos menos paro rexistrado que no ano 2016, 15, 14, 13, 12, 11, 10 e 9, ¿si ou non? Si. Hoxe temos máis afiliados á Seguridade Social que nos anos 2016, 15, 14, 13, 12 e 11, ¿si ou non? Si. Polo tanto, señoría, levamos tres lexislaturas e hoxe teño menos paro que cando os galegos me votaron por primeira vez. (*O señor Fernández Leiceaga fai acenos indicando que non.*) Si, señor Leiceaga, xa sei que vostede di que non. É que non lle gusta o dato.

E temos máis exportacións que nunca, señor Leiceaga, e en consecuencia temos unha economía máis competitiva que nunca, señor Leiceaga. ¿De verdade que vostede non vai felicitarse os galegos por ter unha economía máis competitiva que nunca, porque exportamos máis que nunca?

Señor Leiceaga, bote ben as contas. Somos a segunda comunidade autónoma que máis investiu en programas de desemprego no ano 2017, só por detrás de Andalucía. Andalucía 273 millóns, Galicia 256. ¿Por que non conta este dato?

Temos todas as axudas convocadas. O 80 % do crédito vixente está comprometido ou autorizado. ¿Por que non conta este dato, señor Leiceaga?

¿Por que non conta o dato á Cámara de que dende o ano 2014 incrementamos as políticas activas de emprego nun 37 %? ¿Por que non conta este dato?

¿E por que lle oculta á Cámara, dicíndolle o do emprego da mocidade, que en España o 36 % da mocidade está en paro e en Galicia o 32,6 %? ¿E por que lle oculta á mocidade, por exemplo, que no ano 2016 Galicia foi unha das comunidades autónomas onde menos xoves saíron da comunidade, fronte á media de España? ¿Sabe cando saíron máis xoves da comunidade, señor Leiceaga? Cando vostedes gobernaban, no ano 2007. E dende o ano 2009 ao ano 2016 o saldo entre mozos que saen e mozos que entran é positivo para Galicia. Polo tanto, señoría, creo que debemos ser un pouco máis respectuosos coas cifras, porque ademais vostede as coñece, e coñéceas ben.

Fala vostede de poboación activa e de activos. Sabe vostede, señoría, que nos maiores de 30 a 60 anos temos 100.000 activos máis agora que no ano 2009. ¿ Ese dato por que non o dá? ¿Non lle interesa dar ese dato?

Señoría, ¿que é o que estamos dicindo? Que temos menos paro que cando chegamos ao Goberno, a pesar de que vostedes nos deixaron 50.000 parados máis só nun ano. E que temos máis afiliacións á Seguridade Social, a pesar de que a nosa poboación é descendente, que no ano 2011.

Mire, señoría, eu non vou facer o que facían os seus colegas. ¿Nós imos aprobar un novo plan de emprego xuvenil? A resposta é que si. ¿Imos investir entre 50 e 60 millóns de euros entre o ano 2018 e o ano 2020? Esa é a nosa proposta. ¿Podemos discutilo na Cámara? Podemos. ¿Podemos falar cos sindicatos? Debemos. Imos plantexalo.

Nós non imos darnos por satisfeitos con esta situación. Galicia crece e Galicia crea emprego. Non direi eu o que dicían vostedes, recordará aquilo de que estabamos na Liga das estrelas, na *Champions League*. Non, non. Nós non estamos na Liga das estrelas nin na *Champions League*. A nós gústanos moitísimo máis o de «*Hai que roelo*» do Pontevedra.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Nós seguimos en «*Hai que roelo*», señor Leiceaga.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitarlle á poboación unha situación como a padecida o domingo 15 de outubro de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea. Cando queira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, ¿por canto tempo máis manterá vostede nos seus postos os responsables do abandono do medio rural sufrido polo noso país, e particularmente do abandono que sufriu a poboación de Galicia durante a vaga de lumes da fin de semana, especialmente durante o domingo negro?

Onte tivemos un debate nesta Cámara, nese debate vostede ofreceu un grande acordo de país que nós acollemos positivamente na medida en que desexabamos e desexamos chegar a acordos que permitan, para hoxe e para mañá, solucións de futuro para a ordenación integral do territorio.

Tamén lle dixemos que iso requiría andar tres pasos. En primeiro lugar, a existencia de responsabilidades políticas a aqueles directamente implicados nas realizadas ata agora, responsables, polo tanto, dese abandono. Nós pensabamos e pensamos que cos mesmos políticos non se poden facer políticas distintas e cos mesmos técnicos non se poden facer técnicas distintas. Polo tanto, era necesario. Xa sabemos que non cesará os seus conselleiros, pero si polo menos en rango de directores xerais debería vostede replantexarse que con eses políticos non se poden facer políticas distintas.

En segundo lugar, pedimos a creación dunha comisión especial de estudo na que puidesen concorrer expertos independentes que diagnosticasen causas, establecesen consecuencias e formulasen políticas alternativas onde debater as propostas de todos os grupos políticos e onde poder propoñer e debater con eses expertos independentes.

E, en terceiro lugar, reclamabamos a partir de aí un gran pacto nacional polo territorio que abranguese de forma decidida o cambio climático, a ordenación do territorio, a política forestal, a política agrogandeira e, por suposto, un rural vivo para o noso país.

En relación co segundo dos pasos, vostede anunciou onte a súa disposición a crear unha comisión especial de investigación e estudo para este tema, cousa que nós agradecemos, e o Partido Socialista e o propio Grupo de En marea rexistramos onte de novo esa comisión para que desta volta, e sen máis demoras, poidamos poñer a andar ese grupo de traballo onde todos poidamos encontrarnos e discutir, tanto das súas propostas en relación coa oferta de pacto de país como daquelas outras que nós teñamos a ben complementar.

Con relación a esas medidas propostas por vostedes, as 30 medidas, queríamos facerlle tres observacións. A primeira delas é que, das 30 medidas, 16 xa se encontran recollidas na lei vixente e non supoñen ningún tipo de innovación. É simplemente recoller a lei vixente.



En segundo lugar, existe un recoñecemento de que hai normas que se derogaron, ou medidas que se derogaron, anteriores ao 2009, en concreto tres, que se recuperan. Despois hai 6 onde se rectifica diametralmente a política realizada ata agora, e unicamente hai 5 que son novidasas.

Nós vemos aquí case unha emenda á totalidade —por non dicir á totalidade— da súa política, nomeadamente no forestal e no agrogandeiro, ata este momento. Tamén algo nas actuacións de emerxencias, pero sobre todo nesas dúas medidas. E a pregunta que nos facemos é: ¿non lle parece raro que vostede veña aquí onte á Cámara a presentarnos un pacto no que, das 30 medidas, a maioría delas constitúen xa lei vixente? ¿Non lle parece raro que quen lle preparou esas medidas —nomeadamente o señor Fernández Couto— se limitara única e exclusivamente a recoller leis aprobadas por este Parlamento ou decretos aprobados pola Xunta de Galicia que non se están cumprindo a día de hoxe e que moitas delas non se chegaron a cumprir nunca?

¿Quen é responsable do cumprimento das leis, señor presidente? A Xunta de Galicia, como destinataria das normas do Parlamento para facer cumprir esas normas non o estaba facendo. ¿Por que? ¿Quen é responsable de que a maioría desas medidas non estean xa implantadas no día de hoxe? ¿Non lle parece que sería razoable cesar os responsables das políticas concretas que levaron á non execución das medidas aprobadas por este Parlamento e pola propia Xunta de Galicia? ¿Non cre que é momento xa de cesar os que foron responsables políticos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...e que están facéndoo incorrer unha vez máis na pouca credibilidade das afirmacións do Goberno galego en relación con ese pacto?

¿Non é necesario xa cesar os directores xerais que ocasionaron o abandono que provocou a situación desta fin de semana?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, non lle oculto que non sei moi ben de que me fala vostede. Si sei que me fala dos lumes, por suposto, pero non sei exactamente cal é a proposta. Pero o importante é que En Marea participe nesa comisión, porque aí é onde vostedes van concretar as súas receitas para solucionar este asunto, a súa pedra filosofal. Por certo, en ningún sitio de momento experimentada, pero nesa comisión imos escoitalo con moito interese.

Fala vostede de que, de todas esas medidas, 16 xa están, e simultaneamente dime que as medidas de onte son unha emenda á totalidade do que facemos. ¡Home!, se xa están, unha emenda á totalidade é unha certa contradición.

Dime vostede por que non se cumpren algunhas das medidas que concretan as leis. Pero ¿de verdade, señor Villares, que vostede non o sabe? Onte expliqueino. Primeiro, porque os galegos —no que se refire ás franxas dos núcleos rurais— non cumprimos esa obriga. En segundo lugar, porque os concellos, que son os responsables de cumprir e de facer cumprir esa obriga, din que non teñen capacidade para facelo. E en terceiro lugar, porque a Xunta de Galicia, incumprindo os concellos e incumprindo os cidadáns, vémonos absolutamente desbordados para poder cumprir unha lei cuxos cumpridores non a están a executar.

Polo tanto, ¿que é o que plantexamos? Algo bastante razoable. En primeiro lugar, ¿imos ter brigadas en todos os concellos, ou os concellos van seguir voluntariamente negándose a ter brigadas antiincendios? É dicir, ¿vostede pódese comprometer a que os concellos de En Marea teñan brigada contra os lumes forestais?, ¿si ou non? Eu téñome que comprometer a que os concellos do PP a teñan. Iso sería un grande avance.

Segundo. ¿Vostede pódese comprometer a que os concellos de En Marea notifiquen aos propietarios a obriga de facer a limpeza nas franxas que circunvalan os núcleos rurais? Iso sería un segundo grande avance.

Señor Leiceaga, ¿vostede vaise comprometer, igual que nós, a falar..., perdón, señor Villares, ¿vostede vaise comprometer igual que nós a sinalar co dedo os incendiarios? É que onté nin unha soa palabra sobre os incendiarios, señor Villares, salvo a reprimenda de vostede ao fiscal xeral de Galicia. Ningún plantexamento dos incendiarios.

Entón, ¿que é o que temos que facer? Onte debuxamos 30 medidas. Eu o que lle propoño a vostede é que, dado que o prazo de emendas vai finalizar o día 14 ou 15 de novembro —creo recordar—, é dicir, dentro dunha semana, aquelas propostas nas que xa vostedes estean de acordo as presenten como emendas á Lei de medidas fiscais. Nós, dende logo, imos presentar algunha proposta adicional. ¿Para que? Para que estea funcionando a partir do 1 de xaneiro do ano 2018. Creo que ten vostede unha grande oportunidade.

Podemos empezar a discutir de forma inmediata, xa; é dicir, a próxima semana. Se nos poñemos de acordo nas medidas que imos implementar, e parece que vostede está de acordo coas propostas da Lei de medidas fiscais, pois xa imos avanzando.

Polo tanto, señor Villares, siga vostede avanzando, non teña ningún problema, siga mantendo o seu criterio de onté. O criterio é ter criterio sobre as cousas, señor Villares. Vostede pode ser útil como deputado o tempo que lle quede, eu vou intentalo tamén, ser útil. E ser útil significa que do mesmo xeito que é inconcibible que alguén vaia sen carné de conducir por unha autoestrada galega, é inconcibible que alguén non cumpra as súas obrigas como propietario. E do mesmo xeito que son implacables as forzas e corpos de seguridade do Estado con aquel que fai un hurto, un roubo, ou con aquel que vai sen carné de conducir por unha estrada, temos que ser implacables con aqueles que non cumprimos as nosas obrigas como propietarios de fincas nos núcleos rurais. ¿Parécelle unha proposta axeitada?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Con independencia do que ocorra, nós estamos dispostos a isto. Eu creo que En Marea debería estar disposto tamén. Ese sería un grande avance, señor Villares.

E sobre os cesamentos e non cesamentos, ¿vostede cre que sería lóxico que da vaga de lumes de 48 horas fixeramos responsables ás persoas que traballaron durante os últimos nove anos? ¿Verdade que sería o máis fácil?

Señor Villares, ¿vostede apúntase ao máis fácil ou ao máis difícil?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Pregunta vostede a que cousas nos podemos comprometer. Pregúntolle eu a vostede, ¿pódese vostede comprometer a cumprir a lei? ¿Falle falta vir aquí, a esta Cámara, a ofrecernos un pacto para cumprir a lei? ¿Que pasa se non quixeramos ese pacto? ¿Non ía vostede cumprir a lei? ¿A súa posición é esa? ¿Iso é o que vostede resolve do día de onte? ¿Que se nós non quixésemos ese grande acordo, vostede vai adoptar, como consecuencia, non cumprir a lei, non cumprir os decretos aprobados pola Xunta?

Mire, das 30 medidas, colaboración-Xunta-concellos —novidade, ¿non?—, previsto na Lei de prevención de defensa contra os incendios, artigo 59.

Medida 5: facilidades para actuar nas parcelas de titularidade descoñecida. Previsto no artigo 12 da Lei de mobilidade de terras e tamén conveniado coa Administración xeral do Estado.

Medida 6: incorporación cautelar ao Banco de Terras. Artigo 12 da Lei de mobilidade de terras e conveniado coa Administración xeral do Estado en 2013.

Medida 7: incorporación cautelar ao Banco de Terras. Previsto no artigo 27 da Lei de mobilidade de terras e no artigo 28.2.

Medida 8: mobilización das terras abandonadas. Previsto na Metaga, na Lei de mellora da estrutura territorial, do ano 2015, e na Lei de mobilidade de terras.

Medida 9: faixas de protección. Prevista no artigo 20 bis da Lei de protección contra os incendios.

Medida 10: obriga da xestión da biomasa. Prevista no artigo 16 da Lei de incendios.

Medida 13: campaña de difusión nos medios de comunicación das novas medidas. Previsto no Pladiga.

Medida 14: campaña de sensibilización na educación obrigatoria. Prevista no Pladiga. Por certo, aquí, entre outras, presentamos nós unha proposición non de lei porque no último ano se estaban reducindo o número de centros e o número de escolares que recibían isto, e votárono en contra.

Medida 15: participación dos grupos parlamentarios na redacción do Plan forestal. Previsto xa no grupo de traballo da Xunta de Galicia en 2015.

Medida 16: impulsar os plans de ordenación nos 19 distritos forestais. Previsto xa no artigo 74 da Lei 7/2012, de montes de Galicia e no artigo 15 da Lei 3/2007, de incendios.

Medida 17: axudas para que todos os montes dispoñan en 2019 dun instrumento de ordenación. Contemplado xa, con axudas, na Lei de montes veciñais en man común de 1989.

Medida 19: seguir avanzando na reestruturación parcelaria. Previsto xa no decreto de 1998, na Lei de concentración parcelaria do ano 2001 e na Metaga do 2015.

Medida 20: redución do papelame necesario para as actuacións de corta. Previsto xa na Lei de emprendemento do ano 2017.

E así todo, así todo. Isto é o que hai. ¿Vai vostede comprometerse a cumprir a lei vixente?, ¿si ou non?

Cando lle redactan estas medidas, se llas redacta Fernández Couto, Fernández Couto é o responsable da execución ou non execución da normativa da Xunta de Galicia, particularmente en todas as que acabo de sinalar. Este señor é o responsable de que ata agora a Xunta non cumprise coa lei. ¿Vostede respalda os técnicos da súa Administración, a súa alta dirección de Administración, que se está encargando especificamente de non cumprir a lei?

Señor presidente, con rigor e con honestidade pedímoslle que reflexione sobre isto. Investigue cantas destas medidas se podían ter xa aplicado, porque están vixentes. Investigue quen foi a persoa responsable da Xunta de Galicia de que isto non se cumprira ata agora. Investigue —porque estou seguro de que seguramente non o sabía— por que lle ocultaron este incumprimento.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Por que o señor Fernández Couto lle ocultou este incumprimento e por que lle fixo pasar como grandes medidas dun pacto o que era simplemente cumprir a lei

¿Está vostede en condicións de facer cumprir esa lei e, polo tanto, de cesar a quen estivo evitando cumprir a lei durante estes anos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, señor Villares, ¿de verdade que vostede non le a totalidade dos artigos dunha lei?, ¿só o enunciado?

¿Vostede sabe quen é o responsable de limpar as fincas, señor Villares? ¿Quen é o responsable de limpar as fincas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. (*Risos.*) ¿Quen é o responsable de limpar as fincas? Os propietarios, señor Villares.

¿Vostede sabe quen é o responsable, no caso de que os propietarios non limpen as franxas de protección dos núcleos rurais, de facer cumprir e, se non, de cumprir subsidiariamente? Os concellos.

Vostede acaba de imputar a todos os galegos e a todos os concellos o incumprimento da lei e di que eu son o responsable de que os galegos e os concellos non cumbran a lei.

Señor Leiceaga, eu non administro xustiza. Perdón, señor Leiceaga, de verdade que o sinto. (*Risos.*) Señor Villares, eu non administro xustiza. Vostede, que estaba acostumado, vén aquí dicirle ao poder Lexislativo e ao presidente do Goberno: ¡joia!, vostede é o responsable de que os propietarios non limpemos as fincas.

Bueno, ¡alá vostede! É unha forma moi interesante de aprender Dereito con vostede. (*Risos.*) A verdade é que prefiro aprender Dereito doutra forma.

Mire, ¿é novidoso adicar 12 millóns de euros a empregos no rural, e especificamente unha parte dos obradoiros de emprego, exclusivamente a empregos forestais? É novidoso.

Cando as leis teñen dificultades, ¿como entramos nun predio abandonado ou con titular descoñecido? (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, o Convenio da Administración xeral do Estado do 2013 di que hai que iniciar un procedemento, e ata que finalice o procedemento non o podemos ocupar. (*Murmurios.*) Pero, señor Villares, ¿de verdade que vostede non leu o Convenio do ano 2013? (*Murmurios.*)

Polo tanto, imos modificar a lei, espero o seu voto favorable. ¿Para que? Para que, se hai algún solar de propietario descoñecido, iniciamos o procedemento de investigación e automaticamente, antes de finalizar o procedemento, vaise ao Banco de Terras. ¿Está vostede de acordo? Bueno, xa imos avanzando. Xa ve como a medida que imos falando imos avanzando.

¿Verdade que é novidoso que traíamos aquí e revisemos o Plan forestal? Levaba moitísimo tempo sen revisar. ¿Verdade que é novidoso facer un plan de ordenación por cada un dos 19 distritos? Ninguén o fixo. ¿Verdade que é novidoso exixirle á xente que no ano 2020 —e incentivar— teña tamén un plan de explotación do seu propio monte? ¿Verdade, señoría, que é novidoso, por exemplo, insistir nas concentracións parcelarias?

Mire, en toda a historia da comunidade autónoma concentráronse 366.000 hectáreas. ¡En toda a historia! ¿Sabe canto imos concentrar nós ao final da lexislatura? 116.000. Un terzo, en catro anos, de todo o que fixo Galicia en corenta. ¿Verdade que iso é novidoso?

Pero, ¡claro que é novidoso facer unha Axencia galega de industria forestal! Vai ser novidoso modificar o decreto das Sofor para que entre investimento.

¿Verdade que é novidoso, e ninguén o fixo en España, facer rebaixas fiscais, impostos cero no rural? Ningunha Administración en España —e, por certo, ningún concello de En Marea— fixo unha modificación dos impostos no rural. Ningún concello de En Marea.

¿Verdade que é novidoso, señoría, insistir na criminalidade dos lumes? Vostede non está de acordo. ¡Mire que gran diferenza! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Claro que está no Código penal. E o delito de terrorismo tiven que lelo onte. No delito de terrorismo entran os lumes, e ademais non é necesaria unha trama nin unha organización. Calquera que prenda de forma tendenciosa pegado ás casas, pode... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, esa é a súa vontade, señoría. Xa sei que vostede non acusa...,

**O señor PRESIDENTE:** Non dialoguen, non dialoguen.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...simplemente acusa ao poder Lexislativo. Vostede nunca acusa a ninguén e acaba de dicir que todos incumprimos as leis.

Señor Villares, non se preocupe vostede, onte estaba no certo, non cambie de opinión tan rápido. Non importa o que lle digan, non se someta a consideración internas. Vostede é o portavoz do grupo, e como portavoz do grupo deu a súa palabra de participar nesa comisión. Espero que participe para aportar, que non participe para destrozarmos a comisión.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Imos ter tempo diso, pero facer equipos forestais de investigación, equipos de vixilancia de incumprimento, poñer nas torretas de Retegal cámaras suficientes para poder saber onde empeza o lume e incluso avistar a un incendiario, ¿verdade que iso é interesante? ¿Verdade que nos preguntamos por que dende o ano 2017 levamos postas a disposición xudicial 177 persoas e só están na cadea 3? ¿Verdade que as forzas e corpos de seguridade do Estado, que queren que se cumpran as leis, están cando menos sorprendidas de que, despois de poñer á disposición 177 persoas, só 3 están na cadea, e incluso hai grupos que din que iso é unha cortina de fume do PP? ¿Verdade que iso é un pouco triste?

Señor Villares, cumpramos as leis, cada un na medida das súas responsabilidades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos coa orde do día.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación**

## **co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 18655))*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre San Rafael S.L., no concello de Touro.*

*1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.*

*2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.*

*3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.*

*4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.*

*5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.*

6. *Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.*
7. *Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.*
8. *Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.*
9. *Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.*
10. *Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.*
11. *Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.*
12. *Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.*
13. *Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.*
14. *Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.*
15. *Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.*
16. *Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.*
17. *Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.*
18. *Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.*
19. *Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.*
20. *Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.*



21. *Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.*

22. *Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).*

23. *Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.*

24. *Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Estaría ben que quedaran os señores conselleiros, porque o tema que imos tratar é de máxima importancia.

**O señor PRESIDENTE:** Pero isto é libre, isto xa sabe que é libre. (Risos.)

Imos esperar a ver que...

Cando queira, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Si, estaría ben que quedaran, porque nos estamos a xogar o futuro ecolóxico de Galicia.

Imos falar neste Pleno dun asunto da máxima importancia — como xa dixen —, que podería condicionar o futuro ecolóxico, ambiental e socioeconómico dunha gran parte do territorio de Galicia.

Presentamos esta iniciativa sobre a mina de cobre de Touro e O Pino para intentar parar o procedemento de autorización pola Dirección Xeral de Minas.

Xa sei que o que me vai contestar o Grupo Popular é que se van axustar a cumprir a lei. Polo menos ata hai uns minutos, que o señor presidente dixo que a Xunta de Galicia non é responsable de que se faga cumprir a lei. Iso entendín. Ao mellor, como estou alá arriba, entendín mal.

A verdade é que seguro que van incidir en que vostedes van cumprir e facer cumprir a lei, pero permítanme que pense que iso é indiciariamente dubidoso. E son xeneroso na apreciación, creo. ¿E por que penso isto?

Onte, na Comisión anticorrupción do Congreso dos Deputados, a preguntas de Carolina Bes-cansa, o inspector xefe da UDEF contestou o seguinte: ¿Quen recibía os pagos da caixa B do Partido Popular que manexaba o tesoureiro Luís Bárcenas? ¿Atopábase o señor Trillo? Si. ¿Álvarez Cascos? Indiciariamente si. ¿Rajoy? Indiciariamente si cobró. ¿O conxunto dos se-cretarios xerais do Partido Popular? Indiciariamente si. E continuou: É unha organización que operou durante moito tempo, que calou ata niveis moi profundos en administracións públicas, ata chegar a parasitalas e absorber a capacidade que ten un responsable político para adxudicar e xestionar fondos públicos. Orientaban esa opción, que ten un responsable político, en beneficio persoal. É dicir, o concepto de corrupción en estado puro.

E non invento nada, ¡eh!, isto está recollido tal cal no *Diario de Sesións* do Congreso. Por iso creo que como mínimo está xustificada a afirmación de que é indiciariamente dubidoso que vaian cumprir e facer cumprir a lei neste caso, salvo que xa non sexa —como dixo o presi-dente— atribución da Xunta de Galicia facer cumprir a lei.

O Grupo Socialista presenta unha exhaustiva e moi ben documentada emenda, na que enu-mera todas as accións que a propietaria dos dereitos mineiros debería executar para que a explotación cumprise a lei e non afectase de maneira catastrófica os concellos de Touro e O Pino, a conca do río Ulla e, por último, a ría de Arousa.

Pero isto, tamén indiciariamente, non vai suceder. ¿E sabe por que, señor Losada, que sei que desenvolveu vostede a emenda, que a verdade é que é moi solvente e moi completa? Simplemente porque cumprir a lei e todas as accións que vostede menciona farían que o xa-mento non fose rendible. Por iso sabemos que non van cumprir ningunha desas accións que vostedes propoñen.

Por iso indiciariamente pensamos que non se van cumprir as condicións legais da explota-ción, e as consecuencias ambientais serán gravísimas e condicionarán toda a vida futura nas zonas xa mencionadas.

Por iso exiximos que se paralice o proceso de autorización. Nesta liña poderíamos estar de acordo co punto 1 da emenda do Partido Socialista de Galicia.

En resumo, que antes de comezar a tramitación da autorización de explotación da nova mina se restauren todos os danos producidos pola antiga mina de Riotinto. Pero como condición suspensiva, non como primeira condición da nova autorización, que é o que vostede indica. É dicir, restauren todo o contaminado, e despois xa se poderían iniciar os trámites para unha nova concesión.

A anterior mina de Riotinto pechouse no ano 1986, e seino moi ben porque traballei alí algún tempo. En 31 anos non se executaron os traballos comprometidos de restauración, máis ben ao contrario, como reflicten diversas denuncias e a investigación posta en marcha pola de-fensora do pobo, Soledad Becerril.

Desde que Riotinto Minera decidiu pechar a mina en 1986, as xestións hidrolóxicas para evi-tar as escorrentías cara aos ríos da zona foron inexistentes, producíndose actuacións polos

sucesivos tenedores dos dereitos mineiros desta zona que mesmo deterioraron máis a situación ambiental. Un feito moi grave produciuse cando Explotacións Galegas —a actual tenedora dos dereitos— tapou parte das bolsas existentes, o que derivou en escorrentías cara aos ríos de toda a zona.

Por todo iso, lamentándoo, non poderemos aceptar a emenda do Grupo Socialista.

Explotacións Galegas firmou recentemente unha opción de compra polo 90 % da propiedade dos dereitos mineiros de Touro e O Pino —con posibilidade de chegar ao 100 %— coa mineira Atalaya Mining. Atalaya Mining —aquí temos o informe que presentaron na Bolsa de Londres sobre este proxecto— foi sancionada no 2016, xa no primeiro ano de explotación, pola Junta de Andalucía por catro faltas graves por incumprimento da autorización ambiental nas minas de cobre de Riotinto, en Huelva; e denunciada pola Fiscalía andaluza en 2017 polas mesmas causas. Ao parecer, producíronse excesos de partículas en suspensión polo transporte de entullos, polas voaduras e a circulación de camións en condicións inadecuadas, que non respondían axeitadamente á autorización ambiental concedida no seu momento. Asemade, incumpríronse as normas de seguridade e os requisitos técnicos na construción das entulleiras, así como se superaron ata dez veces os valores medios de cobre, cinc e arsénico nas poboacións próximas en relación con outros lugares non afectados pola actividade mineira. E isto non son inventos, isto está na denuncia da Fiscalía de Medio Ambiente de Andalucía.

Como consecuencia destas denuncias, a Junta de Andalucía, como autoridade mineira competente, decretou a paralización temporal dos traballos de vertedura de lodos nas presas da mina de Riotinto. Esta medida foi adoptada tras constatar que non se está respectando o proxecto de explotación que no seu momento foi proposto pola propia empresa, a mesma empresa que agora quere explotar a mina de Touro.

Con estes antecedentes, ¿de verdade alguén pensa que aquí se ían cumprir? Seguro que o Grupo Popular nos vai chamar catastrofistas —como fan sempre nestes casos—. Pero, se queren comprobar unha catástrofe, vaian a Huelva e contemplan o que está a pasar alí desde a explotación ata o mar —que aquí o mar sería a ría de Arousa—. Non podemos consentir que suceda o mesmo aquí, desde Touro ata a ría de Arousa.

Non imos relatar nesta proposta todas as dramáticas consecuencias da futura explotación —xa o faremos en próximas iniciativas— se non acceden a paralizar o procedemento, como solicitamos nesta proposta.

Tamén dirán que isto non é un proxecto de megaminería a ceo aberto, como xa non hai practicamente ningún en toda Europa. Son catro buracos de nada —estase a dicir por alí, por Touro—. Pois voulles dar uns datos. A anterior mina de Río Tinto en Touro —que xa era unha gran explotación— explotaba unha zona de 250 hectáreas. O proxecto actual xa prevé a actuación en case 700 hectáreas. Pero Atalaya Mining —coma sempre, temos que ir á Bolsa de Londres, como xa fixemos con Ferroatlántica— neste vistoso documento titulado *A low risk copper producer in Europe* di textualmente —páreceme que é na páxina 7— que a superficie explotable podería chegar aos 122,7 quilómetros cadrados, verdadeiramente unha explosión de entusiasmo depredador. Por se alguén quere comparar, 122,7 quilómetros

cadrados é un 30 % máis que toda a extensión do concello da Coruña, desde a torre de Hércules ata A Pasaxe, e desde a torre de Hércules ata Arteixo. Como se ve, de megaminería, nada. E o *low risk* xa se ve na foto que presentaron na Bolsa de Londres.

E falarannos tamén dos centos de postos de traballo, que despois, coma sempre, quedarán no 10 % —xa pasou coas estruturas para enerxías renovables en Navantia, que ían crear 3.000 postos de traballo e nunca pasaron de 300—, ou dos miles de postos de traballo indirectos, sempre calculados a ollo de bo cubeiro. A realidade que habería que avaliar son os miles de postos de traballo que poderían destruírse nas explotacións agrogandeiras, nas posibilidades turísticas dos concellos de Touro e do Pino, atravesados por miles de peregrinos do Camiño de Santiago, que transcorre polos ditos concellos e que quedaría ao lado dos muros das entulleiras —algúns deles de máis de oitenta metros de altura—. E todo iso sen contar coas posibles afectacións na cunca do Ulla e na ría de Arousa.

Por último, queremos saudar os veciños de Touro e do Pino que nos acompañan hoxe e rogarlles, por favor, aos señores e ás señoras membros do Grupo Popular que non se repitan as lamentables declaracións en comisión do director xeral de Minas, o señor Tahoces, que a pasada semana cualificou de «algaradas» as lexítimas mobilizacións que está a desenvolver a cidadanía dos concellos afectados.

Por todo o exposto, o Grupo de En Marea solicita que a tramitación do proxecto quede paralizada mentres non se solucionen os problemas medioambientais actuais como requisito previo mínimo. Non debería retomarse ningunha actuación mineira sen restaurar o dano causado con anterioridade, hai xa trinta e un anos.

E, por todo iso, o Parlamento galego debe instar a Xunta de Galicia a impedir a reapertura e nova explotación do proxecto mineiro de cobre na mina San Rafael, nos concellos de Touro e do Pino.

Esperamos que así sexa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas.

Bos días, señor presidente e señores deputados.

Quería saudar tamén os membros da plataforma de Touro e do Pino en contra da nova explotación da mina.

O sector da minería é probablemente o sector que vincula dunha maneira máis directa iso que sería o patriotismo económico e o propio emprego. Digo patriotismo económico e com-

promiso de país porque é evidente que os efectos medioambientais de calquera explotación mineira, independentemente da secuencia da explotación e da recuperación do territorio, pois están aí. Os cidadáns veno e, en moitos casos, padéceno.

E eu quero enmarcar isto na política xeral do Partido Popular en Galicia e en España. E a verdade é que case sempre é unha sorte intervir despois das preguntas ao presidente, porque permite aproximacións metodolóxicas novidosas.

Claro, cando se fala de patriotismo, están falando daquela frase do ministro Montoro, o de «*que nos rescaten, que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*», unha proba flagrante de patriotismo español que enche, sen ningunha dúbida, as bocas do Partido Popular en Galicia e en España.

Falan de emprego, e, como os datos que deu o señor Feijóo —e ten moito que ver coa minearía— foi no turno de peche e non tivemos oportunidade de discutilos, deume a sensación de que había algunha perplexidade en termos de coñecemento por parte dalgúns membros do Grupo Popular. A última EPA do último ano di que os ocupados medraron en España un 2,8 % e en Galicia un 1,4 %, a metade. Pódese interpretar, podemos aplicar a primeira derivada por un proceso de cálculo alxebraico, pero é a metade o crecemento da ocupación. E exactamente igual no caso dos afiliados á Seguridade Social desde outubro de 2017 a outubro de 2016.

Polo tanto, este patriotismo económico e estas creacións de emprego absolutamente ficticias son propias da posverdade, a mesma posverdade da que falaba hoxe o señor Aznar nunha emisora de radio na que dixo que non coñecía de nada o señor Correa. Agora xa entendín o que significa a *open society* da dereita europea e mundial. Significa invitar á voda das fillas nunha convocatoria pública no diario *A Razón* e que vaia calquera, coñecidos e descoñecidos. (*Aplausos.*)

Entón, neste contexto de medias verdades e medias mentiras, de armas de engano masivo á poboación, engano absolutamente indecente á poboación, pois lamentablemente é onde nos movemos. Movémonos nunha lei aprobada polo goberno de coalición entre os socialistas e os nacionalistas no ano 2008, un goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, que foi a primeira regulación legal deste sector en toda España dende o ano 1973; polo tanto, algúns problemas de regulación habería cando se adiou durante tanto tempo este proceso.

Pois daquela lei —na que eu participei parcialmente— o señor Tahoces, naquel momento voceiro de industria do Partido Popular, dixo que era unha «lei bipolar» porque á vez demonizaba e prohibía a minería. Era unha lei que non demonizaba nin prohibía a minería, era unha lei que intentaba con moitas dificultades, nun país coa distribución territorial e xeográfica que temos, artellar ou racionalizar na medida do posible o que existía ata ese momento. E ata ese momento o que existía era un radical abandono por parte dos poderes públicos do que eran as explotacións mineiras en Galicia e no conxunto de España. E vé-molo en Touro, vemos como a empresa Peñarroya, primeiro, e Río Tinto, despois, tiveron durante catorce anos en explotación esa mina, como a abandonaron sen facer ningún mecanismo nin ningunha política de corrección dos impactos medioambientais. E, lamenta-

blemente, agora e durante anos os cidadáns deses concellos sufriron os impactos dese abandono, desa espoliación. A min a palabra «espoliación» recoñezo que non me gusta moito, porque creo que ten unha compoñente violenta, pero, en todo caso, non atopo un sinónimo similar.

Polo tanto, nós, efectivamente, presentamos unha emenda, unha emenda longa que, máis alá dos puntos concretos, o que desde logo considera é que se aplique de maneira estrita a lei, e que, unha vez que se corrixa todas aquelas cuestións en que o proxecto non se adecúa á lei vixente, se volva expoñer tanto a nivel municipal como aos propios axentes económicos, sociais e medioambientais para a súa avaliación.

Cremos que é un proxecto indubidablemente agresivo. A nós non nos gusta a prohibición da explotación *per se*. Cremos que é necesario fundamentalo e que é necesario poñer uns niveis de exixencia —por dicilo dalgunha maneira—. E, desde logo, neste caso, sobre os ámbitos que abarcamos nesta emenda, do primeiro falaba o señor Casal, que é o tema —tema básico e de sentido común— de reparar previamente os danos causados; se non, se causamos máis danos sobre danos non reparados...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...—vou rematando, señor presidente—, pois o efecto acumulativo medra; o cronograma, no que é imprescindible o tema das augas e da seguridade física, que é fundamental; as mellores técnicas de proceso dispoñibles —eu creo que non é posible que se poida explotar cobre no norte de Suecia e non se poida en Galicia, pero que o que temos que exixir é que as empresas non veñan aquí a aforrar—; e logo hai un tema fundamental, financeiro, que son as garantías, tanto en termos de avais e de depósitos como en termos de seguros de responsabilidade civil, suficientemente contundentes.

Se con esa contundencia a explotación non é rendible, o cobre de Touro seguirá alí. Se con esa contundencia tecnolóxica e financeira...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...a explotación é rendible, ao Grupo Socialista resúltalle moi difícil oporse de maneira radical á mesma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Evidentemente, en 1986 remata a actividade mineira. Non houbo restauración, os terreos mudaron de dono e aquilo, ademais das entulleiras propias dunha mina, convértese nun almacén de residuos de todas clases: lodos industriais, cinzas e entullos inconfesables no alto da cunca do Ulla, e un fedor insoportable en toda a contorna. Seica había unha fianza de 300 millóns de pesetas. ¿Onde está?

Porque o problema xerado pola mina queda sen resolver e vese incrementado por unha actuación posterior cando se elimina, polo novo propietario dos terreos, unha balsa de decantación e unha estación de bombeo que limitaba a contaminación na zona leste da mina. Esta actuación provocou a contaminación por metais pesados e por unha gran acidez do regato Portapego, afluente do Lañas, que á súa vez é afluente do Ulla.

¿Algún goberno pediu responsabilidades a unha empresa que deixou todo manga por ombro? ¿Está ao corrente a Consellería de Medio Ambiente do que alí hai e segue a entrar día a día? ¿Sabe o Goberno galego como está aquilo? ¿Saben onde queda Touro?

Porque agora trátase da reapertura e ampliación. Van ser 689 hectáreas, das que só un 30 % son terreos xa afectados pola explotación anterior. Xunto ás catro cortas existentes vanse escavar seis novas cortas, o que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais actividades agrogandeiras. Vai afectar case 500 hectáreas de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis cercanos á explotación.

Contéplase a creación —e esta é unha das cousas máis graves— dun depósito de estériles de planta altamente contaminantes que se ubicará fronte a un núcleo habitado cunha fronte de 2,3 quilómetros, unha altura de 80 metros e unha extensión de 126 hectáreas.

Ademais deste depósito, tamén se contempla a creación doutra escombreira, con material potencialmente xerador de acidez, de 48 hectáreas. Prevese a impermeabilización, dise que teñen unha garantía de 500 anos, en fin...

O proxecto non contempla a restauración dunha parte dos terreos e augas contaminados na anterior explotación, e, en concreto, o río Portapego e a balsa hiperácida de Angumil, pese a que é unha reanudación dese mesmo proxecto. Pese ás enormes exixencias de augas, que son necesarias para o proceso de extracción do mineral, no proxecto non se contempla de onde se vai obter a subministración da mesma. Tampouco se garante que a capacidade da planta de tratamento poida tratar todas as augas antes de ser vertidas, nin que o proceso de tratamento con encalante sexa capaz de eliminar os metais pesados.

Pero o máis importante para nós é o cumprimento da lei, da sagrada lei do deputado: dar curso ás preocupacións da xente e estar rabuñando espazos de liberdade que se nos recortan como país e como sociedade día a día. Pois, dentro desas atribucións, está a defensa da riqueza do noso solo fronte á depredación e ao roubo. Uns xacementos de riqueza excepcional queren ser extraídos. Separado o gran da palla, o raposo leva o gran e os parvos quedamos coa palla: 350.000 toneladas de mineral de cobre cunha riqueza do 27 % son levados así, subastados nunha poxa internacional, embarcados e levados a procesar e finalizar fóra de Ga-

licia e do Estado. E logo regresarán a nós a xeito de cobre. ¿E onde queda a riqueza? Aquí non, aquí quedamos cun lixo de inertes de millóns de toneladas métricas, con metais pesados, co río Ulla agardando polo que os deuses queiran prover. Lóxico. ¿Xeración de riqueza? Pois non, chámase «minería colonial»: Leopoldo de Bélxica, Katanga; ou As Médulas, ouro, *ruina montium*; ou Mesía, Ordes, Touro, Frades..., milleiros de hectáreas agrarias estragadas para sempre pola extracción mecánica de croio de silicio, selección do mesmo e embarque para ser transformado en Noruega. ¿O valor que nos queda? O salario de 8 ou 10 traballadores e 3.700 euros por hectárea estragada para o propietario. Unha hectárea produce, no valor final, 30 millóns de euros. ¡Alucinante!, ¿verdade?

Pois estas son as razóns que, desde o que vostedes definen como «marxe da lei» —como definiu o outro día o conselleiro de Industria a este humilde deputado— esgrimimos os deputados do BNG. ¿De que lado están? ¿Da legalidade espoliadora ou da defensa dos bens colectivos do país? Creo que non fai falla explicar o sentido do noso voto a esta iniciativa, ¿ou si? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Eu tamén quero comezar saudando os veciños de Touro e do Pino e tamén os veciños de Valdeorras e do Bierzo, dúas comarcas mineiras. E tamén creo que está o alcalde de Ponte de Domingo Flórez, que hoxe nos acompaña. Agradézolle tamén aquí a súa presenza neste debate tan importante.

Vexo, señorías, que non queren falar en serio da minería. É unha lástima que vostedes, polos seus prexuízos ou complexos cara a este sector, non teñan en conta os 6.000 postos de traballo directos e outros tantos indirectos que xera en Galicia, e que menosprecen, polo tanto, as familias que viven da minería, unha actividade que supón o 1,05 % do PIB galego.

As preguntas que xorden son varias. ¿Por que esta persecución, señor Casal? ¿Por que esta fixación con este sector? Pero, sobre todo, ¿por que lle menten á xente? ¿Por que tratan, irresponsablemente, de manipular os veciños e veciñas de Touro e do Pino nesta ocasión?

Señor Casal, o señor Tahoces pegoulle a vostede o outro día un repaso moi bárbaro na Comisión, desmentíndolle cada unha das cousas que vostede plantexou alí. Por iso eu pensaba sinceramente que ía retirar esta iniciativa hoxe. Pero, claro, a vostedes está claro que lles dá igual o que se lles diga, por iso eu me quero dirixir aos veciños de Touro e do Pino, e tamén a aqueles das zonas nas que estean facendo estudos, sondeos ou prospeccións para futuros proxectos mineiros, e trasladarlles unha mensaxe de tranquilidade. Porque, como xa dixo o Goberno de Galicia, non nos posicionamos nin a favor nin en contra do proxecto, o que queremos é que avance a tramitación administrativa conforme a



Lei de minas —que, por certo, é unha lei aprobada polo Goberno Bipartito—. E que quede perfectamente claro que un proxecto mineiro só se autorizará cando quede garantido o cumprimento das normativas urbanísticas, medioambientais e técnicas. Así, desde a propia Dirección Xeral de Enerxía e Minas solicitouse informes aos concellos do Pino e de Touro, a Augas de Galicia, á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Instituto de Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Ordenación, Territorio e Urbanismo, Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Dirección Xeral de Ordenación Forestal, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto Geolóxico y Minero, Sociedade Galega de Historia Natural, Federación Ecoloxista de Galicia e Sociedade Galega de Ornitoloxía. Son 14 informes. ¿Parécenlle, señor Casal, poucos informes? Pero, ademais de todos estes informes, a actividade está suxeita á declaración de impacto ambiental. E as instalacións precisan da autorización ambiental integrada. Polo tanto, non mintan máis, non xoguen coa sensibilidade da xente. Como tamén están mentindo sobre a recente Lei de fomento empresarial de Galicia, da que din que é unha lei depredadora, que evita que se teñan que presentar informes reducindo as garantías medioambientais, que fomenta as expropiacións forzosas e barra libre para que o sector recorte prazos, etc. ¡Falso todo!

Señor Casal, e señores da esquerda, do Grupo de En Marea, do BNG e do PSOE, ¿saben o que sucede? Que vostedes non queren que, coa nova lei, lles deamos facilidades ás empresas para implantarse en Galicia, non queren que se reduza a burocracia administrativa e se axilicen os trámites, e tampouco queren que se apliquen axudas e bonificacións nos impostos. Porque vostedes non queren que se poñan en marcha novos proxectos empresariais, novas actividades industriais que fagan que mellore a economía de Galicia e se creen miles de postos de traballo. E ¿saben por que non queren? Porque así vostedes poderían seguir trasladando o seu discurso negativo, catastrofista, ¡claro que si!, de que todo vai a peor, de que non hai recuperación, e manter dese xeito a súa frase de cabeceira, a de «canto peor, mellor». Pero iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, por reiteración de interrupcións... Porque, ¡home!, ¡xa está ben! Eu creo que vostede é un deputado que xa leva tempo aquí, e está constantemente interrompendo a quen está no uso da palabra. Hai que ter un respecto a quen está no uso da palabra. Prégolle, por favor, que se comporte.

Se non lle gusta o que está falando, xa sabe o que hai que facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, xa está.

Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** Grazas, presidente.

Nós non imos permitir que digan que se eliminan as garantías medioambientais e as garantías participativas cando precisamente este expediente estivo sometido á información pública trinta días hábiles e se está traballando con todas as alegacións. O Goberno só está tramitando un proxecto mineiro que se presenta formalmente e ao que se lle dá trámite de acordo coa lei.

Imos rexeitar a súa iniciativa porque, se alguén debe exixir o cumprimento da legalidade, ese debe ser o Parlamento. Si, porque vostedes están pedíndolle ao Goberno de Galicia que prevarique e que rexeite un proxecto antes da emisión dos informes técnicos que establece a propia lei.

Señorías, a xente xa os coñece. Vostedes sempre empregan o mesmo *modus operandi*: ante calquera proxecto mineiro, oposición rotunda e, seguidamente, intentar alarmar os veciños con falsas informacións e mentiras. E mentres o Goberno de Galicia traballa e cumpre a lei, vostedes fan manifestacións e protestas. Despois, o Goberno dita a súa resolución atendendo aos informes técnicos. E como nos recentes casos de Corcoesto e de Iberinsa o informe resultou negativo, saen vostedes e din: Foi grazas ás nosas presións e protestas. Pero, ¡vamos ver!, ¿de verdade que cren que un funcionario público vai informar dun xeito ou doutro dependendo de se vostedes fan moito alboroto? Pois non, fano cumprindo a lei, como tamén o fixeron cando o Bipartito estivo no Goberno. Quero recordar que durante esa etapa de goberno se outorgaron máis de 100 permisos de investigación e 43 concesións de explotación, polo que é imposible entender esta negativa a todo o que sexa minería sustentable en Galicia. Por iso lles pido que respecten os funcionarios e os traballadores públicos, respecten o seu traballo eficaz e independente a prol dos intereses de Galicia.

Señorías, remato. Díganlles a verdade aos veciños: que, se vostedes chegaran a gobernar, pecharían todas as explotacións mineiras. E, por suposto, díganlles que, saltando a lei, non aprobarían ningún proxecto máis en toda Galicia, desprezando así miles de postos de traballo.

Hoxe falo como deputado do Grupo Popular, pero tamén o fago como veciño dunha comarca mineira como Valdeorras, onde moitos conveciños se levantan ás 6 da mañá para coller os transportes que os leven, durante 40 ou 50 minutos, ou, ás veces, máis dunha hora, ata chegar ás canteiras de pizarra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...para gañar con moito sacrificio os seus xornais e poder manter as súas familias. Así que vaian alá dicilo. E, de paso, recórdenlles tamén que En Marea e Podemos están en contra de que Valdeorras teña a autovía A-76.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** Respecto á legalidade e respecto á tramitación administrativa, e que os galegos estean tranquilos porque o Goberno de Galicia nunca —repito, nunca— vai autorizar ningún proxecto mineiro...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Blanco.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...que atente contra a saúde, o medio ambiente e a legalidade urbanística.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día de novo.

Evidentemente, a contestación foi a que eu imaxinaba, que hai que cumprir a lei, aínda que o señor Feijóo dixo esta mañá que non é responsabilidade facer cumprir a lei. A culpa vai ser de Atalaya Mining cando incumpra todos os preceptos que o señor Losada moi ben especifica na súa... E a Xunta de Galicia ¿que lle vai facer?, ¿que lle vai facer? ¿Non cumpriron? Bueno... ¿Escarallouse o río Ulla? ¿Escarallouse a ría de Arousa? ¡Que se lle vai facer! Non é responsabilidade da Xunta de Galicia, é responsabilidade de Atalaya Mining, coñecida en todo o mundo por ser unha das maiores depredadoras mineiras. Póñano en Google, póñano. Xa verán as decenas, ¡decenas!, de denuncias que teñen por todo o mundo. (*Murmurios.*)

Efectivamente, primeiro, cumprir a lei. ¿Por que non se cumpriu a lei en trinta e un anos? ¿Por que non se cumpriu? E di vostede que o señor Tahoces me deu un repaso por cuestionar o que... ¡Claro!, nun papel cabe todo, nun papel branco pódese escribir que imos facer isto, que imos facer aquilo... E o señor Tahoces deume un repaso porque eu cuestionaba o que poñía o proxecto. Pero ¿que lexitimidade ten o señor Tahoces, que leva, polo menos, nove anos de director xeral de Minas e non fixo cumprir en absoluto o que marca a lei para a recuperación da zona de Touro e do Pino? (*Aplausos.*) ¿Que fixo? ¿Que repaso me pode dar un señor que non fixo nada en todos estes anos?

E di vostede que non queremos darlles facilidades. Efectivamente, non queremos darlles facilidades, non queremos darlles facilidades, queremos previr que se cumpra a lei. E previr que se cumpra a lei é exixir que primeiro se cumpra a lei no que xa está desfeito. Por iso nós non dicimos que se rexeite sen máis, sen ningunha argumentación, a proposta de Atalaya Mining para este complexo. O que dicimos é que, para poder empezar un novo procedemento, cumpran vostedes previamente a lei, restauren todo como estaba no proxecto que se aprobou a Río Tinto Minera no seu día, que non se fixo en absoluto, senón máis ben todo o contrario. E, cando cumpran a lei, poderemos empezar a fiarnos de que vostedes cumpren a lei para poder empezar de novo unha nova tramitación.

Polo tanto, primeiro, cumprir a lei, restaurar os impactos da explotación pasada; e, despois, se é o caso, iniciar o novo proceso. Pero non crer o que vai no papel e que din no punto 1, que van agora, despois de trinta e un anos, recuperar todo o que non fixeron en trinta e un anos, e que nós temos que crelo porque, se non cumpren a lei, é responsabilidade deles, que á fin e ao cabo nós temos boa intención, estamos pola creación de postos de traballo, e o que pase despois, que unha zona de miles de hectáreas quede absolutamente improdutiva para calquera uso agrogandeiro, para calquera uso turístico, para calquera uso vivencial, pois iso será un problema de dentro de vinte anos outra vez. E dentro de vinte anos volveremos aquí e diremos: Non cumpriron, ¡que se lle vai facer! A ver se agora queren seguir ampliando e, coa nova ampliación, dentro de vinte anos entón si xa reparan o de 1986, o de 2017 e todo o que pase a partir de agora.

Polo tanto, non é pedir que se incumpra a lei, e non estamos insultando a ninguén, porque agora na mina non traballa ninguén —na mina de cobre—, os que si traballan son os gandeiros, a xente de turismo, coas miles de persoas que pasan por alí todos os anos no Camiño de Santiago. Esa xente si que ten traballo, e esa xente seguro que o perdería; ademais de toda a enorme implantación territorial, que, segundo o segundo proxecto, segundo figura no informe que presentaron na Bolsa de Londres, chegaría case ata as portas do aeroporto de Compostela. Ou sexa, que, por favor, señores do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** ...sexan responsables neste proxecto, que pode ser o maior atentado ecolóxico de Galicia nos próximos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de contingencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:*

*«..., en concreto as medidas recollidas no artigo 8 e seguintes do Decreto 135/2016 do 6 de outubro.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que traslade un informe ao Parlamento galego con todas as accións postas en marcha, incluíndo orzamento, recursos e prazos, para evitar as consecuencias dos incendios forestais sobre os fondos das nosas rías, en especial sobre os bancos marisqueiros.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Bo día a todos e todas.

Non cabe dúbida ningunha de que a vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, especialmente o pasado domingo, 15 de outubro, supuxo unha nova catástrofe para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesma e da súa terra, ademais da perda de vidas.

Miren, catro mortos, miles de persoas desprazadas, centos de persoas con problemas respiratorios, núcleos rurais ameazados, decenas de vivendas afectadas, ámbitos urbanos sitiados, paraxes naturais calcinadas, vías de comunicación colapsadas, con centos de vehículos e persoas en túneles, e perdas que a día de hoxe descoñecemos na súa contía pero que só en madeira poderían chegar a cen millóns de euros.

A prevención eficiente é necesaria fronte a un problema que non é novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido, o desleixo dos labores de coidado do monte e terras agropecuarias, supón un elemento de gran perigo. Trátase dun factor tremendamente facilitador da aparición e sobre todo da propagación de lumes. É imprescindible, polo tanto, levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos; unha política que aposte polo coidado e o mantemento concienciado, en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos. Semella imprescindible, polo tanto, tomar as medidas que agora son posibles para evitar que as consecuencias destes lumes se multipliquen.

Un dos eidos onde é preciso ter en conta posibles consecuencias negativas é o marisqueiro. A cinza acumulada nos montes e a terra queimada impiden a drenaxe correcta da auga, que poderá acarrear o monte coa chegada das choivas —que xa están entrando—. Isto pode provocar o arrastre de todos os restos dos lumes que agora están no monte cara ao mar, cuestión que pode afectar gravemente as rías. Son varias as consecuencias que a caída dos restos de cinza e materia orgánica queimada poden provocar: nas rías teñen un efecto devastador sobre a produción marisqueira e os moluscos e outras especies filtrarán unha forte acumulación de produtos tóxicos para a súa alimentación.

O depósito destes restos nos fondos mariños pode cubrir as sementes e o produto en situación de ser extraído. A contaminación das rías verase afectada por estes restos. Existen, polo tanto, numerosos problemas asociados ás consecuencias que os incendios poden provocar nas rías galegas. Tamén neste caso son precisas as medidas, as políticas de prevención —prevención eficiente, prevención real—, para evitar riscos potenciais e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño.

Aínda non houbo arrastre nin erosión, por iso é preciso levar a cabo a prevención real, efectiva; poñer todos os medios necesarios para que esa prevención sexa real, sexa efectiva. Esta prevención, para o caso do sector marisqueiro, está recollida no Plan Camgal, regulado no Decreto 135 /2016, do 6 de outubro, e ten por obxecto regular a estrutura e a organización operativa; en definitiva, o sistema de resposta no caso de que exista unha continxencia.

Este plan, de acordo co decreto, é un plan deseñado para establecer as normas e os procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte o litoral galego.

En canto ao sistema de resposta, que é o que hoxe nos interesa, en concreto no artigo 8 establécense cales son precisamente os órganos de resposta que mencionabamos, marcando os seguintes: un centro de coordinación operativa, que é o órgano de actuación encargado de decidir todas as operacións necesarias para facer fronte á continxencia, os grupos operativos de resposta, as unidades de apoio e outros que se consideren. E este sistema de resposta, estes órganos de resposta, unicamente funcionarán mentres a continxencia e o Plan Camgal estean activados.

O certo é que a día de hoxe, cando pasaron en torno a uns vinte días dende a catástrofe, non temos coñecemento de documento público ningún de activación do Plan Camgal. Non temos coñecemento das medidas concretas, nin de cales son os órganos de resposta, nin de cales son os recursos mobilizados. Intentamos obter información a través da páxina do Intecmar, e a verdade é que é unha sección, a sección de actualidade, e aí figuran diferentes noticias, diferentes resolucións, pero nin unha palabra, nin tan só unha palabra, relativa á activación do plan, e, en consecuencia, da organización e do sistema de resposta establecida ante os incendios. Tampouco coñecemos o contido do Consello celebrado o día 16 de outubro, porque na páxina web da Xunta está o contido do seu consello celebrado no mes de outubro, pero non figura o do celebrado o día 16.

O decreto que regula o Plan Camgal establece cales serán eses órganos de resposta, pero non coñecemos, non nos consta, como lle dicimos, documento público ningún onde estean establecidos. En definitiva, non temos constancia de activación real, de activación efectiva, que é a que se precisa como unha medida de prevención eficiente ante a catástrofe que se produciu.

A estas alturas, non coñecemos os nomes e apelidos das persoas que compoñen os órganos de resposta, ás cales nos poderíamos dirixir nós ou calquera, a pesar de que din que teñen activado o plan dende o día 16. Eu quero crelos, de verdade, quero crer que, efectivamente, o activaron, pero non nos consta documento ningún, e ante a Administración pública entendemos que isto debe soportarse cun documento público.

En resumo, non coñecemos o contido do Consello da Xunta, nin unha palabra no Decreto de medidas urxentes, no Decreto 102/2017, do 19 de outubro, nin unha palabra nos DOG posteriores, nos que debería aparecer a orde de activación, sobre todo a composición, como lle dicíamos, dos órganos de resposta, nin unha palabra tampouco na páxina do Intecmar, nin tampouco unha palabra do presidente da Xunta onte na súa comparecencia, na que si que

falou de cinzas, pero nin mencionou para nada o Plan Camgal. Debe ser que el tampouco cre que o activaron.

Miren, se non está, é porque non existe; polo tanto, nin órganos de resposta, nin recursos destinados á prevención da continxencia. Non é suficiente con dicir que se está vixiando, porque, se é así ou era suficiente con estar vixiantes, ¿para que fixeron o plan —o plan que é de 2016—?

Polo tanto, imaxino que non terán ningún problema en aprobar hoxe a nosa iniciativa, que precisamente fala de activar o Plan Camgal, e de activalo de maneira efectiva, de maneira real, non de maneira pantasma, como din que está. ¿Quen compón o organigrama? ¿Quen compón a estrutura de resposta, que estará limitada no tempo mentres dure a continxencia e o plan estea activado de acordo co artigo 8 do decreto, que regula o plan Camgal?

A día de hoxe ninguén coñece o documento público do Plan Camgal. Deben facer públicas todas as medias que se van tomar e como se configura o organigrama do plan, tal cal establece o artigo 8 que lle dicimos, con nome e apelidos. Deberían ter en consideración que se trata dun plan de prevención, determinar se puxeron algunha barreira, se non puxeron barreira, por que non se puxo, por que motivo; e ademais establecer que outros elementos de prevención utilizarán como consecuencia da aplicación do plan. Transcorreron vinte días, algo máis xa. ¿Cal é a situación? ¿A que partida asignaron os custos da aplicación do plan? Á parte de estar vixiantes, ¿que van facer? ¿Deixamos tamén este asunto en mans da climatoloxía, igual que no resto? ¿Non facemos nada porque estamos nas mans da calor, da seca ou do vento?, ¿ou utilizamos os medios dispoñibles, os que regula o plan?

Miren, a perda de produción marisqueira en Galicia é unha realidade que se vén comprobando nos últimos anos. Dende 2009 perdéronse numerosos permisos de explotación, xa que naquel momento había en torno a 6.500, mentres que no ano 2017 se iniciou con 3.799. As queixas e reclamacións do sector son continuas e os datos sobre o marisqueo seguen sendo baixos e dificilmente sustentables.

Existen problemas de contía e de produción dos bancos marisqueiros. As confrarías galegas comprobamos como sistematicamente as súas demandas se ven apartadas, e os problemas que poden ser causa das dificultades de produción son esquecidos.

Polo tanto, é importante que nos digan a verdade sobre esta cuestión, como está configurada a estrutura de resposta que regula o Decreto no artigo 8 do Plan Camgal, que recursos contén, que recursos destinaron e cal é o sistema de resposta.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORRES:** Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Non son poucos os problemas que ten o marisqueo en Galiza, e asistimos continuamente ás chamadas do sector demandando medidas pola baixada do recurso, pola baixada das rendas. E nun sector que tiña que dar emprego, traballo e rendas dignas a miles de persoas vemos que cada vez a situación vai na dirección inversa. E o que lle faltaba, cos problemas que xa ten, pois sería que as riadas de cinza e lama chegaran aos bancos marisqueiros.

A tremenda vaga de lumes, a última vaga de lumes do pasado mes de outubro, causou estrago, dor e sufrimento e problemas no inmediato: desgraciadamente, catro persoas mortas, máis estragos en fogares, casas, apeos, en vehículos e en todo tipo de cuestións. O problema é que eses danos no inmediato non cheguen a producir maiores danos no futuro.

E por iso o BNG vai apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, porque queremos mostrar a nosa preocupación e porque a información que nos vai chegando a través dos medios de comunicación por parte da actuación do Goberno vai na dirección de actuar no caso de que se produza un problema nas rías. Non temos máis que ver as declaracións recollidas polos medios de comunicación, por exemplo, o 23 de outubro, a respecto das declaracións da conselleira de Medio Ambiente, onde di que o temor a que as cinzas procedentes dos incendios poidan chegar a ríos, acuíferos e rías está ata o momento descartada. Claro, mentres non chova, suponse. Pero non falan absolutamente nada das medidas que están poñendo en marcha. Ou as declaracións da conselleira do Mar do 29 de outubro, onde di que as primeiras inspeccións oculares non constatan que os bancos marisqueiros se teñan visto polo momento afectados polo arrastre de cinzas dos incendios forestais ás augas, ríos e rías galegas. Tamén nos preocupa porque na orde de axudas que aprobou o Goberno se establecen axudas no caso de que se produzan estragos.

Pero, dende logo, máis alá destas declaracións, de que se están facendo inspeccións oculares, de que o servizo de gardacostas ten indicacións de estar pendente de se chegan problemas ás rías, isto parécenos que non é para nada suficiente. E, dende logo, o que non queremos no Bloque Nacionalista Galego é que os galegos e galegas teñan que volver saír con capachos, coas súas mans, para salvar o seu medio de vida, que son as rías, ou para salvar as rías de todos e de todas, porque se os restos dos incendios, ben sexa directamente polas escorrentías —non necesariamente a través dos ríos, pero dun xeito fundamental a través dos ríos, que desembocan nos bancos marisqueiros—, chegan ao mar —e falamos neste caso especialmente da ría de Arousa, da ría de Pontevedra e da ría de Vigo, que foron as zonas máis afectadas polos incendios—, é un problema para o marisco, é un problema para os berberechos, para as ameixas, para as navallas, mais tamén para o resto do ecosistema, porque se xera primeiro que a auga se volva turbia, e logo esa sucidade impide, por un lado, que poida penetrar a luz, e, por outro lado, estes restos decántanse e o que fan é crear unha película que afoga totalmente o marisco ao impedirlle a filtración e respirar. Mais non só para este marisco, senón que tamén poden producirse problemas, como dicía, para o resto do ecosistema, por exemplo, para os mexillóns, porque a cinza, aínda que en menor medida —porque está en suspensión e moitas das bateas están máis lonxe da zona directa da desembocadura dos ríos— pero si que hai mostras máis que dabondo dos efectos que pode producir tamén nestes bivalvos.



Co cal, nós apoiamos esta iniciativa porque, efectivamente, aínda que na lectura do Plan Camgal se establece con claridade que o seu obxectivo debe ser protexer e preservar o medio mariño, para o que deben de tomar medidas para previr, reducir e controlar a contaminación, a cidadanía debe contar coa seguridade de que se establecen os mecanismos necesarios para a protección dos bens con importancia socioeconómica e ambiental ante episodios de contaminación accidental; e aínda que unha parte moi importante...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...do que establece é para procesos por hidrocarburos ou de contaminación química, o que tamén se establece con claridade é que, efectivamente, ten que determinarse quen forma o dispositivo, cales son as persoas que están á fronte, tanto no operativo de mar como de terra, e que mecanismos hai para a contención, non soamente para cando se produza o problema.

Dende logo, no BNG, igual que dixo a deputada do Partido Socialista, non temos constancia de que nada disto estea posto en marcha. Co cal, é preciso establecer medidas antes de que se produza o problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo Lorenzo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moitas grazas.

Bos días.

Á Consellería de Mar correspóndelle, entre outras cuestións, desenvolver a coordinación das competencias nas materias de salvamento marítimo e loita contra a contaminación. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, atribúe á Consellería do Mar a prevención e loita da contaminación do medio mariño. Ata aí todo ben.

Iso, tal e como se desenvolve no articulado da dita lei, teno que facer a través do Plan Camgal, e dun xeito concreto. Contéplase como obxectivo do dito plan establecer uns mecanismos de resposta rápida e eficaz das administracións, a nivel interior portuario e de ría, ante unha situación de verquidos terra-mar; tal é o caso do que nos preocupa e do que se traslada nesta lei.

Descoñecemos se as medidas como as barreiras anticontaminación ou outras estaban despregadas xa no pasado 16 de outubro, cando se produciron as primeiras choivas, sobre todo nas zonas das Rías Baixas. Descoñecemos tamén o grao de coordinación entre as administracións na aplicación do mesmo, coordinación que lle compete —lembramos— ao Goberno autonómico.

O risco non era naquel momento teórico, era real, xa que tanto durante a vaga de lumes como en días posteriores se rexistraron índices moi elevados de contaminación por partículas PM10,

as que son inferiores a 10 micras, con máis de 150 microgramos por metro cúbico de aire en practicamente todas as estacións meteorolóxicas que Meteogalicia ten ao longo do país.

O protocolo de actuación en casos excepcionais de contaminación atmosférica si estaba activo en toda Galicia desde o 16 de outubro. Da posta en marcha deste protocolo si hai constancia, aínda que fose pouco efectivo, dada a escasa ou nula difusión por parte dos medios públicos nos momentos cruciais e de maior risco do mesmo.

O risco non era teórico, era real, e séguese sendo a día de hoxe. Non temos coñecemento oficial sobre a posta en marcha e a execución do Plan Camgal. Ante isto, é obvia a necesidade por parte nosa de apoiar esta iniciativa.

Xa lles avanzo eu que a fórmula de mirar para outro lado nesta situación non vai funcionar nin vai evitar o problema. Tampouco creo que falar de Cataluña ou Venezuela poida minimizar o risco de contaminación das nosas rías. Minimízaos o feito de aplicar os protocolos desenvoltoos aprobados e definidos para tal fin.

Creo que ninguén pode sentirse agredido se pedimos que dean contas das cuestións que estamos a trasladar. Que os representantes públicos esteamos ao corrente, tanto das medidas acometidas polo Goberno como do seu grao de execución, ou incluso dos problemas que se estean a afrontar por parte do mesmo, é básico para o correcto funcionamento desta Cámara. Xa o pedimos no pleno anterior, pero daquela non tocaba. Ben, neste, si tocou, pero as declaracións do señor presidente da Xunta onte tampouco clarificaron moito no referido a este tema.

A ser posible, gustaríanos que as canles establecidas para tal fin fosen as que se utilizasen para trasladarnos este tipo de cuestións polas que estamos apoiando esta iniciativa a día de hoxe, e non a través da prensa, que, por sorte, está a facer o traballo que moitas veces o Goberno non fai na difusión deste tipo de cuestións, polo menos cando lle deixan facelo.

Hai unha máxima non escrita que o Grupo Popular coñece e practica moi ben, e é a que di que se de algo non se fala, non existe. Pois da posta en marcha do Plan Camgal non se está a falar.

Traballen realmente para a xente, traballen polo ben do país e dos nosos recursos, fagan autocrítica desde o seu grupo e, sobre todo, apliquemos dun xeito eficaz e transparente os protocolos que existen para tal fin, que hai moitas máis leis que aplicar máis aló do 155.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Merlo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Señor presidente.

Compañeiras e compañeiros deputados, é posible que esta iniciativa, se se tivera escoitado antes a comparecencia do presidente, non se presentase. Dígoo, porque onte quedou clara-

mente reflectido na súa intervención o que pasou, o que non debía pasar, como se debe evitar e como hai que traballar para que non se volva producir. Pero, con todo, a nós parécenos unha boa iniciativa, e imos explicar un pouco o porqué.

Primeiro, quero dicir que esta iniciativa... ¡Home!, a política aquí no Parlamento ten unha dimensión pedagóxica moi importante: aprendemos os colectivos e aprendemos os individuos. Por exemplo, non sei se foi o colectivo do PSOE, se foi o individuo ou individua que presentou a iniciativa, pero xa se fala dun artigo do 2016, porque ao principio se argumentaba cun artigo derogado de hai xa bastante tempo. Isto sérvenos para ir aprendendo; é dicir, que cando se presentou a iniciativa ou non se tiña o coñecemento ou non coincidiu de poñelo alí.

A necesidade de actuar ante unha actuación desas é necesaria. É necesaria hoxe, e foi necesaria ao longo da historia dos gobernos autónomos de Galicia. Pero, por exemplo, o día 10 de agosto —evidentemente do 2006— dicía *La Voz de Galicia*: «*Los incendios provocarán un incremento de fango en la ría*». *La Voz de Galicia* do día 21 dicía: «*Carmen Gallego no cree que las cenizas vayan a afectar a la producción de las rías*».

E máis adiante, aquí, no Parlamento, hai unha cita que di: «Ademais, curiosamente, neste mes de agosto, o grupo que hoxe está na oposición» —e falamos do ano 2006— «reclamaba da Consellaría de Pesca que en plena vaga de lumes entre o 4 e o 14 se activara o Plan de continxencias marítimas por parte da Consellería de Pesca para evitar que as cinzas chegaran ao mar». «Eu creo que o esperpento no que está instalado o Partido Popular nestes últimos meses dálles por dicir algunhas cousas que non teñen absolutamente nada que ver coa realidade.» Isto só por evocar o recordo destas hemerotecas traidoras que temos os políticos ás veces.

Por iso, o Goberno da Xunta o día 16 de agosto activou o Plan de urxencias do Camgal. Se non coñecen o Camgal, señor Merlo, é porque non están atentos, porque eu mesmo na Comisión 8ª llo expliquei; despois de entendela eu, despois de explicarmos a min, explíqueillo, e creo que cun método bastante asequible para todos.

O Plan Camgal actúa en casos de emerxencia de contaminacións, e neste caso está actuando desde o propio día 16. ¿E de que forma está actuando? Pois está actuando, primeiro, nas zonas marisqueiras. Fan análises previas da cartografía das áreas queimadas, cunha superficie aproximada de 300 hectáreas; hai información achegada polos técnicos das confrarías —estase en contacto coas confrarías e cos biólogos— sobre a situación do litoral, a superposición da información, nas concas hidrográficas, a rede fluvial e a distribución espacial dos bancos marisqueiros. É dicir, que sabemos, ademais, que nesta semana e na pasada houbo actuacións e conversas entre Mar e Medio Rural para decidir a conveniencia ou non de colocar barreiras téxtiles, vexetais, para evitar a chegada desas prexudiciais cinzas e lodos aos nosos bancos marisqueiros. É dicir, que deben de quedar tranquilos. Pero, en todo caso, repito que antes de presentar as iniciativas deben de coñecer estas circunstancias.

E vou dicir pouco máis, só que a riqueza marisqueira non baixa, señora Prado, non baixa tanto. Como anécdota, e ao mesmo tempo propaganda —que alguén mo ha de agradecer—, díreille que onte se vendía na lonxa do Freixo, en Outes, a ameixa fina a 73 euros —¡a 73!

— e na lonxa de Testal, en Noia, a 71. Voulle dicir: onte vendéronse 500.000 euros nas lonxas de Noia e de Outes e antonte 500.000 euros nas lonxas de Noia e Outes.

Seguro que a súa familia algún colleu, señora Santos, e vostede ata os pode comer. ¡Ai, ai! ¡Home, medio millón!

E eu xa remato, pero non podo deixar pasar a oportunidade con isto dos lumes, que non sei ben se me indigna —primeiro estímélame— sobre esta petición reiterada, apaixonada e vehemente dos cesamentos. Eu recomendo aquí a todo o mundo a lectura dunha novela moi fácil de ler, de John Kennedy Toole, que se titula *A conxura dos necios*. Iníciase cunha reflexión de Jonathan Swift que di: «Recoñeceredes que unha persoa é a máis idónea para desempeñar o cargo que ocupa cando no seu entorno se organiza unha conxura de necios que pide o seu cesamento».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor López Crespo.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Toja Suárez.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

¡Menudo papelón lle tocou hoxe, eh, señor Crespo! ¡Menudo papelón!, porque vostede, que foi alcalde tanto tempo, imaxino que cando era alcalde e dicía que había que facer algo, facíase unha resolución, algún documento. Aquí é o que falta. Dixeron que activaron, pero olvidáronse de darlle ao botón; non o activaron. (*Aplausos.*) É coma quen vai pensando que ten que prender a luz, pero olvídase de darlle ao botón.

E voulle dicir algo. Vostede recoméndanos esa novela e eu voulle recomendar outra: *Harry Potter en Hogwarts*. Nós non estamos en Harry Potter, aquí as cousas non funcionan por maxia. Para que funcionen ten que haber unha activación real, un documento público, ten que haber un soporte, e iso vostede, que foi alcalde, debería sabelo; debería sabelo.

Polo tanto, como non consta ese documento, como non temos esa documentación, non sabemos cal é o sistema de resposta. E iso é o grave, porque levamos dous días falando dos incendios, dous días en que o único que escoitamos ao presidente e a cada un dos deputados e deputadas que falou é botar balóns fóra, culpar os concellos, culpar os galegos e as galegas, pero autocrítica, ningunha.

Entón, este é outro tema máis onde falsearon a verdade, onde levan dicindo dende o día 16 que fixeron algo, pero realmente non o fixeron. Non o fixeron porque non hai documento que demostre que o fixeron. No Intecmar non figura ningunha referencia, o Consello da Xunta do día 16 non o podemos consultar, no Decreto de medidas urxentes tampouco figura... Non hai ese documento, non sabemos cal... Non, non... Bueno, pois, daquela, se existe, teñen un problema enorme de transparencia, porque calquera afectado ou afectada por estes incendios, non sabe a quen dirixirse desas persoas que deben de formar o sistema de resposta. Daquela, ademais de falsear a verdade, teñen tamén un problema enorme de transparencia,

porque non sabemos a quen nos temos que dirixir como persoas ou concellos que poidan estar afectados por eses incendios.

O Plan Camgal non fala de vixilancia, fala dun sistema de resposta, dun sistema efectivo e dun sistema real. Así que entendo que aprobarán esta iniciativa, entendo que non terán ningún problema en aprobala. E se a van aceptar, agradeceríámolo, porque desa maneira si que empezaría a tomar en serio o tema e empezaría a tomar medidas.

En canto á emenda presentada polo BNG, eu lamento non aceptala pero creo que debemos centrarnos precisamente na activación do Plan Camgal para que, a partir de aí, efectivamente, se poidan empezar a tomar as medidas que require esta catástrofe, esta traxedia que asolou Galicia.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Toja.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

O noso país sufriu, nos últimos días da primeira quincena do mes de outubro de 2017, a vaga de lumes máis importante da última década, con consecuencias dramáticas sobre as persoas e sobre o territorio. Perdas humanas, ambientais, económicas e sociais de diferente ámbito e de diferente dimensión, que requiren unha resposta que estea á altura das circunstancias.

Apagado o lume —dixémolo en todo o momento—, sería o momento de sentarnos a falar. Dixémolo nesas circunstancias e dixémolo con anterioridade, cando Galiza ardía e tamén cando non.

Só no que levamos de lexislatura este grupo parlamentario demandou, por poñer algún exemplo, o adianto do Pladiga e a súa revisión; un plan específico para zonas con condicións climáticas e socioeconómicas específicas e de alta reincidencia, como é o caso da provincia de Ourense; un mando único para a prevención e a extinción de incendios; propuxemos medidas de fomento das especies frondosas e autóctonas e unha moratoria para non estender máis a superficie do eucalipto, que xa supera as previsións dun Plan forestal absolutamente caduco e incumprido sistematicamente polo Goberno galego. *(Aplausos.)*

Propuxemos tamén outras medidas, como reforzar o Banco de Terras, e propuxemos tamén baterías de iniciativas para reforzar, por exemplo, os montes veciñais en man común e a ordenación do territorio, así como un longo etcétera, ata o punto de que despois da traxedia de Pedrógão, esperando certa sensibilidade, certa alarma, a señora Ana Pontón —voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego— dirixiuse ao señor Núñez Feijóo, e a súa resposta foi como agora mesmo: a ausencia. Dirixiuse por carta e non recibiu ningunha resposta.

As nacionalistas estivemos, estamos e estaremos do lado do diálogo, do lado da investigación e do lado da busca de consensos, dentro e fóra do Parlamento galego, sobre este asunto. Ata o momento, a respecto do que supón o Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Grupo de Goberno, predicamos no deserto, pero, desde logo, non desistimos da firme convicción de que é imprescindible para este país introducir cambios profundos no curto e tamén no longo prazo.

Despois da traxedia, a lección máis poderosa que podemos tomar, o mellor que podemos facer por este país, é levar a cabo a aprendizaxe. Onte o Goberno galego tiña a oportunidade de rectificar, de tender a man e de iniciar realmente un fondo proceso de diálogo, e lamentamos que volvera facelo. É certo que suavizou o ton acusador xeral das últimas semanas, pero non ofreceu nada novo baixo o sol. Onte, coma hoxe, mantense instalado nun relato autoexculpatorio, predefinido, disfrazado de diálogo pero sen a máis mínima autocrítica.

Onte anunciaron unha batería de 30 medidas, deseñaron tamén unha bonita infografía que distribuíron a través dos medios de comunicación da Xunta, das súas redes e das súas notas de prensa e demais —vese que colle todo nesta folla—. Esas 30 medidas, na súa práctica totalidade, recuperan, en primeiro lugar, medidas do demonizado Bipartito. Recuperan, en segundo lugar, medidas e propostas das conclusións da Comisión de investigación de 2009 —que tamén demonizaron—. E malia que durante este pleno falan moito de 2009, esquecen falar do máis importante, que é do que se concluíu daquela traxedia. En terceiro lugar, tamén propoñen medidas que xa se estaban facendo con anterioridade, non só após da urxencia. E, en cuarto lugar, tamén propoñen cuestións que xa contempla o marco legal, tanto a recente Lei de implantación como a máis vella Lei de montes, e que venderon como se acabaran de descubrir América.

Isto, señores do Partido Popular, é que non é serio. ¿A vostedes parécelles normal facer unha emenda á totalidade ás súas directrices políticas sobre a materia? ¿Pensan que non deberían facer algo máis? Pois nós pensamos que si. Se queren ter credibilidade, se queren que creamos desde os grupos da oposición que en serio vai haber oportunidade de diálogo e de reconsiderar moitas cuestións.

En primeiro lugar, deberían pedir desculpas, porque non se pode vir con este papel e non asumir responsabilidades políticas, (*Aplausos.*) non asumir que algo terán feito mal. (*Aplausos.*) Asumir responsabilidades políticas, por exemplo, por ter reducido as franxas de protección; por ter recortado, precarizado e desmantelado o dispositivo de loita contra os incendios; por ter desmantelado as uxfor, o Banco de Terras; por ter desmantelado a prevención; por incumprir —como xa dixen— o Plan forestal; por ter eliminado as vixilancias móbiles e tamén esas brigadas de investigación que non acaban de inventar.

E responsabilidades tamén por unha cuestión que nos parece fundamental, que é a falta de previsión. Porque, señores do Partido Popular, de verdade, o inevitábel é unha porcentaxe, pero non é o cen por cento do que aconteceu en outubro, do que nos levou aquí. Somos unha sociedade avanzada, con capacidade de predición, con experiencia en situacións que non son idénticas pero que teñen puntos en común. Polo tanto, recoñezamos que ante un incendio as circunstancias en que está o monte, o tempo de resposta ou cuestións como non saber afrontar unha nova tipoloxía de lumes tamén inflúen, tamén.

Vostedes están absolutamente empeñados en instalar ese relato predefinido e autoexculpatorio, pero nós pensamos que nin este Parlamento nin este país se poden conformar, despois do que pasou, con medias verdades; non podemos conformarnos con medias verdades. Agora é o momento de sentarse a falar, é o momento de avaliar as causas e a xestión do sucedido, de definir responsabilidades, de falar e de escoitar a oposición e a sociedade, porque, despois de nove anos de sectarismo político, é hora de que isto mude. *(Aplausos.)*

Vostedes paralizaron un cambio de modelo e non podemos permitir que este país volva desaproveitar a oportunidade de facer cambios profundos. Urxe facelo para que isto non volva acontecer. E para iso pensamos, con absoluta sinceridade, que a mellor ferramenta é unha comisión de estudo que sexa un verdadeiro instrumento de investigación do acontecido e de impulso de cambios profundos, sen límites de temas, sen límites de voces, sen límites de propostas, sen cancelas e sen un final preescrito.

Pensamos que este Parlamento lle debe a todos os galegos e galegas, a quen tivo perdas nas súas familias, a quen tivo perdas materiais, a quen tivo que ver desaparecer a paisaxe na que medrara, aos que tiveron medo, aos que tiveron que traballar en condicións extremas, a quen ten incerteza sobre o presente e o futuro, a todos e cada un dos galegos e galegas, estar á altura das circunstancias. *(Aplausos.)* E para iso temos que dicir que a súa proposta de onte non nos parece suficiente. Parécenos parcial e insuficiente centrar unha comisión de estudo exclusivamente na cuestión forestal.

Quero repetirlles unha cuestión que xa recolleu Ana Pontón onte, aínda que logo o señor Feijóo fixera a súa particular lectura segundo o que lle convida. Nós, o BNG, non vai facer o que o señor Núñez Feijóo fixo cando era voceiro do grupo da oposición en 2006. Nós non imos facer iso, nós non imos renunciar a participar dos instrumentos que se habiliten neste Parlamento galego, *(Aplausos.)* pero imos exixir garantías e imos exixir que non haxa límites. E parécenos insuficiente, por tres motivos, o que propuxeron onte.

Primeiro, porque asume plenamente o relato do terrorismo incendiario como causa única. Segundo, porque asume que o cen por cento do que aconteceu en outubro neste país era absolutamente inevitable, e eluden calquera responsabilidade ou necesidade de mellora. E, terceiro, porque o mesmo Goberno que nega que a cuestión forestal sexa importante, sexa parte da causa, pretende que nos conformemos con estudar exclusivamente iso, e iso non é de recibo.

Nós queremos, e propoñémolles aos demais grupos, unha comisión sen límites nin vetos, como xa se fixo no pasado, porque é hora de avaliar de forma global absolutamente todos os factores, as circunstancias previas; por que o dispositivo non estaba ao cen por cento; que

fallou no dispositivo de extinción. Paren de dicirnos que mentimos cando ensinamos cartas de Seaga. Que veñan comparecer directivos de Seaga e que veñan traballadores e traballadoras. Saber que fallou nas emerxencias. ¿Escoitar o señor Rueda no Pleno dentro de dúas semanas? Por suposto. Pero ¿por que non ter unha comisión na que tamén poidan vir comparecer mandos das emerxencias, e traballadores e traballadoras, a explicar que pasou? ¿Por que non? ¿Por que non saber, dentro desa comisión, por que tardaron tanto en solicitar axuda? ¿Que fallou na comunicación e outros elementos?

Nós queremos que sexamos máis ambiciosos e ambiciosas. E a partir das conclusións que saquemos entre todos e todas, mellorar. Pero mellorar non só no ámbito forestal, ter tamén o mellor modelo de emerxencias posible, o mellor modelo de xestión de crise posible...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...o mellor modelo forestal posible, o mellor modelo de políticas para o rural posible. Establecer prazos, medidas, orzamentos e política real, que non colla só nun A4.

Por iso, señores da oposición, pedimos o apoio dos seus votos para esta comisión, porque entendemos que, independentemente da denominación, quedou probado no pasado que é posible chegar a cuestións moi profundas con esta proposta de comisión de estudo.

E, señores do Partido Popular—e remato—, de vostedes exiximos tamén o apoio. E exixímolos porque estamos pedindo menos do que vostedes pedían, máis do que vostedes ofrecen e moito menos do que xa se fixo. Cando menos asuman que os consensos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...—e remato— se forxan dialogando, e que a proposta que estamos poñendo enriba da mesa é absolutamente xenerosa e absolutamente necesaria para este país. E que este Parlamento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...debe estar á altura destas circunstancias.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día.



Os expertos dinnos que, se non se fai nada para impedilo, nun prazo de entre cinco e dez anos Galicia pode sufrir grandes incendios como están ocorrendo no noso veciño Portugal. E como hai que aprender dos erros, cremos que o exemplo da actuación da Asemblea da República Portuguesa despois do incendio e das mortes de Pedrógão Grande nos deben sinalar o camiño. E o camiño, dende o Grupo Parlamentario Socialista, cremos que é unha reflexión tranquila e sosegada que nos aporta ademais o Regulamento da Cámara a través dos artigos 50 e seguintes.

Estes artigos fan referencia á creación dunha comisión non permanente que pode ser dobre. Ou ben unha comisión especial de análise sobre os incendios forestais que analice que ocorreu en outubro de 2017 e que nos permita establecer liñas posibles de reforma no futuro. Ou ben unha segunda proposta, unha segunda opción —de non aceptar a primeira—, que pode ser unha comisión de investigación sobre a vaga de lumes forestais, que nos permitiría analizar a vaga de lumes deste mes de outubro e investigar as súas orixes, e, ao final, podería levarnos dende esta Cámara a trasladar a información obtida á Fiscalía, no caso de que a Fiscalía considerase preciso comezar un procedemento penal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista e tamén dende de En Marea temos pedido dúas veces a primeira comisión, con arreglo ao artigo 51 do Regulamento —se non recordo mal—. É unha comisión especial de estudo. A primeira vez que a solicitamos foi rexeitada pola maioría do Grupo Parlamentario Popular na Mesa, escoitada a Xunta de Portavoces. A segunda vez foi onte. Este é o documento de rexistro da petición da constitución dunha comisión especial de estudo, que despois de que o presidente Feijóo onte aquí manifestase a súa vontade de crear unha comisión, agora si vai ser aceptada pola Mesa, polo tanto, pola maioría do Grupo Parlamentario Popular, escoitada a Xunta de Portavoces. E segue viva, ademais, a petición dunha comisión de investigación que foi proposta polos dous grupos parlamentarios, polo Grupo Parlamentario Socialista e por En Marea, que veremos se se aproba ou non no vindeiro pleno, é o que lle pedimos agora tamén ao Partido Popular.

A nós válenos as dúas opcións, as dúas posibilidades. Sabemos que a forma de pedilo é través do Regulamento, artigo 50 e seguintes. E se o PP tivese votado a favor da comisión de estudo na Mesa, esta proposición non de lei xa non sería necesaria, porque xa a teríamos aberta. Non o fixo. Se o PP vota a favor da que pedimos agora na Mesa, xa se constituirá. Se o PP vota a favor da comisión de investigación no vindeiro pleno, incluso estaríamos dando un paso máis alá e poderíamos facer efectiva a posibilidade de mandar as nosas conclusións á Fiscalía Especial de Medio Ambiente. Se o PP acepta a comisión proposta dende este Parlamento poderemos tentar resolver o problema dos lumes en Galicia, que non son só xa, exclusivamente, problemas de incendios forestais, senón que son unha ameaza para a protección civil do país. E se o PP vota a favor das comisións, o pleno que vén imos poder detectar os defectos de funcionamento no operativo que se puxo en marcha; se houbo reunións de coordinación dos medios que interveñen en cada distrito forestal; se hai compatibilidade das comunicacións entre operativos, se hai plans de acción consolidados; se hai instalacións auxiliares para a Dirección de Emerxencias no caso de grandes incendios; e, de aí, todo o demais. Incluso poderemos averiguar os perfís estatísticos dos incendiarios, que, evidentemente, non están debaixo das pedras e saen o día 15 a queimar Galicia enteira como nos quere facer crer o presidente da Xunta.

Si os hai. Poderemos averiguar se seguen sendo maioritariamente homes; de que idades son; se os detidos actúan sobre todo no seu concello ou tamén nos de fóra; se teñen antecedentes ou non por delito forestal; se podemos establecer comunicacións entre esa señora de máis de 70 anos e aquel home que estaba asando uns chourizos e se lle escapou o lume; e para saber se, efectivamente, existe ou non esa trama organizada que vostedes nos queren facer crer diariamente.

E ademais poderemos dicir ben alto que non parece que adicar todos os esforzos á extinción sexa o máis intelixente. Gastar entre o Pladiga e o PDR 340 millóns de euros anuais non é moi intelixente, porque o resultado, a verdade, é que é e foi catastrófico.

Todo iso podemos averigualo a través das comisións dos artigos 50 e seguintes do Regulamento. Esta proposición de lei é estupenda, nós ímola apoiar, sérvenos de antesala, precisamente, para chegar a esas dúas comisións. Porque, aínda que agora se aprobase por unanimidade, non se podería constituír a comisión que vostedes piden na proposición non de lei porque non é a maneira. A forma sería través da comisión de estudo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...—remato, presidente— ou a comisión de investigación que está proposta, e que esperemos, ¡esperemos!, que sexa aprobada por todos os membros desta Cámara, incluído tamén o Partido Popular, despois do que dixo onte o presidente Feijóo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Actualmente o noso país atópase sumido nun elevado grao de envellecemento, de abandono e de desertización de practicamente todas as zonas rurais da Galiza. Isto ten o seu reflexo no territorio, que temos agora totalmente desestruturado, e leva aparelados elevados riscos de incendios de grandes dimensións, perda de diversidade biolóxica, e o máis importante, a perda de dinamismo social e económico nas nosas vilas e comarcas.

A realidade que presenta hoxe o noso rural responde á aplicación de políticas neoliberais que se levan implantado durante os últimos trinta anos, á consideración do medio ambiente como moeda de cambio en beneficio do gran capital, ou como un aspecto residual nas lexislacións que afectan ás nosa vilas.

A privatización da xestión dos montes veciñais, que jollo!, non todos son privados. Aínda que onte o presidente o quixo deixar aquí claro, temos montes privados, temos montes pú-

blicos e temos montes en man común que non son para nada privados. A promoción e implantación de monocultivos forestais de crecemento rápido como é o eucalipto ou cultivos enerxéticos; megaminaría, como se falou hoxe aquí etc. A consideración do rural como lugar de negocio das elites sociais e a aplicación dunha PAC que destrúe as economías familiares en beneficio das grandes multinacionais. Necesitamos criterios profesionais á hora de desenvolver o servizo de extinción de lumes, que debe ser público ao cen por cento, como temos dito aquí en reiteradas ocasións. Para combater os lumes cómpre considerar os incendios como un problema de país.

Advirtamos con esta comisión que propón hoxe o Bloque Nacionalista Galego a necesidade de previr os lumes durante todo o ano, de apostar na implicación das persoas titulares das terras para a posta en valor dos montes veciñais en man común e de considerar a extinción como un servizo público que debe desenvolverse con criterios profesionais e non como un negocio.

Eu hoxe vou asumir a tese do noso presidente: hai terrorismo incendiario. Vale. Levamos con terrorismo incendiario trinta anos ou máis, ¿cantos terroristas collemos? Moi poucos. Sabemos que están aí e que van volver atentar. Van volver atentar os terroristas. ¿Que levamos feito ou que pensamos facer para que isto non suceda? Pois unha das maneiras que temos para facelo penso que é creando esta comisión.

As políticas públicas que se levaron adiante no medio rural demostráronse insuficientes, e acabamos de velo coa desgraza dos lumes que tivemos ao non haber prevención e ao non haber extinción, comezando polo abandono do rural, como estabamos comentando. Falla investimento nos servizos públicos do rural; a reforestación mediante especies alóctonas de ciclo curto supón hoxe máis do 50 % da superficie forestal, cando no ano 1987 apenas era o 3 %.

Existe na Administración galega un discurso unicamente produtivista, témolo dito en reiteradas ocasións, por iso pensamos que cómpre mudar dunha vez por todas as nosas políticas de prevención e de protección do territorio. Prevención e extinción de lumes, avanzando cara a unha política de conservación do monte galego como parte fundamental do noso ser social e económico.

A loita contra os incendios forestais debe partir dunha estratexia integrada, na que os propietarios e as administracións teñan ben claras as súas competencias, de forma que se permita a realización de actuacións de xeito organizado e coordinado, conseguindo progresivamente que as accións preventivas teñan máis importancia dentro das planificacións xerais de loita contra os incendios forestais e de pór en valor o noso agro.

Onte o presidente díxonos que hai xente que lle prende lume ao monte. Descubriu a pólvora aquí el só, ¡como se iso nunca pasara! Dixo que hai xente que aproveita as condicións climatolóxicas máis adversas para prender lume ao monte. ¡Volveu descubrir a pólvora! Eu penso que precisamos un modelo que perdure no tempo, que sexa froito do consenso entre axentes sociais, empresariais e políticos, e para iso esta comisión penso que vai ser vital.

Teñen vostedes a responsabilidade e a obriga de aprobar esta comisión. Ademais, así o evidenciou onte o presidente da Xunta de Galiza. Faise necesario saber por que arde o noso

monte, cales son as causas, por que ardeu tanto neste ano 2017, e, a partir de aí, temos que actuar en consecuencia para que este desastre non se volva repetir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Presas, o que non é serio é a proposición non de lei que trae hoxe o Bloque a este debate. Piden vostedes a creación dunha comisión de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017.

¿E por que non é serio? Porque mire, señora Presas, primeiro a súa proposta xoga á confusión. Vostedes piden constituír unha comisión de estudo para a investigación. ¿En que quedamos? ¿Queren unha comisión de estudo ou unha comisión de investigación? En calquera caso, fose cal fose a forma de pedilo, sabe vostede que conforme ao Regulamento non é a axeitada, e a señora Pontón, que é a deputada máis veterana desta Cámara, sabe perfectamente que a comisión de estudo se solicita na Xunta de Portavoces, e non vía proposición non de lei ao pleno. E por se non o sabía, tamén llo lembraron os seus socios da oposición, que si utilizaron o mecanismo regulamentario para solicitar esta comisión na Xunta de Portavoces.

Igual que sabe que para constituír unha comisión de investigación fai falta a sinatura de dous grupos, tampouco é o caso. Por tanto, nin de estudo nin de investigación.

A señora Pontón cre que como nas enquisas do proceso electoral lle daban un deputado e despois sacou seis, están pensando que teñen un magnífico resultado electoral, que é a xefa da oposición e, como tal, quere exercer de xefa da oposición, e por iso propón isto á marxe dos outros grupos, que xa llo explicaron. Pero mire, cando entrou na Cámara a señora Pontón, había 17 deputados do BNG; cando eu entrei, no 2009, había 12; na pasada lexislatura, 7; e agora están ao borde dos resultados de 1989, e seguen insistindo no erro de creerse vostedes os xefes da oposición. Pois ben, os seus compañeiros da oposición xa lle dixeron que ese non era o camiño, señora Pontón, que ten que falar e dialogar —como dicía a señora Presas— cando menos cos da oposición, porque cos do PP xa acaban de dicir que é inviable; ¡polo menos cos seus compañeiros de bancada!

Pero mire, no llo vou dicir eu, voulle repetir as palabras que dixeron o señor Leiceaga e o señor Villares. «Sacrificaron a unidade forxada neste asunto para decantarse por unha vía morta». A vía morta é esta proposición non de lei. «O BNG quere ir por libre e non ten unha actitude de plena colaboración». «O BNG aproxímase máis á propaganda que ao consenso real». Nós renunciamos ao partidismo a favor da política con maiúsculas». Por tanto, está

claro que vostedes con esta iniciativa o que buscan é propaganda e partidismo, pretendendo —a maior gloria do Bloque— poñerse unha medalla sen importarlles a seriedade que ten que levar consigo a política de ordenación, que, sen dúbida, é a longo prazo e non a golpe de titular. Polo tanto, demostran con esta iniciativa que non son de fiar. Non son de fiar para os seus socios da oposición e moito menos son de fiar para os galegos e galegas, que cada vez que se presentan (*Aplausos.*) ás urnas lles din que cada vez son menos de fiar. Pero bueno, ¡alá vostedes!, sigan nesa liña.

Dicía a señora Vilán que teñen presentada unha solicitude de comisión de estudo. Non foi rexeitada, señora Vilán, foi posposta na Xunta de Portavoces agardando á comparecencia do presidente da Xunta, e unha vez que compareceu o presidente da Xunta e xa anunciou que o Grupo Parlamentario Popular vai rexistrar a solicitude de creación dunha comisión de estudo, é esa a que imos levar á Xunta de Portavoces. Non ten moito sentido que hoxe votemos esta comisión, porque ao final non vale para nada, habería que levala tamén á Xunta de Portavoces.

Pois mire, señora Pontón, permítanos que levemos nós á Xunta de Portavoces a comisión de estudo, non que lle votemos unha comisión de estudo para a investigación non sabemos moi ben de que.

Todo o que vostede di, señora Presas, está nas leis e nos plans, pero faltan instrumentos para poder cumprilo, e eses instrumentos son os que anunciou onte o presidente da Xunta nesta tribuna, para que os concellos, sexan da cor política que sexan, poidan ter facilidades para cumprir a lei. Eu alégrome de que lle gusten as infografías, pero agardo que lle gusten máis as medidas. Por exemplo, ata agora nas terras abandonadas o concello só podía entrar cando rematara o expediente, e agora, coa medida que propoñemos, pode entrar cando se inicia o expediente. Hai unha diferenza importante. E tamén hai outra diferenza importante: no 2006, señora Presas, fixeron propostas, pero nin se investigou nin ninguén asumiu responsabilidades, e arderon moitas máis hectáreas. Así que non veña vostede dicirnos o que fixeron no 2006, que todos sabemos perfectamente o que non fixeron no 2006. E agora non diga que pretenden menos que o que pedimos nós no 2006. Se quere que veña Seaga, que veña, que veña o señor Peter Brea, xefe de brigada e candidato á Alcaldía de Carral, que o día 13, venres, se negou a ir axudar aos incendios, porque foi chamado e non foi. Que veña Seaga e que o expliquen, que o expliquen.

Nós imos facer as cousas ben, regulamentariamente, e o PP levará á Xunta de Portavoces... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

Silencio. (*Murmurios.*) Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...á Xunta de Portavoces...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, escoiten a quen está... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Está na Marea, xa sei que está na Marea. Non pasa nada, non pasa nada. *(Murmurios.)* Nós non imos votar unha comisión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, que estamos acabando a intervención, por favor. Por favor, garden silencio e escoiten. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu falo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como falan vostedes todos os días aquí de xente que non está presente. E vostede é o menos indicado para dicilo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Sánchez...

Desculpe, señora Prado.

Señor Sánchez, por favor, pídolle que escoite a quen está no uso da palabra.

*(O señor Sánchez García: ¡Non!, ¡non!)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pois chámoo á orde por primeira vez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa é a segunda vez que o advirten na xornada de hoxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, a todo o mundo e escoiten a quen está no uso da palabra.

*(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, pídolle que escoite a quen está no uso da palabra. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Pídolle que escoite a quen está no uso da palabra; se non, terei que chamalo á orde por segunda vez. ¡Por favor, escoite!

Moita grazas.

Pode vostede rematar, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Aquí só se pide respecto para cando a un non lle importa vir aquí e falar de todo o mundo sen importarlle, pero, cando falan dos seus, ¡coidadito!, mandíbula de cristal, ¡mandíbula de cristal! *(Murmurios.)* *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Señor Sánchez! Señor Sánchez, chámoo á orde por segunda vez, e sabe o que pasa se é chamado unha terceira vez. Por favor, pídolle que escoite a quen está no uso da palabra. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Si..., non; non é. Estoulle pedindo por favor que escoite a quen está no uso da palabra.

Por favor, xa está rematando o turno. Grazas.

Grazas. Non xustifica nada.

Por favor, remate.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Voulle dicir unhas palabras que seguro que lle soan porque as dixo unha persoa a quen vostede lle ten moito aprecio: «Non tome a cachondeo o Parlamento». Ana Pontón, 7 de novembro de 2017. Pois iso, non tomen a cachondeo o Parlamento, porque hai un regulamento, e vostedes con esta iniciativa están saltando o Regulamento.

Pero miren, eu estou de acordo co señor Rodríguez en que os lumes son un problema de país, e, polo tanto, agardo que esteamos todos á altura desta situación e poidamos consensuar unha comisión; non sei se das tres que propuxo a señora Vilán, a que propón o Bloque ou a que foi rexistrada polo PSOE...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...ou pola Marea. En calquera caso, eu agardo que esteamos de acordo porque é fundamental analizar, estudar e facer propostas de futuro para acabar con este problema.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora Prado, está tan obsesionada con Cataluña que esquece que é o Parlamento catalán, non o galego, o que ten a figura de xefe da oposición. En todo caso, a señora Ana Pontón ten toda a humildade que a vostedes lles falta. *(Aplausos.)*

En fin, o Partido Popular leva todo o pleno, a sesión de onte e a de hoxe, dicindo que as iniciativas da oposición ou non tiñan que debaterse ou estaban mal ou deberían ser retiradas. Dixérono, que eu lembre, co tema da mina de Touro, co Plan Camgal, do Partido Socialista, onte coas estatuas de Santiago, coa proposta de En Marea, cos lumes de xeración nova do BNG e agora tamén con esta iniciativa. Non sei se vostedes pensan que os grupos da oposición vimos aquí aplaudir a súa ineptitude, *(Aplausos.)* pero non. Dá idea de cal é a vontade de diálogo do Partido Popular. E cando o debate non lle convén, algo non é regulamentario ou está fóra da lei, ou non se pode votar, ou as urnas ou tal, sempre teñen unha escusa.

O mesmo dixeron cando o debate lle era incómodo, cando trouxemos unha proposta semellante relacionada coas caixas. Era un debate incómodo e tamén dixeron que non era regulamentario. Pero eu pregunto: se estas proposta non son regulamentarias, ¿por que a Mesa do Parlamento, na que o BNG non está, e non puido manipular nada, cualificou esta proposta? ¡Digo eu, digo eu! ¿Por que? *(Aplausos.) (O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Cando o debate non lles convén...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra. Escoiten a quen está no uso da palabra.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non estou falando diso, señor Puy... Xa sei por que non estamos na Mesa, non se preocupe... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero, a cuestión técnica: ¿por que a cualifican se non é regulamentario? ¿Por obra e graza do espírito santo?...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non debatan, señora Presas.

Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra. Pídlles a todos os deputados que escoiten a quen está no uso da palabra.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** A estratexia do Partido Popular é a de «tú más», «2006 más», pero, do 2006, o aproveitable, que son esas conclusións da investigación, non queren saber nada. É a estratexia tamén da catadura moral; cando non é insultar os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego porque, segundo eles, non cooperaban máis, pois insultan outros alcaldes. Aínda onte, eu quedei abraiada cando pola noite lin en *Praza Pública* que o alcalde de Nigrán, do Partido Socialista, do que fixo mención o señor Feijóo como se estivera de vacacións en Madrid mentres ardía Nigrán, resulta que estaba recuperándose dunha operación por doarlle un ril ao seu fillo. (*Aplausos.*) ¡Esa é a catadura moral do Partido Popular!

Polo tanto, eu co señor Leiceaga e co señor Villares teño moitísimas diferenzas políticas, por algo eu son deputada do Bloque Nacionalista Galego, non de En Marea nin do Partido Socialista, pero, cando menos, pese ás discrepancias, somos capaces de dialogar, aínda que tamén evidenciamos esas discrepancias. E, desde logo, estaría máis segura de facer chamadas telefónicas con eles que co Partido Popular, que é bastante menos de fiar, non vaia ser que me falen de «*regalos de la hostia*» e que logo esas conversacións sexan aireadas. (*Aplausos.*)

En fin, eu agradézolle a En Marea e ao Partido Socialista o apoio a esta proposta —agradecería un pouco de silencio tamén porque non me concentro—.

Oxalá, señora Vilán, tiveran prosperado as propostas que fixeron vostedes, de verdade, con absoluta sinceridade.

Nós traemos esta iniciativa aquí porque pensamos que non é unha comisión calquera, que hai que falar —e dános a razón o que dixo onte o señor Feijóo e a resposta da señora Prado—, e hai que falar de como ten que ser o obxecto, de que ten que abranguer. Despois, o mecanismo que usemos para nós é secundario; de feito, se En Marea e o Partido Socialista están de acordo, nós estamos dispostos a asinar unha petición conxunta para que que automaticamente se cre unha comisión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero o que non imos aceptar é a mensaxe envelenada do Partido Popular do lobo disfrazado de ovella que pretende xa condicionar cando, como e con que condicións vai ser o debate que precisa este país, porque iso a nós non nos vale; iso non é construír un consenso. Hai que discutir cal ten que ser o obxecto e o alcance e non poñer pexas e non poñer límites.

E niso si estaremos, se votedes queren, con vostedes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e, se non, pois, lamentablemente, será un novo fracaso deste Parlamento e desta Cámara, porque é o que precisaría neste momento o país. E, pese ás diferenzas...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...saben que seremos capaces desde a oposición de dar unha mensaxe de unidade e de que é preciso ter un obxecto amplo de investigación e de propostas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

*(O señor Puy Fraga pide a palabra.)*

¿Para que quere o uso da palabra?

Déanlle voz ao escano.

**O señor PUY FRAGA:** De acordo co que di o artigo 77.2 do Regulamento, que di que calquera deputado pode pedir, durante a discusión ou antes de votar, a lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración da materia de que se trate, eu pregaríalle ao presidente da Cámara que lese o artigo 51 do Regulamento, que di quen está lexitimado para pedir en Xunta de Portavoces unha comisión de estudo.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas pola aclaración, señor Puy.

Creo que todos os deputados teñen a obriga de coñecer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —xa estou contestando eu, grazas—, de saber, e sei que saben e son conscientes todos os portavoces de cales son os requisitos regulamentarios.

Así que proseguimos co debate.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto que pasaría a ser o primeiro, co seguinte texto:*

*«1. Que se deseñen protocolos de actuación na rexeneración de superficies queimadas en xeral atendendo ás súas características de solo, pendentes, proximidade a acuíferos, traídas municipais e privadas, correntes de auga, e arrastres de terra e consecuencias erosivas que faciliten a actuación inmediata despois do lume».*

*Emenda de modificación.*

*No punto 1 orixinal, que pasaría a ser agora o 2, modificar a expresión: «Que se deseñe un plan urxente de...», por: «Que se deseñe un plan especial urxente de...».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Que continúe coas medidas urxentes de rexeneración ambiental adoptadas nas zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo accións para loitar contra os procesos erosivos e poñendo en marcha actuacións para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.*
- 2. Que manteña o esforzo investidor nestas medidas e axilice a posta en marcha do plan de recuperación.*
- 3. Que contribúa, xunto coas outras administracións competentes – deputacións e concellos – á restauración dos servizos básicos que se viron afectadas polos incendios».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Eu non teño o Regulamento aquí en papel, pero creo recordar de memoria, porque o lemos hai un rato, que o artigo 51 di que, efectivamente, se pode acordar unha comisión especial de estudo por parte da Mesa —non da Xunta de Portavoces, da Mesa do Parlamento—, a petición propia, en concreto tamén, ou de dous grupos parlamentarios, logo de audiencia da Xunta de Portavoces. É dicir, non é a Xunta de Portavoces quen toma esa decisión, é a Mesa, e nós pedimos conxuntamente con En Marea unha comisión especial de estudo, e vostedes na Mesa votaron en contra. *(Aplausos.)* Si, foi así, señora Prado. Foi así. A súa maioría na Mesa votou en contra da primeira solicitude dunha comisión especial de estudo. A segunda teñen vostedes a posibilidade de votala a favor, escoitada a Xunta de Portavoces. É certo... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pois píddolle por favor ao presidente do Parlamento que lea o artigo 51...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Se queren...

**A señora VILÁN LORENZO:** Léao, señor presidente; se pode, léao.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Que é unha petición unánime? É que isto é novo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Di expresamente: «Poderá acordala a Mesa do Parlamento» —continúa— «previa audiencia da Xunta de Portavoces»...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Imos proseguir co debate, por favor.

Imos proseguir co debate da iniciativa. Eu píddolles que se centren nesta iniciativa, que seguro que é moi interesante.

Moitas grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** Non se acordou. É así, é así. Revise vostede se houbo Mesa despois da Xunta de Portavoces ou non.

Nós non imos entrar en descualificacións persoais, en absoluto, pero si é verdade —e dámoslle as grazas á voceira do BNG, que me antecedeu na palabra— que non se pode ir falando de persoas concretas cando un, coñecendo as súas circunstancias persoais, utiliza politicamente de maneira —voume permitir a licenza de dicilo así— «rastrera» os nomes de persoas para xustificar as súas posicións persoais.

O alcalde de Nigrán, que se chama Juan, ten un fillo cunha enfermidade estraña e moi complexa dende o seu nacemento. E como ten problemas, tivo que ir a Madrid facer unha operación de doazón dun riñón. Só é compatible co seu pai, e o seu pai tivo que ir con el. E por iso non estaba, porque estaban nunha revisión o día do incendio. Despois, cando volveu, foi a Chandebrito e foi o primeiro en estar alí. Entón, a nós tamén nos gustaría que o presidente da Xunta a próxima vez que veña a esta Cámara pida desculpas ao alcalde de Nigrán polas súas verbas. *(Aplausos.)*

E imos á iniciativa. Dos 200.000 incendios de media anual que se producen en Europa o 40 % ocorren en España, e, de cada tres, dous en Galicia. O problema é terrible, os incendios necesitan unha loita por parte do país e vostedes están pasivos. Non hai prevención nin aplican, coa alta tecnoloxía, a detección de lumes. E os resultados son os que temos, ou, como dicía o señor Fernández Couto nese informe interno de principios de outubro, catastróficos. Eses son os resultados. E é relativamente sinxelo, segundo nos contan os expertos: cambio climático, a seca, despoboación, a cultura do lume que existe en Galicia e que non podemos negar, non o terrorismo incendiario, o escaso fomento de reforestación con árbores propias, máis eucaliptos, máis piñeiros... E isto lévanos a esa situación catastrófica do señor Fernández Couto.

A vaga de lumes queimou 49.171,59 hectáreas. En Rede Natura, 11.376,69, o 23,14 %. Curiosamente, despois dos incendios do ano 2006 —que tanto lles gusta recordar—, esta Cámara traballou nunha comisión de estudo, rematou cun informe esa comisión máis ou menos en 2007 e tivo varias conclusións, indicando que eran obrigas:

A primeira, elaborar un mapa de riscos de incendios forestais nos espazos naturais protexidos.

A segunda, dotar medidas específicas para a protección e prevención fronte aos incendios máis acaídas nas zonas concretas de incendio.

A terceira, elaborar un plan de continxencia fronte á erosión do solo e riscos hidrolóxicos causados polos incendios forestais —porque o propio informe dicía: non hai evidencias empíricas ningunhas que permitan prever un escenario de ausencia total de lumes forestais nos anos vindeiros; por desgraza, once anos despois, así foi—.

A cuarta, ampliar os espazos naturais protexidos en consonancia cos requirimentos da Unión Europea.

A quinta, elaborar un plan de limpeza dos leitos e ribeiras fluviais que son espazo de dominio público como medida potenciadora das barreiras naturais contra a propagación dos lumes.

A sexta, elaborar un programa de apoio ás iniciativas de conservación e limpeza dos tecor como espazos axeitados para evitar o comezo e a proliferación de incendios.

E a sétima —eran moitas máis, pero estas referíanse ás zonas protexidas medioambientalmente—, potenciar os distritos ambientais, achegando máis medios humanos e técnicos.

E a pregunta é, once anos despois: ¿cantas cousas destas fixeron vostedes? ¿Cantas campañas de sensibilización onde sabemos que hai maior actividade incendiaria? ¿Canta divulgación aos adultos, porque estatisticamente os que queiman —que non son terroristas nin incendiarios nin nada polo estilo— son adultos? ¿Cantos cartos teñen usado vostedes para campañas de sensibilización deses 340 millóns de euros do Pladiga e do PDR? ¿A cantas persoas lles teñen explicado vostedes as consecuencias dos lumes —quizais sexa que só o fixo o CSIC e vostedes, desde a Xunta de Galicia, non—? ¿Canto se leva investido en prevención a día de hoxe? ¿Por que non desbrozan vostedes as zonas de toxo, que non son hábitat prioritario?

¿Por que non meteron gando nas zonas de matogueira, que si son hábitat prioritario? ¿Cantas franxas das estradas teñen reforestado con árbores autóctonas? ¿Onde están os plans de recuperación do lobo e do oso?

A única resposta a todo isto foi a catástrofe vaticinada polo señor Fernández Couto, o que ocorreu o día 15, que o Xurés levaba ardendo dende o mes de setembro, Os Ancares dende comezos de novembro, once mil e pico hectáreas ardidadas e o presidente da Xunta que nos dixo onte que vai haber unha resposta para os espazos forestais, especialmente para o Xurés e para Os Ancares; once anos despois do 2006, e, por certo, o presidente da Xunta actual estaba nesta Cámara e, polo tanto, era sabedor, era coñecedor, dese informe. 11.376,69 arrasadas polo lume. Os danos ecolóxicos son moi graves, temos que comezar xa, con urxencia, os labores de rexeneración ambiental.

Eu recordo que despois do día 15 e despois de que xa chovera e se extinguirían os incendios estabamos esperando a que dende o Goberno da Xunta, en concreto dende a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería do Medio Rural, dende Presidencia, que algo tivo que ver na extinción de incendios, ou debería ter que ver na extinción, houbera unha campaña masiva de información á poboación para indicar que se podía facer e que non para a rexeneración; non subir todo o mundo ao monte, a soltar palla, a plantar landras de maneira indiscriminada, porque o peor de todo era pisar os espazos queimados.

Pois ben, dende a Xunta de Galicia non houbo ningún tipo de comunicación. O primeiro que saíu foi a xente nas redes sociais preguntando que podía facer para poder axudar. Vostedes non dixeron nada, e tiveron que ser as organizacións e asociacións ecoloxistas as que saíran dar información; por certo, a través tamén de cartas dende asociacións ecoloxistas ao presidente da Xunta pedíndolle que, por favor, a Xunta dixese algo.

Vostedes veñen sempre á volta de cando as cousas suceden, e precisamente por iso en prevención non gastan nin un só céntimo; nin un pataco, como dixo o presidente da Xunta esta mañá.

Nós pedímoslles que deseñen un plan urxente de rexeneración ambiental nesas zonas protexidas, tamén medidas e accións para loitar contra a erosión e rexenerar os hábitats; segundo, que, coma sempre, por favor, haxa unha dotación económica para ese plan, porque, se non, vai quedar en papel mollado; que se detallen especificamente os investimentos e os prazos de execución e que se restauren, tal e como se pedía no ano 2006, as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios.

Se é verdade que hai esa vontade de colaboración e de petición á oposición de colaboración por parte do Goberno —que, se o fai ben, pola nosa banda, é indiscutible que o vai ter—, pedímoslles que, por favor, pola súa banda, fagan o mesmo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Este desastre económico e medioambiental está repetido. Todos os anos se repite o número de hectáreas queimadas, tanto forestal como de monte raso; por veces arde a mesma superficie un ano tras outro. Os procesos erosivos posteriores son irrecuperables. Este ano foi certamente excepcional; periodicamente, diría eu, excepcional, pola virulencia, pola superficie queimada, pola etioloxía dos lumes e pola sensación de angustia e desprotección do Goberno cos seus cidadáns.

Tivemos que apañarnos coa solidariedade. Os gandeiros saben o que é quedar sen pastos e sen forraxes tras un ano escaso pola seca e demasiadas zonas do territorio. Por iso, pola súa conta, iniciaron un trafego de bolos de feo e de silo, de pacas de palla..., de todo canto puidese paliar a carestía que o inverno pode agravar.

Pero non é este o camiño, que tamén. Os gandeiros e labregos e labregas do noso país pagan impostos... —bueno, perdón, despois das medidas do Goberno de impostos cero no rural, non sei se..., pero, bueno; desculpen o lapsus—. Pagan impostos, directos e indirectos, e teñen dereito a que a solidariedade sexa iso: un dereito. Xa sei que o Goberno vai abrir liñas de..., ¿e, mentres tanto, o gando vive do aire? Non.

As máis de 50.000 hectáreas queimadas polo desastre do 15 de outubro están aí, agardando non por voluntarios que coas mellores intencións do mundo se lanzan ao monte para tentar socorrelas e intentar que inmediatamente medren millóns de plantiñas que fixen as cinzas e nos eviten a erosión e o arrastre para os ríos, rías, manantíos.

Adiántolles que non toleei. Unha das medidas urxentes vai ter que ser ir ao monte arrincar os milleiros de plantiñas que as pirófitas sementaron mercede ao lume; sistema que utilizan e utilizaron os eucaliptizadores. Non deixa huellas, é totalmente natural. Chocante, ¿non si?

Poderíamos tamén facer barreiras de pedras nas escorrentías para evitar a colmatación de regatos, pozos e manantíos. Poderíamos... A imaxe que se está dando do problema é meramente ambiental, sen que o gandeiro e o gando aparezan como prioridades, tendo que ser a sociedade a que solucione este grave problema de desabastecemento de forraxe, que debería ser prioritario dende o punto de vista do benestar animal.

En vez de traer palla de Castela para tirar dende helicópteros e avións, a proposta sería facer acordos e convenios con agricultores e gandeiros que evitan a Rede Natura para facer herba seca todos os veráns en prados de montaña que están a ser abandonados. Isto serviría, por un lado, para evitar que sigan perdendo eses prados que albergan hábitats de interese comunitario, e ao mesmo tempo, no caso de lume, ter herba con sementes de flora autóctona protexida, que sería apropiada para recuperar eses terreos queimados, para evitar a erosión, recuperar a flora e non introducir sementes alóctonas con palla castelá.

A herba seca non utilizada para combater a erosión serviría para recuperar ou mellorar a biodiversidade florística dos prados e pasteiros actuais, mediante repartición ao gando en pastoreo nos comedeiros para a súa implantación mediante dispersión polas bostas —con

perdón— e o pisoteo do gando, e pola propia fauna: paxaros, pequenos roedores. A recuperación desta rica flora biodiversa melloraría os hábitats para abellas, bolboretas...

¿Como implementar estas medidas? A través do PDR, coa implementación de medidas agroambientais para aqueles agricultores ou gandeiros situados na Rede Natura —Os Ancares, O Courel, O Xurés...— que manteñan este tipo de prados de alto valor natural e paisaxístico, poñendo en valor o banco de xermoplasma de variedades pratenses do Agacal ou o Ingacal, o máis importante do Estado, que é o banco de referencia de especies pratenses.

Pero as medidas de rexeneración e protección deberían estar previstas, consultados os entendidos, feitos os estudos medioambientais pertinentes, e deberían estar protocolizadas e tuteladas pola Administración. E non agora, sempre, porque todos os anos arde. Mentres non consideremos que cando hai un lume o que arde é territorio, é un cacho do noso territorio, estaremos banalizando.

Neste senso vai a nosa emenda. Os protocolos coas medidas básicas de rexeneración e recuperación dos solos queimados, atendendo ás súas peculiaridades, deben estar á disposición dos concellos, dos voluntarios, dos particulares, para cando sexa necesario, para que as accións vaian no bo camiño e para que non se cometan torpezas. E así cremos que debe ser. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días, señorías.

Onte o presidente da Xunta de Galicia fixo unha oferta de diálogo tamén para poder recoller as súas aportacións a través dunha comisión de estudo. Eu penso que moito do que vostedes están a citar ou recordar hoxe podería ter cabida nesa comisión.

En canto aos traballos para paliar o dano dos incendios, estase a traballar dende o primeiro minuto; primeiro, no deseño de accións para a consolidación dos solos e a restauración de zonas queimadas tras a vaga de lumes.

De maneira inmediata realizáronse inspeccións sobre o terreo para obter as primeiras aproximacións da situación, e xa se iniciaron os traballos de estabilización do chan e de retención de sedimentos nas zonas afectadas polos incendios de outubro. Teñen un orzamento de 8 millóns de euros. Pero é que, ademais, no Parque Natural do Xurés e na Reserva Natural dos Ancares refórzase este traballo con outro millón de euros a maiores.

Boa parte da superficie afectada atópase en terreos de alta montaña, con elevadas pendentes, polo que os traballos terán como finalidade evitar o arrastre do chan e outros restos aos cursos de auga que discorren nas vaguadas.

Os traballos para restabilizar o chan e favorecer a infiltración, limitar a escorrentía e reducir a chegada de seguimentos ás canles, co que se contribuiría ao impacto da calidade da auga,

vaise facer mediante un acolchado con mantas orgánicas. No caso dos traballos de retención de sedimentos, construíranse barreiras de malla biodegradable, e nas zonas de curva instálaranse este tipo de barreiras mediante mecanismos e materiais de fixación, para evitar, precisamente, as escorrentías.

Vaise facer tamén revexetación destas zonas, mediante o sementado manual en noiros con risco evidente de desestabilización e de hidrosebrado en zonas de especial sensibilidade para os efectos erosivos.

A Xunta dende o primeiro momento, e a dirección xeral, fixo un chamamento, que eu quero tamén facer meu e aproveitar esta plataforma, que é a do Parlamento de Galicia, para a responsabilidade, e insistir na importancia de que sexan os técnicos os que determinen os traballos a levar a cabo sobre os terreos queimados, xa que as accións illadas, como a de botar palla no monte indiscriminadamente, poden prexudicar o medio natural ou implicar un risco de incendio maior, segundo as condicións meteorolóxicas que poida haber.

En canto aos servizos municipais, outros dos efectos da vaga de lumes foron os danos a determinados concellos, con repercusións tanto no ámbito social como no económico. Algúns deses concellos non poden, nin tan sequera despois do ocorrido, cumprir axeitadamente coa prestación dos servizos mínimos aos que están obrigados, xa que estes se viron afectados enormemente.

Para realizar as tarefas para o restablecemento á normalidade, nestes casos é desexable a máxima colaboración entre administracións, pero non só é que sexa desexable, é que teñen a obriga legal de facelo, como indica a Lei de emerxencias de Galicia, que dispón que as administracións públicas colaborarán nas tarefas de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade.

A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais prestarán asistencia para a elaboración e a execución de plans de recuperación.

Tamén a Lei reguladora de bases de réxime local di que as deputacións teñen que colaborar para asegurar o acceso da poboación dos concellos afectados ao conxunto de servizos mínimos de competencia municipal.

Así pois, non depende só da vontade e da boa intención, senón que hai unha obriga legal para facelo. A lei obriga as administracións a estudar mecanismos de colaboración e cooperación para realizar as tarefas de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade, cando sexa preciso.

A Xunta de Galicia por agora foi a única administración que ten aprobadas medidas urxentes para a reparación dos danos causados polos incendios. No Decreto 102, de 2017, establécense diversas actuacións que se determinan como necesarias para a recuperación e a volta á normalidade nos concellos afectados pola catástrofe acontecida.

Pero tamén nese decreto se dá amparo á obriga de artellar mecanismos de colaboración e cooperación para realizar tarefas de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade, que establece a Lei de emerxencias de Galicia, xa que nel se establece a posibilidade de



realizar achegas aos concellos mediante convenios de colaboración cofinanciados pola Xunta de Galicia e as deputacións provinciais.

Por iso, señorías, o noso grupo defende que toca traballar, e toca tamén cooperar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nós, no noso grupo, imos apoiar, por suposto, esta PNL que trae o Partido Socialista, aínda que nós entendemos —evidentemente, isto non é unha recriminación ao Partido Socialista senón ao propio Goberno— que urxente xa non é, urxente sería que o Goberno tivera actuado moitísimo antes. Pero, se non foi antes, que sexa agora a través desta PNL, e que poida saír un plan, aínda que o Partido Popular xa nos adiantou que non vai apoiála.

A resposta da Xunta de Galicia despois da vaga de lumes é unha resposta totalmente cosmética e superficial que non está atacando de maneira decidida e ambiciosa o problema ao que nos estamos enfrontando. E xa está habendo escorrentías e contaminación de acuíferos por hidrocarburos, xa está habendo erosión, xa está habendo perda de chan e perda de valor ambiental. Está ocorrendo xa; polo tanto, o voceiro do Partido Popular non pode falar de que se está actuando porque está habendo problemas a día de hoxe porque non se estivo actuando como se debería ter actuado.

Apoiamos que saia adiante este plan urxente; apoiamos, evidentemente, que se dote dunha memoria económica e de prazos de execución para que non quede en declaracións de intencións que lle serven ao Partido Popular para facer titulares e propaganda, pero que despois queda niso, en declaracións de intencións que non chegan a ningún lado; e, por suposto, a restauración dos servizos básicos, porque a xente todos os días consome auga, todos os días precisa enerxía, todos os días utiliza o seu teléfono, e hai moitos sitios onde aínda non está restablecido tres semanas despois.

Onte o presidente dixo con moita tranquilidade, sobre os problemas da rexeneración dos montes, que iso se rexenera, que ese non é un dos principais problemas. Evidentemente, non; hai moitos valores ambientais que non se van rexenerar despois do lume. Non se pode tomar desta maneira tan vaga e con tan pouco criterio este tipo de cuestións. Evidentemente, facían falta protocolos previos que evitaran esta situación, pero os protocolos que hai ou non son suficientes ou non funcionan ou non se poñen en marcha.

Parécenos tamén moi positiva a emenda de adición que aporta o Bloque Nacionalista Galego, que quere pór en marcha eses protocolos especiais para este tipo de situacións. Lin unha

entrevista esta mañá do alcalde de Entrimo que falaba de como estaba o seu concello un ano despois dos lumes que sufriron en setembro do ano pasado. E denuncia que hai zonas que si se recuperaron polas propias condicións do terreo de forma natural, pero que hai outras zonas que perderon moito valor e que houbo erosión, que houbo arrastres e que houbo contaminación de acuíferos. E explica que o motivo é porque se actuou tarde. Despois desta vaga de lumes está ocorrendo exactamente o mesmo.

Evidentemente, parécennos unha burla as emendas que aporta o Partido Popular, que é que se continúe cunhas medidas urxentes que non están funcionando, que non están chegando, que non son ambiciosas, que son cosméticas e superficiais e que teñen o fin fundamental de xestionar a opinión pública pero non de xestionar o verdadeiro problema. E tamén o punto no que din que contribúan á restauración dos servizos básicos. Levamos tres semanas e hai moitos sitios que non teñen servizos básicos, cando tiña que estar actuando xa o Goberno.

Por suposto que os técnicos son os que teñen que explicar e os que teñen que determinar o que hai que facer nos terreos, pero eses técnicos teñen que estar á disposición dos concellos, e os concellos están dicindo que ninguén está colaborando e que ninguén lles está axudando. O gando come e bebe todos os días, a xente bebe todos os días, o chan degrádase cada día e a Xunta de Galicia non está respondendo como debera.

Nós estivemos visitando algúns dos concellos máis afectados polos lumes estes días, como nos recomendou a conselleira do Medio Rural, na mesma comparecencia na que dixo que Cervantes era un bo lugar para visitar pero non para vivir e na mesma comparecencia que dixo que a ordenación do territorio non influía nos incendios e que foi emendada esta mañá polo presidente, falando de ordenación do territorio. Evidentemente, nós cremos moi pouco que vaia haber cambios verdadeiramente estruturais que o modifiquen, pero cando menos o discurso si que o asumen, xa falan das plantas pirófitas, xa falan incluso do cambio climático —¿quen o ía dicir?— e falan tamén da ordenación do monte. Esta emenda fíxoa esta mañá o presidente á conselleira do Medio Rural, pero aínda así non acontece absolutamente nada.

O que nos están dicindo en todos os lugares é que as condicións do monte prevían que algo así puidese suceder. Nós viñámolo dicindo dende hai tempo, pero nos lugares onde estamos visitando a xente está coincidindo tamén nisto. Estannos dicindo que durante os propios incendios fallou a coordinación e fallaron os recursos, estannos dicindo a día de hoxe que a Xunta, despois dos lumes, nin está nin se lle espera, que todo o teñen que xestionar os concellos, que as explotacións agrogandeiras o perderon todo ou moito, que quedaron abandonadas, que as familias con importantes perdas non están sendo acompañadas e que non están recibindo o apoio que están precisando.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa e pedímoslle ao Goberno que actúe de verdade para que o gravísimo dano ambiental que xa aconteceu non vaia a máis e, cando menos, que se minimicen os custos posteriores o máximo posible.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo parlamentario autor da proposición non de lei, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bueno, a nós o que nos gusta é ser rigorosos. Está ben facer películas que logo se trasladan a fóra. A película do terrorismo homicida, do terrorismo incendiario, é unha película que fóra é difícil de comprar, aínda que fose da Warner Bros, ou parecido. Hai moi pouca xente que crea que, efectivamente, Galicia está chea de terroristas incendiarios, igual que hai pouca xente que non saiba ler —lástima que non estea aquí o portavoz do Grupo Parlamentario Popular—.

O artigo 51 do Regulamento di o seguinte —e é o Regulamento, non estou lendo un conto—: «A creación de comisións especiais e o seu eventual carácter mixto ou conxunto respecto doutras xa existentes poderá acordala a Mesa do Parlamento por iniciativa propia, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, e logo de audiencia da Xunta de Portavoces». E, efectivamente, foi así, pediuse, e na Mesa do día 31 de outubro —esta é parte da acta que lles podemos pasar despois, se queren— di o seguinte: «Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 31 de outubro de 2017, a Mesa, consecuentemente, ao abeiro do disposto no artigo 51 do Regulamento e por maioría, co voto en contra da señora vicepresidenta segunda e da señora vicesecretaria, adopta o seguinte acordo: primeiro, non crear unha comisión especial de análise sobre os incendios forestais de Galicia, de acordo co artigo 51 do Regulamento da Cámara». Polo tanto, hai que ser rigorosos, non contar películas e sobre todo non contar mentiras, porque non estamos nunha excursión nun autobús con aquela canción de «tralará, tralará».

E nós queremos dar as grazas aos grupos que van votar a favor. Parécenos a verdade bastante arriscado... Bueno, está ben, non podo repetir as miñas verbas ao portavoz do Grupo Parlamentario Popular, pero si que pode revisar non só o Regulamento senón tamén a gravación da miña intervención previa, e así non me poderá dicir que eu teño que aprender a ler o Regulamento, porque son da escola pública, pero ler, de momento, tamén sei.

Parécenos a verdade un pouco escandaloso que o voceiro do Partido Popular veña aquí dicir que van continuar con, que van continuar con..., sobre todo porque O Xurés e Os Ancares levaban ardendo máis dunha semana e non saía nada en ningún sitio, absolutamente nada. Os medios de comunicación públicos non nos dicían que, efectivamente, había incendios en zonas protexidas. E din vostedes que dende o primeiro momento se fixo un chamamento por parte da Xunta de Galicia. Non é verdade. O primeiro que fixo un chamamento —ademais das redes sociais— foi a Sociedade Galega de Historia Natural, que emitiu un comunicado dicindo o que se podía facer e o que non se podía e o que se debía e o que non se debía facer.

Con relación ás emendas, non aceptamos da emenda do Grupo Parlamentario Popular —son tres puntos— o punto primeiro e o punto segundo. Non hai que continuar nada porque nada está feito, e nada de nada é nada. Pero si parte do seu punto terceiro para engadir ao noso punto terceiro: que se restauren as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios en colaboración con outras administracións competentes.

E aceptamos a emenda do BNG, tanto o relativo a incluír a palabra «especial» para o plan urxente, como o de incluír o que eles nos piden como punto, pero que nós engadimos como último punto —o punto 4— da nosa proposición non de lei.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

*(O señor Puy Fraga pide a palabra.)*

¿Para que pediu a palabra, señor Puy?

**O señor PUY FRAGA:** Para aclarar unhas palabras que se me atribuíron na intervención inmediatamente anterior.

Eu non sei o que pon a acta da Mesa; non sei o que pon porque eu non son responsable das actas da Mesa. O que si sei é o que se falou na Xunta de Portavoces. Cando foi consultada, déuselle audiencia a respecto dunha petición do Grupo Socialista e do de En Marea, que dicían que se crease unha comisión de estudo ou, subsidiariamente, que se levase a pleno unha comisión de investigación.

E o que dixó o portavoz da maioría... *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non.

**O señor PUY FRAGA:** ...—e creo que é importante, dado que houbo moito debate sobre esta cuestión— non era que se rexeitara a comisión de estudo, senón simplemente que o tema se trataría na seguinte reunión da Mesa. Polo tanto, foi iso. Non houbo ningún rexeitamento, o que houbo foi un aprazamento á próxima Mesa...

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. Está entendido.

**O señor PUY FRAGA:** ...para tratar isto. Polo tanto, non digan nin que vetamos nin que votamos cousas que non fixemos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Puy.

Está entendido. Grazas.

**O señor PUY FRAGA:** A realidade é simplemente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** ...que dixemos que despois da comparecencia do presidente trataríamos esa petición.

**O señor PRESIDENTE:** Está entendido, señor Puy. Grazas.

Está entendido.

Eu non estaba no debate, pero sei de que vai a cousa máis ou menos, e creo que quedou todo claro tanto na Xunta de Portavoces como na Mesa. O que si é certo e o que lle podo garantir é que a Mesa do Parlamento cumpriu estritamente o Regulamento; iso está claro. Si, a Mesa cumpriu estritamente o Regulamento. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, xa está. Cumpriu o que di exactamente o Regulamento. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Home, ¡xa está! *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Cumpriuse o que está no Regulamento. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡Cumpriuse o que está no Regulamento!

E agora imos votar, pero votar outra cousa. Imos votar as proposicións non de lei.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Trenor.

Había pendente unha transacción que, se nola len...,

Señor Trenor, se nos le a transacción.

**O señor TRENOR GONZÁLEZ:** «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar na elaboración dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, de maneira que se aprobe no prazo máximo de doce meses; a garantir que os citados plans contén cun amplo proceso de participación e do máximo consenso cos concellos, asociacións ecoloxistas e comunidades locais de cada ámbito territorial; a encadrar estes parques como o centro do Plan de educación ambiental escolar de Galicia xa existente; e —último punto— a incorporar nas novas medidas da Xunta unha planificación específica da loita contra o lume para os espazos protexidos que teña en conta os coñecementos dos técnicos máis cualificados nos parques naturais».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Jaime Castiñeira.

Hai unha transacción que me fixo chegar o señor Castiñeira. É unha transacción longa, cóñécena todos os portavoces; polo tanto, votámola.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rivas Cruz.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Luca Chao.

Parece ser que hai unha transacción. Se nola le, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** O texto quedaría:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Amosar o seu apoio ás actuacións que está a levar o Concello de Santiago de Compostela para poder recuperar as estatuas que obran ilexítimamente en mans da familia do ditador franquista.
2. Unha vez resolto o litixio interposto polo Concello de Santiago sobre a propiedade das estatuas de Abraham e Isaac, de ser o caso, colaborar con esta administración local, na súa condición de lexítima propietaria, nas posibles tarefas de restauración e posta en valor destes bens.
3. Iniciar o procedemento para a declaración BIC das devanditas esculturas, tal e como está anunciado».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do señor Casal.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luís Villares Naveira e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María Dolores Toja.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da súa deputada dona Patricia Vilán.

Hai unha transacción que acepta parte das dúas emendas. Se nola le...

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao seguinte:



1º. Que deseñe un plan especial urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo medidas e accións para loitar contra os procesos erosivos e para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.

2º. Que dote dunha memoria económica este plan, detallando os investimentos e prazos de execución do mesmo para cada unha das actuacións previstas.

3º. Que restaure, en colaboración con outras administracións competentes, as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios.

4º. Que se deseñen protocolos de actuación na rexeneración de superficies queimadas en xeral, atendendo as súas características de solo, pendentes, proximidade a acuíferos, traídas municipais e privadas, correntes de augas e arrastres de terra e consecuencias erosivas que faciliten a actuación inmediata despois do lume».

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

*(Pausa.)*

Hai un fallo técnico, a ver se o damos solucionado.

Definitivamente non vai. Que me axuden aquí os membros da Mesa, temos que votar a man alzada.

Entón... —ao mellor hai sorte e todo—. ¿Votos afirmativos? *(Murmurios.)* Pois mira que sorte, mira que ben, xa está. Nin que estivera preparado.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día.

Debateremos agora o punto 5º, que é o de interpelacións. Debátense de xeito acumulado as interpelacións do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Todas elas van sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais.

**Interpelación de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención dos incendios forestais**

**Interpelación de Dª Paula Quinteiro Araújo e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais**

**Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención e loita contra os incendios forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos o debate.

Ten en primeiro lugar a palabra don José Antonio Quiroga Díaz, do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bos días, deputados, deputadas, conselleira.

Traemos hoxe unha iniciativa concreta, moi específica, que fala do lume, pero tamén fala da prevención e, sobre todo, fala da dilixencia nas cousas públicas, das medidas que o propio Goberno se compromete a xestionar e executar e que precisamente, por problemas de xestión, xera continuas protestas entre os beneficiarios destas axudas, porque pouco importa que se poñan en marcha programas, normas, disposicións, se logo despois o encargado de facelas non xestiona adecuadamente ou non ten a suficiente dilixencia para facelo e para que estas disposicións, normas ou programas actúen adecuadamente para os beneficiarios e para o territorio.

Diante da ameaza do lume que recentemente vimos con dramatismo como devoraba montes, bosques e infraestruturas e mesmo poñía en grave perigo a vida das persoas, non cabe dúbida de que as medidas de prevención son das mellores políticas que se poden poñer en marcha para frear e poñer coto ás vagas de lumes.

As políticas preventivas teñen un amplo abano de materialización: limpeza dos perímetros dos núcleos, que é un dos elementos máis destacados —e por razóns obvias—, a de maior repercusión mediática, pero tamén outras, como a posta en marcha dunha boa política forestal, que será piar clave cando teñamos ese novo plan forestal que deberá prever situacións, planificar faixas de protección, tipificar as distintas especies segundo os usos do chan, etc., etc.

A limpeza dos montes, tanto xestionados polas comunidades veciñais como xestionados directamente pola Xunta, é outro deses piares da política preventiva para facerlle fronte á ameaza do lume.

Hoxe traemos esta iniciativa que ten que ver directamente coa prevención nos montes veciñais, menos mediáticos que os perímetros dos núcleos, pero igual de importantes, xa que son moitos os lumes que se inician e desenvolven nos nosos montes e algúns deles ou varios deles pasan logo a outros ámbitos. En concreto, estamos a falar da limpeza, desbroce, podas nos montes veciñais, unha medida boa, unha medida importante, unha medida preventiva a ter en conta e que debe ter —non cabe dúbida— un gran desenvolvemento nos futuros anos ou exercicios.

As axudas para prevención de incendios forestais consistentes en axudas para limpeza dos montes veciñais foron convocadas a finais de decembro de 2016, aparentemente con tempo suficiente para resolvelas. A ninguén se lle escapa a importancia deste programa de prevención de incendios, que —volvemos repetir— é boa, como dixemos antes. O día 16 de maio de 2017 publicouse no DOG a concesión destas axudas, dando de prazo ata o 30 de setembro para finalizar os traballos, cunha prórroga ata finais de outubro.

A realidade é que entre que se lle pasa a comunicación aos beneficiarios, se pasa á fase de ofertas e proxectos —que teñen que esperar á verificación dos aprobados— e, finalmente, se fai a comunicación ás comunidades de montes veciñais, estas ven transcorrer un tempo vital, un tempo importantísimo que aboca as mesmas comunidades beneficiarias a iniciar os traballos, como pasou este ano, a finais de xuño ou —o que é máis impropio— xa en xullo, en pleno período de alto risco de incendios.

Con esta dinámica as comunidades de montes atópanse que é a partir de xuño —isto pasou este ano— ou en xullo, no peor dos casos, cando teñen que confirmar a confirmación para empezar os traballos, contando só con catro meses para levalos a cabo e tendo en conta que incluimos o prazo de prórroga ata o 31 de outubro.

Precisamente a partir do 1 de xullo entra en vigor a prohibición de traballos con maquinaria nos montes por perigo de incendio a partir de certa hora, co cal resta notablemente a operatividade dos traballos que se poidan levar adiante.

Esta tarefa de prevención, polo tanto, entendemos que se ve freada ou, cando menos, retardada ou ralentizada, imposibilitando levar adiante dun xeito eficaz os labores de prevención e, noutros casos, mesmamente imposibilitando estes traballos. En todo caso, os labores de limpeza de broza, poda e demais débense realizar —entendemos e entenden os expertos— a finais de inverno, principios de primavera e, en todo caso, ao longo da primavera. E precisamente non é o verán a mellor época, estación, para executalos.

Esta situación reflicte, desde o noso punto de vista, a falla de dilixencia do Goberno galego nun asunto tan estratéxico para a masa forestal galega e mesmo para a produción en xeral e a seguridade no mundo rural.

Ademais, propicia que non se empreguen os fondos previstos para a prevención de incendios, tanto deste programa como doutros similares, provocando que á data do 30 de setembro do ano 2017, no que estamos, segundo fontes do sector, só se leven empregado un 25 % dos fondos para prevención de incendios.

Convén recordar que no período 2013 ao 2016, correspondentes ao programa 551B, deixaron de gastarse 38.937.000 euros en accións preventivas e de infraestrutura forestal. E isto é un pouco o que vimos denunciar con esta iniciativa: unha falla de boa xestión, unha falla de dilixencia na *res publica*, que logo provoca que as medidas que están enfocadas, que teñen un bo enfoque, non se poidan cumprimentar, non se poidan executar adecuadamente, e —o que nos parece aínda máis grave— que haxa que devolver ou en todo caso non empregar os cartos orzados para esa finalidade tan estratéxica, tan importante, no tema que nos ocupa todos estes días, que é o lume e as súas consecuencias.

Por todo isto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos. Primeiro, ¿considera o Goberno galego que os prazos establecidos para levar a cabo as tarefas de limpeza nos montes veciñais son os axeitados? E, en segundo lugar, ¿ten pensado o Goberno galego axilizar os prazos de convocatoria, aprobación, resolución definitiva, para que estes traballos de prevención de incendios se poidan levar adiante ao remate do inverno ou, en todo caso, ao longo da primavera, como parece ser o máis adecuado?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Bo día.

Moitas das preguntas que formula esta interpelación xa foron saíndo ao longo do debate destes dous días en moitas intervencións, tamén previamente na propia Comisión 7ª, pero traemos esta interpelación porque entendemos que hai que seguir dando o debate sobre as causas existentes detrás do acontecido, porque, a pesar de que levamos tempo falando deste tema, nós entendemos que nos atopamos con respostas por parte do Goberno que están sendo insuficientes e seguen insistindo en non facer ningún tipo de autocrítica.

Entendemos que moitas das súas declaracións tratan de desviar a atención do verdadeiro problema, porque poñen o foco só nun dos factores —que ninguén nega que existe ese factor—, o dos incendiarios, pero negan o resto das causas, e necesitamos entender que para atender o verdadeiro problema necesitamos ver que as causas son múltiples, porque, se non facemos unha boa diagnose, consideramos que é imposible pór medidas para solucionar a situación.

E, ademais, entendemos que hai afirmacións que son moi irresponsables, porque, por exemplo, afirmar que estivemos ante unha situación totalmente excepcional para nós é cando mínimo irresponsable, porque o que sucedeu coa vaga de lumes non foi unha casualidade, responde a causas profundas, e, de feito, en moitas ocasións neste mesmo pleno, tamén na propia comisión, tamén fóra deste Parlamento, moitos colectivos, moitas asociacións, moitas comunidades de montes dicían que podía producirse; sen ir máis lonxe, cando foi o incendio de Portugal; e vostedes negárono recorrentemente, e por iso é moi útil revisar a hemeroteca nestes días, porque temos memoria e estas cousas son moi recentes. E, entón, non poden

dicir que isto é unha casualidade, unha situación totalmente excepcional. Podía pasar e había moita xente que o estaba avisando.

Para nós é importante tamén entender que o marco do debate non pode limitarse a este Parlamento, porque o debate sobre o modelo de país que necesitamos e sobre o que aconteceu tamén está fóra deste Parlamento. Hai moitísima xente fóra que está debatendo e que está buscando as causas e que ten moi claro qué pasou. Miles de persoas manifestáronse nas principais vilas do país exixindo dúas cuestións: un cambio de modelo e tamén exixindo responsabilidades políticas.

E a todas esas persoas, os concellos afectados, as comunidades de montes, as traballadoras, é as que temos que escoitar, e, por moito que digan, non están escoitando, porque semanas despois había alcaldes de concellos cun 25 % de superficie queimada que non tiñan unha soa chamada de ninguén deste goberno, nin unha soa chamada. Por iso entendemos que non están tomando as medidas que son necesarias, non só no primeiro momento, nestes días críticos, senón tampouco cando pasan as semanas.

Nós pensamos que, ademais, en todos os seus discursos están centrando o foco nunha visión moi curtopracista, que, por suposto, nós entendemos que hai que dar respostas no curto prazo, medidas urxentes, pero tamén é imprescindible que as combinemos cunha mirada a medio e a longo prazo, e nós entendemos que estas medidas estruturais son as que seguen permanecendo ausentes de xeito maioritario en todos os seus discursos.

Seguen entendendo os incendios forestais como unha cuestión illada, cando o que estamos é ante un síntoma —como xa se mencionou tamén en moitas ocasións— dun modelo fracasado, dun modelo de conxunto de país que, se non modificamos por completo, vai levar a que sigan repetíndose sen remedio estas catástrofes humanas ecolóxicas.

Por iso, como dicía, parten dun erro de partida na diagnose, que esperemos que rectifiquen, porque, se non, todas as medidas que poñan en marcha serán insuficientes. As que veñen de anunciar son insuficientes, pero, ademais, á hora de falar deste tema, temos unha complicación engadida. Contrádinse constantemente. Non sabemos se crer o que escriben, o que lexislan, o que din nos seus discursos ou o que di a hemeroteca.

Por unha banda, nos discursos estamos escoitando que non hai que modificar absolutamente nada do seu modelo, que todo se fixo ben, que todo foi produto dunha situación excepcional e que, entón, todas as políticas que levou a cabo o Goberno do Partido Popular foron correctas. Pero, pola outra, presentan medidas en teoría para que isto non volva acontecer, entendendo que si hai cuestións que poden ser susceptibles de mellorarse; medidas, por certo, como xa se comentou, que estaban xa recollidas na lei, polo que non supoñen ningunha novidade. Incluso noutros casos retoman medidas que estaban en vigor ata o ano 2009 e que foron vostedes mesmos os que as rexeitaron.

Por iso, non entendemos esta presentación de medidas, qué queren trasladar con isto. Supoño que o que querían era facer unha propaganda, unha foto marabillosa con trinta medidas que parecían que ían ao fondo da cuestión, pero o único que fan é copiar e pegar algunhas

que xa existían, recuperar algunhas que negaron constantemente e pór como novidades unhas cantas, seis medidas que non estaban recollidas en ningún lugar.

É bastante insultante que anuncien como medidas novidosas, por exemplo, a colaboración da Xunta cos concellos para financiar a limpeza do monte. Entón, se agora poñen en marcha esta medida, ¿non se facía ata o de agora? Hai unha partida específica nos orzamentos, unha partida específica para convenios cos concellos en materia de defensa contra incendios forestais, que, por certo, manteñen exactamente igual que o ano pasado, unha partida claramente insuficiente. Máis diñeiro, por exemplo, ao alugueiro de medios de extinción privados.

Entón, eu pregúntome, a maiores de saír con este cartel, que é moi bonito e marabilloso, como van facer para mellorar a colaboración. Hai unha única maneira de mellorar a colaboración, que é dotándoos orzamentariamente, e entón enuncialo non servirá de nada se manteñen a mesma partida, porque é, como digo, insuficiente.

Outras medidas que volven dicir que son novidosas: as distancias de seguridade. E ¿quen derogou esta medida? É que isto parece xa case unha burla. ¿Ou non se lembran no ano 2012 do que pasou, quen modificou a reforma e a Lei de incendios e quen reduciu as faixas de seguridade de 100 a 50 metros? ¿E quen foi xustamente o impulsor desta modificación? Fernández-Couto. E pensan que mantendo a mesma persoa que leva tantos anos incumprindo a lei ou negando cuestións que viñan por escrito imos crer que van modificar estas políticas.

Outras das medidas, como xa dicía, levan anos bloqueándoas. ¿Canto tempo levan negando que se crearan equipos forestais de investigación para axudar a Policía e a Garda Civil nas investigacións das causas dos lumes? Por moito que agora vendan que queren poñer estes equipos en funcionamento, non foi outro goberno o que negou estes equipos; non, foi o Partido Popular, porque non leva nun ano nin dous nin tres; por desgraza, neste país leva moitos anos gobernando e, entón, non poden agora facer unha emenda á totalidade como se acaban de chegar a este goberno.

Queren un plan forestal participado. E ¿para que queren un plan forestal participado se o que existe non se cumpre? E non o dicimos nós, non o di a oposición, dío o Consello de Contas. Que, por certo, o señor Fernández-Couto tamén dixo que eran opinións non contrastables; non sei entón se ás veces as opinións valen e outras veces xa non.

Falan, por exemplo, tamén de empregar o Banco de Terras. Poden facer a propaganda que queiran —xa llelo dixemos na mesma comparecencia da Comisión—. Con 87.000 euros para o Banco de Terras, ¿como imos dinamizar unha ferramenta como esta se levan anos tras anos desmantelándoa? E, por iso, por moito que repitan que queiran dinamizar o Banco de Terras, se non o dotan orzamentariamente, é imposible.

Por iso, non cremos absolutamente nada dos seus discursos. O que queremos son feitos, e os feitos demóstranse con investimentos reais, con dotación orzamentaria, e no proxecto deste ano non vemos absolutamente reflectida a preocupación que se supón que teñen polo medio rural.

Mentiron cando dixeron que esta era a lexislatura do rural, e menten tamén agora cando falan dos lumes, cando falan de que recoñecen o traballo de todas esas persoas que traballan na loita contra os lumes. A única maneira de recoñecerlles o traballo é dotándoos dunhas condicións laborais dignas; iso é a única maneira de recoñecelo. Cos discursos dálles exactamente igual o que poidamos dicir aquí aos traballadores e traballadoras. Se van seguir tendo salarios miserentos, traballando tres meses ao ano, iso non é unha maneira de recoñecelos.

Outra pregunta que formulamos tamén nesta interpelación fala do Pladiga, e tampouco nestas medidas atopamos ningunha medida en relación co Pladiga. Por iso queremos preguntarlles se teñen pensado facer autocrítica necesaria para cambiar o Pladiga como se merece, porque este ano —xa se dixo en moitas ocasións— presentouse catro días antes do período de alto risco.

A comparecencia tamén do Pladiga —xa o repetín tamén na Comisión— hai que vela, jeh!, porque as declaracións de Fernández-Couto merecen moito a pena: era un Pladiga marabilloso, era un Pladiga que era a ferramenta máis útil. Unha ferramenta que se demostrou fracasada; 15.000 hectáreas era o que se prevía como obxectivo para este ano; nunha fin de semana arderon máis do dobre. E non só iso, porque o Pladiga tivo millóns de defectos, porque enténdeno como un mero trámite.

E, para rematar, para min a parte que tamén é a máis importante desta interpelación é a última pregunta, e a última pregunta é se van asumir responsabilidades políticas. Entendemos que non, porque as declaracións do señor presidente fannos entender que non, pero nós volvemos incidir. ¿Cren que mantendo a mesma xente que leva tantos anos levando a cabo estas políticas van poder vender que van facer outro tipo de políticas? Porque se supón que queren facer outro tipo de políticas ou iso están anunciando.

Pero nós volvemos dicir: cremos que o único que é é propaganda. Entón, asuman responsabilidades, falen do conxunto de políticas para o país, porque do que temos que falar é tamén da ordenación do territorio, da dinamización...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...do noso rural, para frear o despoboamento, recuperar todo o emprego perdido no rural, e diso non escoitamos nin unha soa palabra, e iso son as políticas de prevención que necesitamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira.

Ano seco este onde os haxa, fillo do ano anterior e neto de 2015, que xa apuntaba maneiras. Todo semella indicar que nos enfrontamos a un ciclo climático que se está caracterizando polas altas temperaturas en calquera época, ausencia de chuvias en xeral e sequidade extrema. Isto trae consigo unha desestacionalización das épocas perigosas para os lumes.

Viñamos tamén denunciando e denunciando que isto era verdade e que ían sendo horas de tomar en serio isto dos lumes. Case todos estabamos de acordo en que o Servizo de Extinción debiera ser reforzado e que a prevención era algo que o Goberno tiña que tomar en serio. A pesar do dito, o Pladiga presentouse con lumes, tarde e daquela maneira.

En Portugal o novo Goberno, vendo o caos acumulado de lumes nos últimos anos, tomaba a decisión de decretar unha moratoria ao eucalipto e reformular a súa política forestal. Meses máis tarde, a xeito de resposta, o inferno de Pedrógão deixaba sesenta e bastantes mortes, un cento longo de feridos e o terror e a impotencia en milleiros de persoas.

Aquí recibiamos moitas advertencias, e un aviso serio, Verín, onde, por auténtico milagre e pola pericia dun home, non houbo vítimas. E así, cunhas características climáticas de verán continuado, chegamos a fins de setembro e por decreto este Goberno creu que os lumes se retiraban a descansar.

Xa era outono e o calendario mandaba licenciar os fixos-descontinuos, 936 efectivos humanos, que, sumados ás brigadas municipais, que ían rematando tamén o seu período, deixaban o monte desprotexido.

O día 11 de outubro a cousa non pintaba ben e o director xeral de Montes advirte que a situación pode rematar en catástrofe. E aquí comeza o descontrol máis infame. Chámase os 436 do Servizo de Extinción e os 500 de Seaga fixos-descontinuos, de tres meses, e crese que con isto está todo solucionado.

A partir de aí a improvisación toma o poder. O día 14 sabíase con certeza que un ciclón con ventos excesivamente cálidos e secos tropezaría con Galicia e deixaría ventos sostidos superiores aos 90 quilómetros/hora.

O domingo 15 a certeza era absoluta. Non houbo declaración de emerxencia, non houbo gabinete de crise, non se reforzou o 112, non se puxeron en alerta todos os efectivos necesarios para atallar unha situación do calibre que se prevía, non se cerraron as estradas, non houbo recomendacións á poboación. Todo seguía igual, non pasaba nada. A media mañá un vento quente batía nos rostros e anunciaba unha posible traxedia. Logo, improvisación e abandono. Eu diría que confiaron no patrón Santiago e rezaron.

Na Tele e na Radio pública repoñían programas e daban deportes. Calma tensa. Moitos sentimos outra vez a sensación de desgoberno e incompetencia que sentimos cando o *Prestige*, vímonos vendidos e volveu a rabia e o desespero, e onde tocou houbo que improvisar. Que non había auga nin medios, pois as cisternas cargábanse con purín directamente da fosa. Que os bombeiros da Coruña viron pasar as horas sen seren chamados para botar unha man, pois saíron pola súa conta.



As condicións eran extremas, pero o combustible estaba servido aí desde había tempo e quen puxera lume non había de faltar. A ninguén se lle ocorreu convidar a merendar aos que todos sabemos e saben que lles vai o do mecheiro. Mágoa, teríanse evitado moitos focos.

Si, o combustible estaba servido, como consecuencia das políticas caóticas do ir facendo: «ti vai facendo». Un urbanismo sen xeito, con chalés e casas rodeados de pirófitas e matogueira. Unha rede viaria acosada polo arboredo, que, en vez de servir de cortalumes, era un potencial e é un potencial niño de ratoeirás para os viaxeiros. Todo aderezado coa maior das barbaries: un rural abandonado, inactivo e avellentado, con combustible por toda a parte, porque ninguén cumpre coas franxas de seguridade, e desde hai bastantes anos veu a moda de plantar por todo lado árbores, principalmente eses chamados eucaliptos e os piñeiros de sempre. Todo porque o PP defende o negocio.

O señor Feijóo despachouse esta mañá dicindo que o das franxas de seguridade e o seu cumprimento non vai co Partido Popular, é culpa dos concellos e dos particulares. É culpa da política de forestación criminal e terrorista que están permitindo e deseñando. ¿Quen permitiu o incumprimento do Plan forestal? ¿Quen fomentou a plantación indiscriminada e o abandono das actividades agrogandeiras?

Porque sexamos claros, señorías, o que estamos debatendo e vulgando aquí é un modelo de explotación forestal intensiva, desacorde co noso monte, coas características do noso territorio, un monocultivo salvaxe que só interesa a un sector: pasteira, Ence e o taboleiro. E son estes os que foron violentando, co seu consentimento, o Plan forestal ata chegar á burla; son os que están atrás das recomendacións para a elaboración do novo. ¡Non lle é nada, señora conselleira! Pode darlle a aparencia democrática que queira, consultar o sector, faga o que queira, tanto lle me ten. O modelo forestal está deseñado e consolidado: eucalipto con algo de piñeiro, Ence, biomasa, pasta de papel e taboleiro; ¡ata rima! Perdón, algún que outro carballo e castiño (castiñeiro) para disimular, e o ciclo dos dez anos do que falan os expertos cumpriuse outra vez, e cumprírase en períodos cada vez máis curtos, porque o ciclo climático está aí, este ciclo climático seco.

¿A quen lle interesa o rural? Vostede sabe que a case ninguén, aos excursionistas de fin de semana e a catro chalados enchidos de bucolismo romántico ou de nostalxia prehistórica. Pois vai ser que non, señora conselleira. Son cada vez máis as voces que claman por un monte funcional, que saben da necesidade da natureza para o equilibrio dos humanos. Son cada vez máis os que queren un rural vivo para vivir, para conseguiren alimentos sans e non esas porquerías que non sabemos de onde veñen nin como se cultivaron. Son cada vez máis as voces que exixen menos Ence e *acólitos*, menos negocio duns poucos e máis riqueza para a colectividade, que somos moitos, moitísimos.

Desde o BNG hoxe non lle imos pedir contas da crise do lume, estamos a pedirlle contas da política do caos. Vostede ten que darnos contas e darnos os porqués de tanta necidade, de tanto despropósito e de tanto maltrato ao territorio e á xente. Porque vostedes non só permitiron o empobrecemento progresivo da actividade económica do rural, non: vostedes propiciárona, vostedes dilapidaron en cemento ao chou e en subvencións sen xeito os cartos de Europa, vostedes levaron a un camiño cego decenas de miles de explotacións familiares,

vostedes induciron ao éxodo, vostedes pagaron por abandonar a actividade agrogandeira, pagaron por non traballar. ¿Sabe canto mal fixo esta certeza na nosa xente?

Vostedes nunca creron nas potencialidades da xente e do territorio deste país chamado Galicia. Vostedes son os causantes da lamentable situación do rural. Levan gobernándonos toda a vida ao servizo do negocio duns poucos. ¿E que hai do negocio colectivo?

E teñen que nos dar conta deste desaguizado, porque xa está ben de tanta mentira e tanta prepotencia. ¿Que confianza podemos ter cando se botan culpas dunha situación caótica ao silencio e ás supostas tramas incendiarias e cando se somete a poboación ao mutismo dos medios que todos pagamos?

Teñen que nos dar conta de por que gastan un terzo do orzamento da Consellería do Medio Rural no operativo de extinción, porque a prevención é falsa. Se o lume é un problema agora, e antes case non o era, ¿podemos deducir a causa? Cambien a súa política respecto do rural, recuperemos a soberanía alimentaria e o monte de participación social, o monte multifuncional.

As medidas que anunciou onte o señor Feijóo, ademais de restaurar algunha que puxera en marcha o señor Suárez Canal, non van ao miolo do problema, é a estrutura a que fende. O rural élle un todo, e como tal debe de ser tratado. Non lle hai montes sen cultivos agrogandeiros e non hai agricultura nin gandería sen monte. Haille séculos que dependen uns dos outros. Por iso a solución vénlle sendo estrutural.

Recorde que o Bantegal está aí, non porque os nacionalistas radicais o puxeramos, non. Vostede úseo, que é unha das posibles solucións; non faga caso, non contamina, non lle é contaxioso. Claro que agora atoparon unha mina: van dotar o Bantegal con superficie mercé aos montes veciñais que non se adiquen á explotación forestal; si, aqueles montes que dediquen un 20 % a cogomelos, un 20 % a colmeas, un 20 % a kiwis. E non planten. Non están cumprindo co destino imperial que lles marcan.

E vanse incautar das propiedades de descoñecidos. ¿Vostedes expropiando? ¿Vostede vense expropiando? Pois é o que anuncian, porque de verdade que con 87.000 euros de orzamento para o 2018, como para o 2017, o Bantegal está crionizado, e seguirá crionizado.

Mire, as uxfor tampouco lles van facer mal. Había corenta e pico en marcha nun ano e pico. As uxfor familiarícense con elas, úsenas. Só lle teñen un defecto: hai que traballalas. A política de verdade faise con esforzo, hai que implicarse, e non todo son cartos; hai que implicar recursos humanos, que son os máis efectivos e os máis valiosos. En escaso ano e medio había corenta e pico en marcha.

De verdade, señora conselleira, devólvannos a vida, fagan o favor, devólvannos a vida. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Presidente, señorías, bos días.

Acudo de novo ante esta Cámara para tratar de despexar eu creo que algunhas das dúbidas ou todas as dúbidas que veñen reflectidas nos distintos escritos que vostedes rexistraron ao longo de todos estes días, independentemente de que había unha parte, que era a do PSOE, que xa fora antes da vaga dos lumes.

Hai varios temas que a min me gustaría que me clarificaran no tempo que lles corresponde a posteriori, sobre todo o señor Rivas, porque non sei ao que se refire vostede cando di por que non convidamos a merendar a non sei quen; entón, é bo que se clarifique. E, por outro lado, tamén que me clarifique se vostede tilda de terroristas aqueles que plantan, pero se seguen sen tildar de terroristas aqueles que plantan árbores, pero se non tilda de terroristas aqueles que prenden lume. Eu creo que, para poder falar en serio de cara a un futuro, sería bo que clarificara estes dous temas ao respecto.

Independentemente e agardando poder dar resposta a todo isto, dicirlles que en responsabilidades políticas a máxima responsable sen dúbida son eu, e actúo sempre baixo criterios de índole técnica que creo que é bo que todos vostedes saiban e, polo tanto, que a partir de aquí despexemos calquera tipo de dúbida. Porque desde logo que vai haber claridade e transparencia, e a maior claridade e transparencia creo que a tiven na miña comparecencia, tívoo o presidente, pero igual é necesario seguir dicindo como actuamos e por que o fixemos.

Porque cando se pide unha responsabilidade tamén hai que saber cal é o traballo que hai de por medio, e que non sexa unha visión tan simplista, porque o problema ao que nos enfrontamos e ao que nos seguiremos enfrontando ao longo dos próximos anos eu creo que precisa asentamento e sobre todo un diálogo, aínda que haxa polo medio rifirrafes políticos, que tamén son lexítimos. Pero, sobre todo, apartemos certas cousas dun ámbito para centrarnos noutras.

¿Houbo previsión? Eu téñolle que dicir: si, houbo previsión. ¿Púidose facer mellor? Eu agardo que me digan vostedes como se puido facer mellor. Créanme que, despois de sentarme cos distintos técnicos, despois de falar cos distintos xefes de servizo, despois de falar con eses funcionarios ou técnicos que din vostedes que se van seguir aí —¡home!, pois deben de seguir aí porque teñen a súa praza, sen dúbida—, non atopamos mellor fórmula que a que fixemos en canto á previsión durante esa fin de semana.

Primeiro, dicirlles que hai unha época de alto risco no que se refire a incendios, e está ademais limitada a tres meses: é o mes de xullo, agosto e setembro; e unha época variable dun mes; e que, ademais de poder decretar durante este mes época de risco, e tamén noutras épocas do ano, efectivamente, hai flexibilidade para poder facelo. Pero hai que facelo baixo criterios técnicos. E cando digo facelo baixo criterios técnicos é que, aínda facendo así, créanme que algúns deses técnicos, algúns deses funcionarios que vostedes din ao final acabaron no xulgado por denuncias. E esa é a realidade; e continúan aínda no xulgado.

Polo tanto, criterios técnicos, si; argumentación xurídica, toda a do mundo; e, a partir de aí, traballar para facelo o mellor posible.

Co cal o 30 de setembro acababa o maior período de risco de incendios, pero, aínda así, vimos como a vexetación estaba nunha situación extrema, con moi baixo contido en humidade, e iso levounos a adoptar progresivamente medidas de ampliación do dispositivo de incendios.

¿E como se fixo? Non se fixo, señor Rivas, dicindo: 15 de setembro, 15 de outubro, isto é un caos. Non, non se fixo así. Fíxose, primeiro, o venres 7 de outubro, onde se tomaron medidas, primeiro na provincia de Ourense, e esas medidas foron as seguintes, que lle quero relatar.

Foi requirir a incorporación do persoal das brigadas do servizo que estaba de vacacións e autorizar a substitución do persoal de vacacións que non se podía incorporar por estar fóra. Autorizouse, ademais, a substitución de persoal de brigadas de servizo que estaba en situación de incapacidade temporal. Isto fíxose o 7 de outubro, non chegamos ao 15 de outubro.

O martes día 10 de outubro facíase a declaración de época de perigo alto de incendios, ata o día 31 de outubro, e facíase en todo Ourense, e nos distritos forestais de Lugo-Sarria e Terra de Lemos, en Lugo; e Deza-Tabeirós, en Pontevedra. E isto motivou o reinicio da actividade laboral do persoal do Servizo de Extinción de Incendios —aqueles que temos durante tres meses—, que, por primeira vez na historia, e nun mes de outubro, se volveu chamar para volver traballar —a esta xente creóuselle o seu posto de traballo na RPT do ano 2012— e tamén o reinicio da actividade laboral do persoal dos centros de coordinación central e tamén provinciais.

Ao día seguinte, mércores, ante a evolución das previsións meteorolóxicas, motivouse que se declarara época de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, pero xa en toda a comunidade autónoma. E isto supuxo o seguinte: o reinicio da actividade laboral do persoal de tres meses en toda a comunidade autónoma; requiriuse a incorporación do persoal das brigadas e demais persoal que estaba de vacacións, en toda a comunidade autónoma; reactivouse a quenda nocturna, desde as 24 horas ata as 7 da mañá, de todo o persoal do Servizo —porque en baixo risco a quenda é ata as 4 da madrugada—; e reiniciouse a prestación de servizos previstos para o período de alto risco en réxime de gardas para os axentes medioambientais e para os técnicos do Servizo de forma voluntaria.

E o venres día 13 declárase a situación de emerxencia, o cal implica decretar a prolongación de encomenda de Tragsa das 26 brigadas, a encomenda de Seaga das 125 brigadas e a contratación de 3 medios aéreos —2 helicópteros tipo medio con brigadas e 1 helicóptero de coordinación, a maiores do que tiñamos—, e alertabamos o Ministerio da situación, que decidiu reforzar, á parte do operativo que xa tiña en Galicia, cun avión anfíbio con base na Lavacolla, a BRIF de Laza de novo e poñer á disposición de Galicia a UME. Por suposto, para ter máis medios, iso faise a través do centro de coordinación central e faise en coordinación da Xunta de Galicia co MAPAMA. O mesmo pasa tamén coa UME, e para iso hai que declarar situación 1 e situación 2. Esta declaración de emerxencia baseouse no cambio de circunstancias meteorolóxicas e tamén dos incendios.

Miren, señorías, o día 2 de outubro tiñamos previsión de choivas para o día 11 de outubro —é que parece como que aquí hai durante un mes as previsións e, polo tanto que estas non son cambiantes—. O día 5 a previsión de choivas xa se atrasaba ata o día 12 de outubro. Na

previsión do día 9 a probabilidade de choivas xa se refería a partir do día 18 de outubro. E adoptamos a decisión por iso de volver contratar de novo o persoal.

E con iso supoño que quedarán —aínda que só sexa por arriba—, con datos de carácter técnico e con datas, despexadas certas dúbidas de que parece que chegamos ao 15 de outubro mirando pois para o aire, como se estiveramos de vacacións, sen facer as reunións e as coordinacións pertinentes. Non, non, na Xunta de Galicia non se traballa así, na Consellería do Medio Rural non se traballa así. Non o fagan tan simple, porque ao final a poboación non os vai crer, e iso é un perigo cando deixamos de ser cribles. E eu podo ser máis ou menos crible, pero teño os papeis que o demostran e teño os feitos ademais que aí nos están a avalar.

Os traballadores fixos discontinuos de tres meses remataron o contrato o día 30 de setembro, non se botou a ninguén, remata o contrato dun persoal que se destina nun momento determinado á realización de tarefas, igual que outro persoal, como pode ser os socorristas nas praias. ¿Por que? Porque están cinguidos a ese tempo.

Pero —continúo— o día 13 de outubro o informe de Meteogalicia indicaba a baixa probabilidade de choivas. E a partir do luns 16 a previsión era ademais de fortes ventos con temperaturas moi elevadas. Ese mesmo día invértese a previsión de risco de incendios, do IRDI, e, polo tanto, hai que seguir a tomar medidas. E dentro desas medidas, dicirlles que o sábado día 14 se reinicia a prestación dos servizos tamén dos axentes medioambientais e dos técnicos, pero xa non se fai de xeito voluntario, senón que se lles notifica a obrigatoriedade de ter que estar á disposición.

O domingo día 15 incorpóranse tamén ao operativo 128 traballadores de Seaga.

Ese é o relatorio e máis que nada para non seguir insistindo e non seguir repetindo máis veces o mesmo —que lles podo trasladar incluso por escrito—, porque eu creo que debemos de avanzar e, ademais, debemos de avanzar en positivo.

E o día 25 de outubro decidimos, ademais, que ese período de alto risco o tiñamos que manter ata o día 12 de novembro. Pero créanme que non se fixo porque si, isto faise avalado por uns informes de carácter técnico e, por suposto, sempre cunha cabeza arriba, que somos os políticos.

Como consecuencia de todo o que lles dixen anteriormente, unha vez máis —repito— o operativo que houbo no mes de outubro é o operativo maior que endexamais houbo neste servizo e ao longo dun ano, e esa é a realidade. Co cal ¿improvisación? Eu entendo que non. ¿Traballo? Moito. ¿Informes técnicos? Créanme que tamén. E eses técnicos que ás veces din vosdes que se deben de estar ou non pois non dedicaron 8 horas, dedicaron 8, 12 e 16 horas, porque había que intentar facelo ben.

Foron 5.600 persoas as que estiveron ao longo desa fin de semana e loitaron contra o lume, loitaron contra as altas temperaturas, loitaron contra os ventos furacanados e, sobre todo, loitaron contra o maior inimigo, ese que eu chamo e a gran maioría da sociedade chamamos terroristas; e son terroristas, porque por diante levan vidas, e as vidas xa non hai maneira de poder repoñelas.

Pero eses terroristas, non fartos de ver como ardía Galicia e non fartos de escoitar tanto o vicepresidente e mais eu, que estivemos xuntos ao longo de todo o día, e os brigadistas, pero tamén o persoal de incendios, dicir: «isto é unha guerra» —porque era unha guerra—, non estaban fartos de ver como ardía Galicia, e dende as 6 da tarde ata as 12 da noite producíronse 68 novos lumes. Esa foi a realidade de Galicia.

Pero, señorías, había que reaccionar, é dicir, xa pasara, co cal preguntas de reacción e preguntas de acción. ¿E que hai que facer despois de todo iso? Porque créanme que á xente que estivo á fronte do operativo, a todos, independentemente de onde saíran —os voluntarios, o persoal dos concellos—, a todos, a todos hai que darlles as grazas, e temos que facelo en nome dos galegos.

Había que actuar, e o xeito de actuar era poñernos mans á obra e, polo tanto, habilitar. E habilitáronse 20 millóns de euros para poñer á disposición dos afectados. Primeiro, pensando nas persoas —como non podía ser doutro xeito—; despois pensando nas súas vivendas, nos seus establecementos, na reposición da sinalización, na reposición das estradas danadas; pensando nos concellos, que efectivamente puxeron na súa gran maioría todo o que tiñan ao seu dispor para poder loitar contra un vento feroz que o atraía cara ás casas ou que prendera o lume moi preto das casas, e, polo tanto, había que salvagardar vidas.

E incluíronse medidas, medidas nas distintas consellerías. E xa, centrándome na Consellería do Medio Rural, foron 1,5 millóns de euros, 1,5 millóns de euros para a reparación de danos causados a infraestruturas de titularidade privada, para maquinaria, para equipamento forestal. E, por outra banda —como non podía ser doutro xeito—, os gastos de madeira amoredada queimada, para proceder a cortas, para tamén proceder ao seu estelado. E, por suposto, nas explotacións agrogandeiras que tamén se viran ben prexudicadas, tanto as de réxime intensivo como as de réxime extensivo, para as súas infraestruturas, para a súa maquinaria, pero tamén para os almacéns de alimentación que tiñan de cara ao vindeiro ano e que quedaron sen eles, ou mesmo para os centos de colmeas que había espalladas polos distintos lugares. Delas poden ser beneficiarias todas aquelas persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias de terreos forestais, así como os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que sufriran danos como consecuencia da vaga de lumes ou dos labores de extinción deses lumes.

Pero non só podíamos pensar nisto, tiñamos que pensar máis alá. E, polo tanto, hai leis, e esas leis din que está prohibido o pastoreo polo menos durante dous anos nas zonas queimadas. E aí tamén traballamos, para que non teñan que sufrir máis do que xa sufriron. E, polo tanto, vaise facer excepcionalidade, e créanme que non é doado facer esa excepcionalidade. Vaise facer nos montes ou nos terreos forestais afectados polos incendios co fin de evitar eses maiores prexuízos aos nosos gandeiros. Desta forma, os titulares damnificados tanto da última vaga de incendios do mes de outubro como de lumes producidos durante este verán non terán que agardar aos dous anos que contempla a normativa para restaurar esa masa afectada. Os lugares nos que se establecerá esta excepción van ser analizados —están sendo analizados— e, por suposto, avaliados pola Consellería do Medio Rural para determinar ata onde somos capaces de chegar.

Pero tamén había que pensar en algo fundamental para os nosos gandeiros, e era a PAC. E na PAC tamén saben vostedes que nas zonas afectadas non poden introducir eses terreos.

Pois feita a consulta ao FEAGA, con todos os indicativos e todo o traballo de por medio, tam-pouco van ser afectados. E, polo tanto, hai un traballo que hai que agradecer á xente que se está involucrando, de maneira que analiza cada un dos incendios e fai a argumentación precisa. E, a partir de aí, dicirlles que conseguimos que a superficie na campaña 2018 sexa ad-misible para efectos da PAC.

E seguimos traballando e, polo tanto, destinamos 1 millón de euros na anualidade 2017-2018 a axudas deseñadas para minimizar os efectos da seca prolongada e para garantir a submi-nistración de auga ás explotacións gandeiras, no réxime tanto extensivo como intensivo, para aproveitamentos tanto de pastoreo como de cultivos agrarios. E subvencionamos balsas de abastecemento, abrevadoiros, conducións de abastecemento dos mesmos, pozos, capta-cións e conducións de auga, entre outros, así como equipos móbiles ou abrevadoiros móbiles para que poidan levar o seu gando, sobre todo os que o teñen en zonas máis illadas, a algo tan necesario como é a auga.

E destinamos outros 7 millóns de euros —e xa se están executando— para a consolidación dos solos e para restauración das zonas queimadas. Nunha primeira fase, estase a traballar nos 32 lumes de máis de 300 hectáreas que houbo ao longo do ano 2017, e, nunha segunda fase, naqueles onde os técnicos consideran preciso actuar. Para estas actuacións temos 3 millóns de euros para este ano e 4 millóns de euros para o vindeiro ano.

Todas estas axudas, por suposto, explicáronse ao sector, e estívose co sector; a posteriori saíron publicadas. E, polo tanto, o que se está intentando é chegar a todos e cada un dos afectados. Pero non só iso e non podemos seguir só en resarcir todos aqueles danos que houbo ao longo destes días. E, polo tanto, o presidente puntualizaba: «sigamos traballando e sigamos tendéndolles a man aos concellos», os concellos, que, efectivamente, trasladan que non son capaces de facer cumprir. De aí que a prol do rural se vaia dedicar única e ex-clusivamente ao longo do ano 2018 a tarefas de silvicultura, a tarefas de limpeza de montes ou a outras tarefas de valorización forestal unha dotación de 7 millóns de euros.

Pero fomos máis alá e, polo tanto, vai haber programas mixtos de formación e tamén de emprego. É moi importante porque son 80.000 postos de traballo os do eido forestal. E ne-cesitamos man de obra cualificada, pero tamén precisamos persoal que teña coñecementos, os máis próximos ao territorio, non só para que poida actuar nun momento determinado, senón para que o forestal sexa o seu futuro. E, polo tanto, achegarnos cada vez máis aos nosos montes, sabelos mimar e, polo tanto, sabelos coidar.

Este mes está previsto tamén que se aproben as axudas do Goberno central e tamén se está a traballar en solicitar o Fondo de Solidariedade da Unión Europea, que foi creado para in-tervir en casos de catástrofes naturais graves.

Apostamos polo sector, e así o dixeran na comparencia dos orzamentos. Dentro dos 500 millóns de euros que temos de orzamento, 200 están destinados ao eido forestal, e deses 200, hai que dicir que 180 van dirixidos á valorización, prevención e defensa dos montes. No mes de setembro puxemos á disposición de 422 propietarios forestais 11,2 millóns de euros, para que incrementen a capacidade de adaptación e valor medio ambiental dos eco-

sistemas forestais e para accións silvícolas de prevención, co fin de que o territorio estea preparado de cara á campaña do verán do 2018.

¿Que se pretende? Actuar en preto de 6.400 hectáreas do territorio forestal con estas axudas. E á parte, efectivamente, tal e como dicía o señor Quiroga, hai outras axudas, que son os desmontes veciñais en man común, que non só son tarefas de prevención, senón que tamén son para realizar tarefas como a creación de puntos de auga, a limpeza de puntos de auga ou infraestruturas. Estas saen convocadas ano tras ano. Ben é certo que este foi o primeiro ano que se fixo a presentación vía telemática, ben é certo que iso deu os seus problemas, pero tamén ben é certo que traballaremos arreo para que iso supoña un paso máis adiante e, polo tanto, axilidade de cara ao vindeiro ano.

Moitísimas grazas.

Eu creo que, dentro da exposición, quedan polo menos clarificados certos puntos das moitas preguntas que vostedes realizaron para que nós puideramos contestar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, na rolda de réplica, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Quiroga Díaz.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Logo deste extenso relatorio de feitos de versión, xa pensei que se ía esquecer da nosa proposición en concreto, e aledounos, aínda que fose ao final, medio de rondón, que fixese esa concreción e ese compromiso de axilidade. Porque vostedes presumen sempre de boa xestión, de bos xestores, mesmo se presentan como campións da xestión pública, e a realidade vai por outro lado.

O caso que nós hoxe trouxemos aquí é un claro exemplo —e deben tomar nota porque nos interesa a todos— dunha pésima xestión que se estende a outras medidas e programas, e isto, de verdade, créanme, teñen que solucionalo, hai que solucionalo. Non pode quedar así, á deriva.

Non basta con legislar, con programar, con orzar, con anunciar, como se fixo onte pola mañá, unha cantidade, un torrente, unha catarata de medidas, logo hai que ser dilixentes, e vostedes, polo menos neste caso concreto que traemos aquí e que o podiamos estender a outras medidas e programas, non o están a ser; están máis ben instalados na desidia para resolver este tipo de programas, este tipo de medidas tan importantes para o mundo rural. E, por enriba, neste caso concreto, aínda hai expedientes do ano 2016 que están sen pagar e que están certificados, e mesmo eu teño copia dalgún deles que non teñen nome, pero que reflicten esa situación de desidia na xestión pública, e entendemos que non se pode repetir. Volvo reiterar que nos aleda terlle escoitado que van axilizar, que se van propoñer... Ben, damos ese voto de confianza, pero teñen que ser conscientes de que é demasiado o retraso na xestión destas cousas tan importantes para o medio rural, posto que estamos a falar da xestión dos recursos públicos, e a realidade —volvoo repetir— dista moito dos anuncios que fan deses campións da xestión porque logo as cousas van por outros derroteiros.



E se falamos desa medida concreta que nós traíamos hoxe aquí, dos 4 millóns orzados en principio, direille que só se entregaron 3. Quero recordarlle que no seu día —e iso foi a finais de xuño— toda a prensa se fixo eco da mala xestión deste programa. Dos 399 expedientes aprobados a finais de xullo, a punto de entrar o período de máximo risco de incendios, só 126 estaban para empezar os traballos ou tiñan empezados os traballos; isto é un terzo, é moi pouquiño, e débese a esa demora; débese a esa falla de dilixencia, que esperemos logo que este ano ou para a nova convocatoria quede resolto.

Se falamos da limpeza nas 250.000 hectáreas que a Xunta xestiona directamente e que van no capítulo VI, temos que dicir que en setembro e, en concreto, na provincia de Ourense, que é unha das provincias máis afectadas polo lume, a superficie e o investimento na superficie de monte que lles correspondía a estas medidas de desbroce, de podas, de limpeza dos puntos de auga, etc., estaba rondando o 20 %. Esa é a realidade. Un pode facer discursos de eficiencia, pode dicir moitísimas cousas, pero logo está a realidade para amosar a cara amarga desa execución.

E nós o que pedimos para algo tan importante como é a prevención, tanto nos montes veciñais de xestión particular como neste caso ao que aludía ultimamente de xestión pública, é que haxa dilixencia, que saian dese estadio de desidia e que fagan ben as cousas. É algo moi sinxelo o que estamos a pedir. E que tomen nota diso. Esperamos e estaremos vixiantes para ver se realmente isto que nos está dicindo hoxe aquí de que van ser máis áxiles, de que van ser máis operativos e de que van xestionar mellor é verdade. Pero créame —vostede sábeo perfectamente— que son moitos —non só este, ou, polo menos, uns cantos e importantes— programas relacionados coa prevención os que experimentan, ou, mellor dito, os que son vítimas da mala xestión e da desidia.

E, unha vez máis, pregámoslle dilixencia nestes asuntos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Quiroga.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Para nós este volveu ser un discurso na mesma liña do que levan facendo todos estes días; un discurso baleiro.

E di que non se poden facer visións simplistas. Concordo, pero é que penso que dende o único espazo onde se está facendo unha visión simplista é dende o Goberno. Nós levamos moito tempo dicindo que as causas son multifactoriais, que hai que prestar atención a moitísimos factores e que non podemos centrar toda a atención unicamente nunha destas causas. Pero son vostedes os que só queren falar dunha destas causas: dos incendiarios. ¿Que existen? Xa o dixemos, pero hai que falar de moitísimas cuestións máis que están enriba da mesa á hora de abordar o problema dos lumes.

Por exemplo, é significativo que dedicou a maior parte da súa intervención a falar da extinción. As nosas preguntas non ían só referidas a que pasou ese día coa extinción. Hai que pensar a medio e longo prazo. E de todas esas políticas estruturais é das que se negan a falar. Nin unha soa palabra de que modelo do rural, de que modelo de país, de que modelo produtivo; nin unha soa palabra. Esas son as políticas que van servir para facer unha política de prevención.

Despois, como lle digo, ¿como se puido facer mellor? En tres minutos, obviamente, non dá tempo a enumerar... Moitas veces xa foron saíndo, empezando por saír, como dicía, desta visión cortopracista e empezando a entender que a dinamización do rural, a ordenación do territorio ou o despoboamento son factores a ter en conta cando falamos de lumes forestais, non son cuestións alleas que non teñen nada que ver. É un problema complexo, por suposto, pero hai medidas nas que se leva incidindo moito tempo que hai que pór en marcha e que son sinxelas. Por exemplo, o tema das faixas de protección, que agora sacan esa medida. ¡Pois oxalá tiveran esa intención de pór medidas para que se cumpriran, como agora saen!

Un servizo único, público, de prevención e de extinción de incendios. Levamos moito tempo dicindo que teñen que rematar coa precariedade do servizo de moitos traballadores e traballadoras que traballan no servizo de prevención e extinción. Levan moito tempo tamén negándose a aumentar a contratación destas persoas que traballan. E queremos que aumente a contratación non porque nos levantamos un día e digamos: Queremos que contraten a estes traballadores e traballadoras. Non ten nada que ver co problema dos socorristas. É que é unha evidencia, e tampouco o dicimos nós, hai moita xente con estudos técnicos, aos que lles encanta falar de técnicas, que falan do cambio climático. Non se nos ocorreu a nós de repente falar da desestacionalización dos incendios forestais. Cada vez é unha cuestión máis evidente; este abril xa sabemos o que pasou e este outubro xa sabemos o que pasou.

Por iso pediamos que se aumentara a contratación, por iso e porque entendemos que estas son as persoas que coñecen o territorio, que coñecen o noso monte e que van poder desenvolver as tarefas de prevención coa formación axeitada, porque necesitamos traballadores e traballadoras con maior formación, que hai algúns que a teñen, pero necesitamos un modelo de traballadores que estean asentados e non precariedade e cambiar constantemente estas persoas.

Outra cuestión que tampouco nomeou e á que espero que me responde: o Pladiga. ¿Cren que non hai que modificar nada do Pladiga? Ante o que pasou, ¿seguen pensando e este ano van volver presentar o Pladiga en maio, en xuño? ¿Van volver insistir en que o Pladiga sexa un copia e pega todos os anos, practicamente igual, que fala unicamente da extinción? Un Pladiga que é un trámite, non serve; non é un Pladiga que se abra a un debate real das persoas implicadas, como debería ser.

E, claro, ¿como se puido facer mellor? Púidose facer mellor ese día. Non había un mando único, por moito que o repitan. E sempre din: Non, non, hai mando único, e está recollido. Bueno, hai mando único, pero poden falar con moitísima xente que estivo ese día, con moitísimos traballadores de moitísimos servizos. Pregúntelles o caos vivido, porque, claro,

entón, ¿como poden dicir que existe un mando único e por que agora unha das medida que sacan é o mando único? Entón, ¿existía antes? ¿Non existe agora? ¿Cal é a diferenza?

E despois eu, como conclusión, o que vexo é que non queren rectificar absolutamente nada porque din e falan todo o tempo de diálogo, de consenso, pero o único que intentan é que o Partido Popular non saia danado. Repiten medidas só, como digo, no curto prazo, non falan absolutamente nada do que hai que facer pasado este período inicial; pero imos ter memoria e non enganan absolutamente a ninguén. Para tender a man e empezar a traballar o que hai que facer é autocrítica, deixar de mentir, abrir un debate serio e non facer unicamente propaganda.

E xa para rematar, cando falamos de responsabilidades e cando falamos de cesamentos e dimisións, falamos de responsabilidades políticas. O noso grupo fala de responsabilidades políticas, non fala das responsabilidades técnicas, porque o que pasou débese tamén ás políticas que leva aplicando o Goberno do Partido Popular moitos anos, non este último ano. Son moitos anos de despoboamento do rural, de, como digo, de desordenación e de caos do noso territorio. E por iso non sei se se refería tamén ás nosas responsabilidades, que pedimos o cesamento dos responsables políticos, que saben perfectamente quen son.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Vou rematando, señor presidente.

Ou cambian o modelo ou isto se vai volver producir, desgraciadamente. E nós entendemos que, como mínimo, tiñan que dicir que en algo puideron equivocarse. Non entendemos como, despois do acontecido, seguen insistindo en que todo, absolutamente todo, se fixo ben. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, cando falo de convidar, falo de algo que moitos de nós sabemos...; é dicir, os brigadistas saben máis ou menos quen planta lume, sobre todo nas zonas de alto risco. Non nomes concretos, pero sábense os conflitos que hai en todas estas historias. Ese día púidose convidar a merendar a uns cantos deles para telos quietos. É unha especie de medida disuasoria, ¿entende? Sabe o que lle digo. Si, pois si, falo de medidas políticas, non coercitivas; falo diso que sabemos os alcaldes —aínda que fomos pouco tempo— que se pode facer cos nosos medios.

E, sobre todo, eu creo que é necesario botar fóra da cadea unha señora de 73 anos á que lle escapou lume e a un señor, a Miguel, que lle escapou o lume tamén. Eses non son terroristas. *(Aplausos.)* O concepto de terrorismo, de quen permite que un territorio empobreza, facilite o lume, é un concepto manexado sei que alegremente; da mesma maneira que se manexa alegremente o concepto de terrorista con alguén a quen se lle escapa o lume ou con alguén que está mal da cabeza.

A incorporación de Seaga fíxose tateando. Acaban de recoller os EPI, por primeira vez cubríanse as baixas e comezaron primeiro por zonas e ao cabo dunhas horas, de medio día, foron ao total.

Eu preguntáballe onde estivo o peche das estradas. Son das medidas extraordinarias, son dos consellos á poboación, con instrucións de autoprotección, como se fai cando se anuncian vagas de frío ou inundacións. ¿O lume non é unha emerxencia?

O operativo maior que nunca houbo no mes de outubro. ¿Quere que falemos do operativo? Un operativo heteroxéneo, un operativo... É un exército de Pancho Villa, con todos os respectos a quen traballa nel, pero vostedes proporcionan un exército de Pancho Villa, e hai brigadistas de todos os tipos e de todas as cores. Aquí todo o mundo se dedica ao lume e a outros traballos. ¿Falamos dos GES que cambian bombillas e atenden a limpeza de moitos concellos? ¿Falamos de que son obrigados a firmar papeis para prover dunha hora máis diaria o Concello gratuitamente?

¿Sabe como se combate iso que vostedes chaman terroristas e nós chamamos pirados mal intencionados ou xente que...? Con medidas de fondo. Eu do que lle falei foi de medidas de fondo. As franxas de seguridade vostedes botáronas abaixo. Foron o resultado de que a Consellería do Medio Rural, presidida por Suárez Canal, sentou en serio cun equipo a poñerlle man ao asunto. Vostedes o único que fixeron foi, cando chegaron, botalas abaixo, e agora vólvenas recuperar.

Para a recuperación de terreos queimados, vostedes poden botar man, se queren, se lles parece ben, do banco de xermoplasma de variedades pratenses, que temos no Agacal, no Ingacal, que é o máis importante do Estado, e tamén da experiencia que alí hai en canto a estas historias.

Vostede sabe por que non se cumpren as franxas, porque nin os propietarios nin os concellos ven decisión no Goberno para que se cumpra. ¡É así! Vostedes non recordan... Eu recordo tranquilamente... Eu xa vivía no rural, levo toda a miña vida vivindo alí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o digo, non.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non fai falta, non fai falta.

**O señor RIVAS CRUZ:** Non fai falta, ¿verdade, señor presidente? Non fai falta.

Eu recordo no 2006 que baixaba a pescar ao río Tambre por unha zona que estaba repoboada de piñeiros e de eucaliptos, e subían as silvas por riba dos piñeiros tres, catro e cinco metros. Aquilo non se desbrozaba nunca. Recordo que, a raíz de saíren as franxas de protección e os desbroces, a xente rozou todo, ¡todito!, e empezáronse a cortar. ¿Por que? Porque había decisión, porque vían que era un goberno que gobernaba para todos, ¡para todos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non se me alporicen, non se se me alporicen que non estou... Despois do que vimos esta mañá, de que somos todos moi amigos e votamos todos *juntos* xa non teño ganas de alporizarme.

O que pasa é que despois, cando vostedes entraron, reduciron esas franxas, volveron á lasitude, e todo o mundo entendeu a mensaxe: aquí, a caño libre, cada un fai o que lle dá a gana.

Respóndame, señora conselleira: ¿vai iniciar o novo Plan forestal o regreso ás hectáreas que se prevían como tope no 2032 ou imos partir desta realidade vixente? É dicir, ¿vai reducir a superficie ocupada polo eucalipto e piñeiro aos parámetros previstos polo Plan forestal aínda vixente agora ou van partir desta realidade, que era o que eu lle dicía, xa consolidada?

E mire, por último, ¿van dar unha oportunidade ao sentido común e á pervivencia deste país...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...decretando unha moratoria do eucalipto e ordenando o monte, revitalizando a actividade agrogandeira en serio, fixando poboación e dando unha oportunidade á vida ou van seguir patrocinando o negocio de catro en beneficio de ninguén? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Eu creo que teño que respirar con profundidade para non alporizarme tamén, tal e como dicía o señor Rivas. E créame, señor Rivas —e igual por cercanía no espazo onde vivimos un e outro, ou simplemente porque ás veces hai xente que cae ben entre si, é das persoas ás que lle teño aprecio—, creo que hoxe se pasou. Hoxe columpiouse e hoxe dixo unha serie de barbaridades que penso que debe de retirar, ou polo menos o seu grupo deberíalle dicir que iso non o pode dicir.

Primeiro, paréceme moi grave que vostede diga que os alcaldes saben o que está a ocorrer, e máis que o diga vostede, que estivo catro días de alcalde. É que se algún alcalde sabe quen é o incendiario na súa zona e non o di está cometendo un delito, e o delito non é grave, é gravísimo. (Aplausos.) ¡É unha barbaridade! ¡Alá cada un coa súa irresponsabilidade, pero maior burrada eu endexamais a escoitei! (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.) O Gustavo de Agolada está, a Deus grazas, no cárcere; a Deus grazas, os veciños colaboraron e a Deus grazas os equipos de extinción fixérono moi ben ao longo deste ano porque, se non, tamén podería haber algunha desgraza, porque un brigadista foise inconsciente dun dese lumes. E créame que o alcalde colaborou no Gustavo de Agolada, non ocultou o Gustavo de Agolada; co cal, eu creo que debemos ser un pouco máis serios cando falamos de lumes porque o que prende lume é un terrorista, pero o que oculta ese terrorista ¡coidado co seu cualificativo!

Por outro lado, cando vostede fala dos GES e do traballo que fan os GES, teñen un representante na Fegamp, e ese representante na Fegamp avalou o labor dos GES. Non podemos dicir unha cousa nun lado e dicir a contraria no outro. Pero eses GES, polo menos o 50 %, créanme que están en concellos nos cales vostedes gobernan ou vostedes están cogobernando; co cal, coidado, porque ás veces igual xa estamos preto do mediodía, igual estamos cansados, igual utilizamos un tono amable e afable, que é o que debemos facer, pero pola nosa boca saen cousas que son terribles.

A partir de aí, diferenzas entre o ano 2007 e o 2012, que fixemos e que non fixemos e como o estamos a facer... Miren, no ano 2007 había concreción total no que á lei se refire e en como tiñamos que facer a medición para ter as franxas de seguridade limpas. Eu era alcaldesa naquel entón. ¡Imposible! Os técnicos víano imposible, non só os políticos. Había inseguridade xurídica. Era imposible a súa aplicación, os conceptos da lei eran «arredor de...» ou «núcleo poboacional». A partir de aí faise un traballo e no ano 2012 cámbiase. E fálase de concreción, de seguridade xurídica, fálase de paramento, no caso de edificacións, fálase de peches perimetrais, en gasoleiras e cámpings, fálase de 50 metros, pero non dende un núcleo de poboación así porque así, senón que falamos do límite do núcleo urbano, do núcleo rural e das zonas urbanizables. Esa é a diferenza entre a lei do ano 2007 e a lei do ano 2012; co cal, dígame vostede: ¿antes eran 100 metros desde onde, se era inaplicable? E agora son 50 metros, e todo o mundo ten claro desde onde os debe aplicar.

Cando di que a Xunta non actúa e que, polo tanto, aquí non cumpre nin quen debe cumprir, que é o propietario do monte, pero tampouco os alcaldes, eu teño que dicirlle que só neste ano, no ano 2017, levamos un total de 2.683 expedientes. Son 2.683 expedientes, onde houbo que, efectivamente, ir ao lugar e comprobar o que se estaba a realizar. E créanme que moitos destes expedientes nin sequera lle pertencían á Xunta de Galicia senón que tiñan que facelo os concellos. Pero, claro, despois, atópome con cousas como estas, e ademais o que vou facer é tapar o nome do concello. E se fora do Partido Popular, estaríalle dicindo agora mesmo: a ver, ¿a que está xogando? Non é, igual podería ser, pero non é do Partido Popular.

O que non podemos permitir —e, polo tanto, a sensatez dunha vez por todas ha de impedir— é que unha señora vaia dicir: coidado que, ao carón da miña casa e nun núcleo estase facendo unha plantación, e estase facendo unha plantación dun eucaliptal grande. ¿E sabe o que lle responden desde este concello? Pois dinlle que ten que primeiro rellenar un impreso —ela fai un escrito—. Dinlle: rellene vostede un impreso. Este impreso é dunha taxa de autoliquidación. Ten que estar debidamente cuberto ese lado pola entidade bancaria, ao que se ten que adxuntar ese mesmo escrito que vostede presentou ou ben o recibo de pagamento conforme se realizou o ingreso correspondente segundo a ordenanza fiscal dese propio concello. E esa ordenanza di o seguinte: que para iniciar o expediente o que ten que facer é depositar 100 euros, para que se mova o técnico e vaia comprobar se en realidade a señora ten ou non razón.

Isto é, señor Rivas, o que están facendo algúns dos concellos; ao cal lles temos que dicir que isto, de ningunha das maneiras. Non me estraña que despois a xente, ao final, estea cabreada e estea cabreada con todo o mundo.

Eu creo que agora si que chegou o momento de que cada un asuma as súas responsabilidades. Por suposto, a Xunta de Galicia, a primeira, por suposto. Esta conselleira non vai botar balóns fóra, pero a lei é moi clara. (*Aplausos.*) A lei é moi clara e o presidente da Xunta acudiu a este Parlamento a petición propia, tamén a petición de vostedes, e nela o primeiro que dixo foi: creemos unha comisión, unha comisión específica para buscar un acordo de país sobre a política forestal. Pero é que podemos empezar a traballar desde o minuto cero e sen demora, porque teñen agora un momento crucial, que é enriquecer a Lei de acompañamento, e aí podemos traballar, porque seguro que estamos todos de acordo. Tamén estarán de acordo

os alcaldes, estou segura, incluso este alcalde que pon unha taxa de cen euros para iniciar un expediente dunha obriga, que é única e exclusiva del. Esta proposta está avalada, ademais, por un paquete de medidas, e nese paquete de medidas vai a prevención, vai a ordenación, señora Quinteiro, e tamén vai a dinamización socioeconómica, que é fundamental.

E, ademais, o presidente da Xunta dixo: poñamos en valor o monte. Por suposto, pero, á parte de poñer en valor o monte, colaboremos —e xa o estamos a facer— Xunta e concellos para financiar a limpeza das franxas de seguridade. ¡Vaíamos máis alá!

Garantamos que o cen por cento dos concellos galegos teñan bombeiros ou brigadas. Créanme que o que non ten unha brigada neste momento é porque non a quixo. ¡É que se lle ofreceu a todo o mundo! É que son once millóns de euros ao longo de tres anos: once, máis once, máis once, trinta e tres millóns de euros. O que non ten brigada é porque non a quixo, pero tamén chega o momento de posicionarnos e de dicir: deben ter as brigadas, ¿e por que non van ter as brigadas?

O Aprol rural, dedicado única e exclusivamente a contratar persoal para o mantemento e valorización do monte; a facilitar para actuar nas parcelas de titular descoñecido. Efectivamente, que era engorroso poder chegar ata o final; pois facilitémolo agora. A incorporación cautelara, o banco de terras das parcelas de propietario descoñecido... E cando falan vostedes de 78.000 euros, a ver, señores, sexamos sensatos, é que destinamos para mobilidade de terras este ano 22 millóns de euros. Mobilización das terras abandonadas, requisitos máis estritos nas faixas de protección. Pois aí debemos de estar absolutamente todos. ¿Participación? Por suposto. E eu animo a todos os grupos parlamentarios a participar na redacción do Plan forestal. Impulso dos plans de ordenación nos 19 distritos, por suposto, empezando polas zonas máis afectadas, que neste caso son Ourense e Pontevedra. E axudas, axudas para que os montes dispoñan dun instrumento de ordenación por anticipado de gasto. Son 4 millóns de euros para dous anos.

As campañas de difusión. Hai que continuar facendo campañas de difusión, pero despois que non se tilde como que son unhas campañas para vender un goberno. Non, non son para vender un goberno. Cando dicíamos «Eu tamén son cortalumes», é para concienciar de que cada un de nós podemos facer moitísimo para que non haxa lumes, e sobre todo a sabendas do que me di vostede, que hai alcaldes que son coñecedores de quen son os incendiarios, e que hai que convidar eses incendiarios a merendar para que non provoquen a súa acción. ¡Pero que barbaridade! (*Murmurios.*)

Mellora —non é pena; iso foi o que vostede dixo, e eu pedín, ademais, que se me clarificara, e clarificoume, e aínda foi peor— das zonas de pastoreo en extensivo no sur de Galicia. Efectivamente que temos que optar polo pastoreo e por seguir avanzando na reestruturación parcelaria, especialmente impulsada por particulares, e neste momento son máis de 1.000 hectáreas as que están impulsando aos distintos veciños para impulsar esas concentracións parcelarias.

Simplificación administrativa. É fundamental para todo, é fundamental para entrar nesas faixas de seguridade. É fundamental para pasar esas fincas —e non só esas fincas, tamén eses

montes veciñais en man común— ao banco de terras. E créame, señor Rivas, que non estamos incautando. ¿Pero vostedes queren que sigamos deixando eses montes veciñais en man común á sorte do que ocorra ou en realidade o que pretenden é que se poñan a producir? Se en realidade queren que se poñan a producir, non digan que os estamos incautando. Pero se queren seguir dicindo incautación, pois sigan vostedes coa súa, que nós defenderemos a nosa.

É dicir, é un traballo continuado no cal debemos de participar todos, e sobre todo o que debemos facer é rexeitar, denunciar, repudiar e condenar os incendiarios, e quen non o faga jalá coa súa conciencia! Nunca existe un motivo para prender lume, nunca existe un motivo para que intencionadamente ese lume poida levar vidas por diante.

A partir de aquí, seremos moito mellores se somos unidos, e créanme que durante estes días estiven falando con moita xente, igual que o facía anteriormente, e o que piden é sensatez; única e exclusivamente sensatez.

Estamos a traballar, e estase facendo nunha primeira fase, e se queren saber onde traballamos nesta semana, tamén llelo dou a coñecer, porque creo que é bo que o saiban. Estamos a traballar en Val (en Narón), en Portomeiro (en Val do Dubra), en Cervantes, en Chantada, en Negueira de Muñiz, en Lobios, en Melón, en Pontearreas, nas Neves, en Nigrán e en Salvaterra do Miño.

Creo que é bo que se saiba que isto non é froito da casualidade, senón dunha morea de xente que está loitando para intentar que o dano que fixeron outros, entre todos os galegos o repoñamos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rematado este debate, suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

*Suspéndese a sesión á unha e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no *Fairway* (Fórum do Camiño de Santiago)**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don José Manuel Pérez Seco, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

**O señor PÉREZ SECO:** Moitas grazas, señor presidente.



Señor vicepresidente, señorías, boa tarde.

Despois do éxito da primeira cita do *Fairway* (Fórum do Camiño de Santiago) celebrada en 2015, os próximos días 12, 13 e 14 de novembro celebrarase unha nova edición. O Fórum do Camiño de Santiago é o escaparate para mostrar ou coñecer as novidades do sector; o punto de encontro entre empresas, institucións e destinos turísticos; unha plataforma comercial para axencias centrais de reservas, webs e empresarios de servizos e produtos turísticos do Camiño de Santiago; unha oportunidade para entrar en contacto cun modelo de negocio totalmente novo e deseñado para empresas do Camiño.

Este evento é un punto de referencia para todo o sector profesional ao redor do Camiño ou dos camiños e contará cunha importante presenza internacional. Así, estarán presentes máis de trinta turoperadores de catorce países distintos, entre eles Colombia, Noruega, Irlanda, Brasil, Uruguai, Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Reino Unido, Italia, Alemaña e España. Tamén contará este evento coa representación de sete comunidades autónomas, como son Asturias, Aragón, Cantabria, Castela-León, Navarra, País Vasco e A Rioxa. E tamén estarán representados os concellos polos que discorren os distintos camiños. Botamos en falla a Xunta de Galicia.

Os socialistas apostamos por unha participación activa en todos os ámbitos que poida por parte da Axencia de Turismo de Galicia e en eventos de toda índole, nacionais ou estranxeiros, aínda que sexan de carácter privado, como o Fórum do Camiño de Santiago. A Xunta de Galicia debería colaborar polo menos, como fan outras institucións como a Deputación da Coruña ou o Concello de Santiago, que o fan economicamente e non só nas mesas de traballo.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista faille a seguinte pregunta: ¿cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non participa no *Fairway*?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor López Seco.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señor Pérez Seco, se a pregunta —entendo que non, ou si, non sei— é discutir a calidade do *Fairway*, non hai discusión posible, porque eu non son —nin moito menos— un experto nestes temas —non sei se vostede o é—, pero non teño por que dubidar da calidade do *Fairway*. Pero estamos falando dun evento privado, evento privado, promovido e promocionado por entidades privadas. Entón, a partir de aí o resto da pregunta ou non entendo nada ou teño que entendelo todo, non o sei moi ben.

Entón, ¿por que lle digo isto? Porque —parece que foi vostede; se non foi vostede, dende logo foi alguén do seu grupo parlamentario— preguntoulle isto mesmo á secretaria xeral de

Turismo na súa comparecencia para dar conta dos orzamentos para o ano 2018. Fixo exactamente a mesma pregunta. A pregunta era sinxela: ¿cal é o motivo polo que a Xunta non participa no *Fairway*?, a mesma que me fai vostede agora aquí, e eu, por suposto, teño a obriga e con todo gusto veño contestala, porque a resposta é moi sinxela: a Xunta de Galicia si participa neste evento, no *Fairway*, si participa.

¿E cal é o problema? Que o mesmo que non lle valeu a resposta que lle deu o outro día a secretaria xeral de Turismo pois probablemente non lle valla a resposta que lle dou agora. Nin lle vale a vostede nin lle vale a calquera que llo suxerise —e dígollo con todas as prevencións—, pero, ¿que quere que lle diga? Pódollo dicir aquí con todo o convencemento. E alguén lle puido suxerir que había que facer esta pregunta e insistir en que a participación tiña que ser doutra maneira. E, polo tanto, probablemente seguirá preguntándoo, porque non lle vale a resposta que eu lle dou. E a resposta que lle dou é que a Xunta de Galicia si participa neste evento. ¿Como non imos participar se fala do Camiño de Santiago?

Mire, participa o director xeral de Patrimonio Cultural; vai participar o luns 13 no panel «Camiño de Santiago: 30 anos do primeiro itinerario cultural». Rafael Sánchez, xerente do Xacobeo, participará nas mesas de debate «Capacidade de carga e capacidade de acollida no Camiño Francés», o día 13; «Planificación, coordinación e dixitalización: Camiño Inglés», o día 13; e «Investir no Camiño: Camiño Francés», o día 14. Tamén vai participar o xerente do Xacobeo no panel «Camiño *Outsides*: outros aspectos do Camiño», o día 14. O técnico de comunicacións Xosé Manuel Merelles, responsable da área de comunicación, vai participar na mesa «Marca Galicia, marca Camiño: Camiño de Fisterra e Muxía», o 14 de novembro.

Polo tanto, a Xunta de Galicia si que participa neste evento. Acudimos cada ano a medio centenar de feiras que teñen que ver co Camiño de Santiago. Polo tanto, por suposto podemos participar, e así o facemos, nunha das catro feiras que se celebran en Galicia sobre o Camiño de Santiago ou en calquera outro sitio.

¡Oia!, isto é o que explica os 300.000 peregrinos antes de que remate este ano. Imos chegar a unha marca histórica. En 294.000 estamos agora mesmo. Polo tanto, se todo vai ben, chegaremos. Incrementáronse un 8,46 %, 23.000 peregrinos máis que neste mesmo período do ano 2016, de 179 nacionalidades. Polo tanto, o noso deber é apoiar todos estes eventos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Agora, se falamos de participación económica, porque alguén lle suxire que non estamos aportando a unha empresa privada, non nos imos poñer de acordo nunca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Señor vicepresidente, si, fun eu mesmo na comparecencia da directora da Axencia de Turismo, pero púxenlle o do *Fairway* como exemplo do pouco diálogo que teñen con parte do sector do turismo.

E a raíz de non colaborar economicamente con este evento non sei se ten algo que ver unha xuntanza que tiveron vostedes, a Xunta de Galicia, cun concelleiro do propio partido seu do Concello de Santiago e os propios organizadores, onde se comprometeron verbalmente a colaborar cunha cantidade económica, por certo, moi inferior á que aporta a Deputación da Coruña.

E tamén teño outra información que ao mellor..., é dicir, a organización propúxolle á Xunta de Galicia no 2014, cando empezaron a planificar o evento de 2015, organizar este evento, que na actualidade é un punto de referencia para todo o sector profesional do Camiño a nivel nacional e internacional. Pero o Goberno galego daquela non debeu de velo con bos ollos e apartouse da organización.

E, por último, coincidencia ou non coincidencia, o mesmo día que se registrou a pregunta a Xunta de Galicia comunícalle á organización que non participa economicamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Turno de peche, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor presidente, moitas grazas.

Señor Pérez Seco —volvo dicir—, a resposta é moi sinxela. Vostede dáme datos que lle dan os organizadores, os organizadores son empresas privadas. Tráeme aquí —e o meu deber é vir— para dicir por que non colaboramos cunhas empresas privadas que organizan un evento con ánimo de lucro, por que non participamos economicamente para que o lucro poida ser o que eles esperan. É o que me pregunta directamente. É o que me pregunta. Polo tanto, eu teño a obriga de vir aquí, pero quero dicirlle que ou non entendo nada ou entendo todo. Transmítalles aos que lle dan eses datos, aos organizadores —insisto nesta Cámara e que quede en acta: empresas privadas— que a Xunta, primeiro, si que participa —xa llo dixen—. Creo que o importante é que participe nas mesas que lle dixen.

E, segundo, joia!, é que tamén participamos economicamente, a través do Clúster de Turismo, que participa. ¿E quen financia o Clúster de Turismo nunha parte moi importante? A Xunta de Galicia. Decidiu participar alí. Pois aí ten xa a participación económica da Xunta de Galicia, se é o que lle interesa, se é o que quere.

O que me sorprende é que vostede, un parlamentario, veña aquí preguntarme exactamente por que uns compromisos cuns organizadores privados non se respectan, se vostede di que se chegou a eses compromisos. Mire, non o sei. Á Xunta de Galicia o que lle interesa é o in-

terese xeral; os intereses privados non nos interesan, como lles interesan a algúns que me fan unhas preguntas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún protocolo de actuación e xestión da comunicación de crise**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Das múltiples cuestións que temos que analizar arredor da vaga dos lumes, unha moi importante —ou polo menos así o vemos desde o BNG— é a información á poboación. E no 15 de outubro quedou claro que os incendios deixaron queimados tamén os medios de comunicación públicos, (*Aplausos.*) medios públicos que tiveron un papel absolutamente indignante mentres Galiza ardía, que non cumpriron a función de servizo público e que deixaron soas milleiros de galegas e galegos. Non só non interromperon a programación, senón que, mentres que ducias de persoas estaban atrapadas no túnel da Cañiza, ¿que facía a Radio Galega? Pórlles un partido de fútbol no *Galicia en goles*. Mentres centos de persoas tiñan as lapas á porta da casa, ¿que facía a Televisión pública de Galiza? Pórlles o *Luar* e despois o *Land Rober*, e despois *Serramoura*. Un escándalo.

Unha Radio e Televisión que non estiveron á altura das circunstancias, que non cumpriron coa súa función de servizo público e que non serviron para atender as necesidades da poboación que as mantén economicamente. E lémbrolles que as galegas e galegos pagan dos seus petos máis de 100 millóns de euros ao ano para soster a CRTVG, no concreto 107 millóns de euros para o ano 2018.

O director xeral da Corporación, de vacacións —recoñeceuno el mesmo na comisión de seguimento—, e non houbo nin unha soa persoa con capacidade ou con autoridade suficiente para iniciar unha programación especial ao servizo das galegas e dos galegos. Foi unha canle privada, española, La Sexta, a que comezou a informar da situación antes mesmo que os medios públicos do noso país. Bochornoso e inadmisíbel.

E o papel da Xunta de Galiza en termos de comunicación non foi menos indecente. O señor Feijóo e o seu Goberno estiveron máis preocupados por vender o seu relato autoexculpatorio que de informar a poboación. Gastaron 77.000 euros en publicidade para difundir a súa verdade revelada, a súa verdade oficial. ¿Sabe canto nos custou ás galegas e aos galegos o seu anuncio en páxina impar e a toda cor? 481 euros cada liña, 481 euros cada liña. Iso si, desde a Xunta de Galiza non se informou sobre o estado das infraestruturas, sobre medidas de au-

toprotección diante das lapas. Nin sequera proporcionaron información para desmentir os bulos, as informacións falsas que se estaban a distribuír entre as redes sociais.

Por iso, facémoslle dúas preguntas, claramente: ¿van permitir que compareza o director xeral da CRTVG na comisión de seguimento para dar explicacións ou o PP volverá vetar esa comparecencia? E outra, señor Rueda: ¿teñen vostedes algún protocolo de xestión de comunicación de crise ou simplemente o 15 de outubro decidiron non aplicalo? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, todo isto que me dixó agora xa o dixeron vostedes en Twitter e dixérono noutros sitios, pero eu seguí o seu Twitter durante a xornada dos lumes. E, claro, eu chego a pensar: vostedes probablemente pola mañá ven o Twitter do BNG, veno durante todo o día, e pola noite volven ver o Twitter do BNG, e probablemente se preguntarán por que non gobernan por maioría absoluta en Galicia e probablemente no resto do mundo. (*Murmurios.*) Porque todo o que din alí é a comunicación, é o que a xente ten que ver e, se non ve iso, nin está informada nin existe a comunicación. Afortunadamente, existe moito máis que o Twitter do BNG, señora Rodil, e, polo tanto, as cousas fanse ben en comunicación.

Mire, supoño que, despois destes días de intentar, por terra, mar e aire, e dende o primeiro día xa estaban convocando vostedes manifestacións, cando os lumes aínda estaban sen apagar —esa é a comunicación que lles interesaba—, dende o primeiro día estiveron intentando dicir moitas cousas que dixeron tamén dende o primeiro día, dixérono o día que compareceu a conselleira do Medio Rural, dixérono onte canto compareceu o presidente e supoño que o seguirán dicindo. Pero, como se lles van desmontando, agora queda a posverdade do flanco da comunicación, que é o que van empezar agora, e cóntannos unha serie de cousas que, á forza de repetilas —aínda que non sexan certas—, a ver se a xente lles vai crendo, e, se non, póneno no Twitter do BNG, que é o único que a xente pode tomar como verdadeiro. Pero non é así.

Entón, eu téñolle que contar que se seguiron os protocolos de comunicación nunha situación moi difícil, é o que había que facer, e vostede sábeo perfectamente. Claro, como non entende como está organizado todo isto e entende que o director da Televisión de Galicia ten que responder diante do Parlamento e non lle dá ordes a Xunta de Galicia, vostedes confúndeo todo. Supoño que, se tiveran oportunidade, si que lle darían ordes e lle pedirían contas se non as cumprira, pero nós non somos así.

Entón, a Xunta de Galicia o que fixo foi informar como Xunta de Galicia. E o que se fixo foi durante todo o episodio de lumes informar dos lumes de máis de 20 hectáreas, informar daqueles que afectaban parques naturais, daqueles que afectaban vivendas, cando pasaban á situación 2, por suposto creouse o gabinete de crise de comunicación e foise dando información, a información que era necesaria. Estiveron os teléfonos que os xornalistas coñecen

e recoñecen á disposición para dar toda a información. Esas eran as canles de comunicación ás que se dirixían os xornalistas en busca de información que despois se difundía.

A Xunta de Galicia tentou —creo que o conseguiu— dar a información ao máximo nivel. Estivo a conselleira do Medio Rural, estiven eu mesmo, estivo o presidente no centro de control, estivo o director xeral de Montes, intentando dar a información centralizada, información da que se dispoñía e información fidedigna, rigorosa, sen bulos e sen alarmismo.

Despois podemos falar, na segunda parte, entre outras cousas, da información que deu a Televisión de Galicia, que non ten absolutamente nada que ver co que di vostede, que é exactamente o mesmo que di o Twitter do BNG. Xa digo: probablemente non entenderán, vendo o Twitter do BNG, por que non gobernan en Galicia, como non entenden tantas cousas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu vexo a vostede, vicepresidente, interesado polo Twitter... (*Murmurios.*) —Non, eu dáballo as grazas ao señor Santalices..., é igual—. Eu vexo a vostede preocupado, ¿non?, polo que dicía, polo que comentaba o Bloque Nacionalista Galego na súa conta oficial de Twitter. Do que debería estar preocupado vostede é do que non dicía a conta oficial da Vicepresidencia da Xunta de Galiza (*Aplausos.*) en materia de información de servizo durante o 15 de outubro, e pode vostede consultalo, porque o bo que ten o Twitter é que non se borra o *timeline*.

E para poñerlle algún exemplo, mire: retuiteouno a vostede cando chegou ao posto de mando avanzado ás 15 horas, ás 15.06 para ser exactas, e despois non volveu distribuír ningún tipo de información de servizo até as 2 da mañá, na que fixeron unha infografía que penduraron na súa conta oficial con recomendacións (*Aplausos.*) para a poboación, ás 2 da mañá; e había 14 situacións nivel 2 decretadas xa pola Consellería do Medio Rural.

Eu pídlle ao presidente da Corporación da Radio e Televisión de Galiza —fixémolo xa na Comisión de Control— as responsabilidades que ten. E teño que lembrarllas que ao señor Sánchez Izquierdo o puxeron a dedo vostedes e o manteñen desde o ano 2009, (*Aplausos.*) vostedes, no seu cargo.

Eu, segundo vostede, non me entendo de nada. Xa estamos afeitas nesta Cámara a que aquí as únicas persoas listas son as deputadas e deputados do Partido Popular, pero nós o que queremos desde o BNG é que fagamos autocrítica, que fagamos colectivamente autocrítica desde todos os puntos de vista posibles, entre eles tamén a información e a comunicación, que debe ter como público principal e obxectivo a poboación. Que hai que dar información de servizo e non só publicidade e propaganda, que hai que dicirlle á xente que infraestruturas están cortadas e cal é a situación do tráfico, das conexións ferroviarias, que é o que hai que

facer se temos as lapas á porta da casa. E, sobre todo, o que non é admisíbel, porque vostede a min acúsame de todo, pero non nega que a programación que había o 15 de outubro até as 11 da noite...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...na Televisión e na Radio públicas deste país era puro entretemento. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Peche desta pregunta, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas.

Señora Rodil, mire, eu sigo o Twitter do BNG, como sigo outras contas oficiais, para saber o que se conta e o que non se conta, e o que se conta mal. E vostedes contaron moitísimas cousas mal e fixeron moitísima desinformación. Por iso llo digo. E, afortunadamente, a situación é diferente. Pero se non lle gusta que consulte o que din vostedes, pero é que ás veces hai que saber o que se está contando mal para informar ben a poboación. Esa é razón.

E unha das cousas que contan mal, e que repiten moitas veces nesa posverdade, que intentan que se converta en verdade —e non o van conseguir—, é o que fixo a Televisión de Galicia. Están dicindo: non, non, non se fixo nada, non sei ata que hora dixo..., ata tardísimo. ¡Oia!, a Televisión de Galicia, eu estaba alí, vostede non estaba, tampouco tiña por que estar, era o meu deber, estaba en Pazos de Borbén, e fixeron unha conexión en directo, (*Murmurios.*) pola mañá, para informar do lume, que naquel momento era o lume máis grave que se estaba producindo. Conexión en directo pola mañá desde Pazos de Borbén. (*Murmurios.*) Despois houbo un telexornal do mediodía, que vostede evidentemente non viu, abriuse co tema dos lumes, ocupou máis da terceira parte xa naquel momento, ás 3 da tarde, case o 40 % da información dese telexornal: os lumes en Galicia. Vostedes iso non o viron, porque a Televisión de Galicia empezou a informar —non sei a que hora dixo— ás 4 ou ás 5 da madrugada. Xa o telexornal do mediodía empezou a informar.

Despois o telexornal serán, ¿saben cantas noticias dedicou o telexornal serán? Segundo vostedes, faltaban moitas horas para que a Televisión de Galicia se dera conta nin tan sequera de que había incendios en Galicia. ¿Sabe cantas noticias dedicou a falar dos lumes? 26, 26. Despois fíxose un programa especial, estaba previsto arredor das 11 da noite; en canto se tivo noticia das vítimas mortais, empezouse. ¿Sabe ata que hora durou? Ata as 4 da mañá. ¿Sabe cantas horas de emisión houbo ao día seguinte da Televisión de Galicia? 16 horas falando dos lumes. ¿Sabe cantos galegos se conectaron aos informativos da Televisión de Galicia para seguir os lumes entre o 15 e o 16? O 60 %.

Pero claro, segundo vostedes, iso é imposible, porque o Twitter do BNG xa di que ata as 4 da mañá a Televisión de Galicia non se enterou de que había incendios. Esa é a desinformación

e a posverdade, que, por moito que a repitan, non lles vai nin colar nin lles vai servir, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Pero mire, en todo caso, ¿sabe cal é a información que vale de verdade, a información que sería moi útil para todo o mundo? A información que hoxe dixo un deputado que está aí do seu grupo, segundo a cal «a ninguén se lle ocorreu invitar a merendar os que todos sabemos ou saben que lle mandaron mecheiro; ¡mágoa!, evitaríanse moitos fogos». *(Murmurios.)*

Iso díxose hoxe esta mañá aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa información, se a ten, tena que dar e, se non a ten, é increíble que permitan que un deputado do seu grupo estea dicindo iso e non pase nada. A partir de aí, falar de información con vostede —díggollo con todo respecto— paréceme moi pouco serio e moi pouco útil.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora VILÁN LORENZO:** Na semana seguinte ao domingo negro do 15 de outubro, señor vicepresidente, o Consello da Xunta aprobaba un decreto, o 102/2017, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios.

Vou ler o artigo 6 dese decreto, que fala de que «se concederán axudas por falecemento, incapacidade permanente absoluta e lesións que motiven a hospitalización das persoas feridas, sempre que, como resultado das investigacións iniciadas, se determine a existencia de intencionalidade». Repito: «sempre que, como resultado das investigacións iniciadas, se determine a existencia de intencionalidade».

As cantidades desas axudas son unha cantidade de 75.000 euros por falecemento e entre 60 e 103 euros por cada día de hospitalización. O peor é que teñen letra pequena, como eses arrepiantes contratos bancarios con cláusulas abusivas, e semellan unha utilización —digamos— burda das persoas mortas e das súas familias —parécenos—: Angelina Otero, Maximina Iglesias, Marcelino Martínez e Alberto Castromil e as súas familias.

¿Que significa «como resultado das investigacións», señor vicepresidente? ¿Quen vai decidir ese resultado? ¿Cando? ¿Que significa «se determine»? ¿Quen vai determinar? ¿Cando? ¿Que significa «intencionalidade»? ¿Quen a vai determinar? E mentres se determina todo isto, ¿que?

Falaba o presidente da Xunta de terrorismo incendiario, publicidade institucional e mediática que xustifica ou quere xustificar o que di precisamente este artigo: que as familias das persoas mortas e os feridos poden recibir axudas quizais no momento en que haxa unha sen-



tenza firme que probe a intencionalidade por parte de alguén despois de moitos anos de periplos xudiciais que así o digan.

Nós rexeitamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que aparentemente se xogue así coa dor dos familiares só para acadar algún tipo de rédito, que descoñecemos cal é. E por iso a pregunta é moi sinxela: se o seu Goberno considera correcto o tratamento ás vítimas mortais na vaga de lumes do mes de outubro e ás súas familias, fundamentalmente porque o presidente da Xunta, cando saíu a iso das 8 da noite aquel día 15 de outubro, dixo: «as axudas van ser inmediatas».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán: Maximina, Angelina, Alberto e Marcelino, efectivamente. Vostede fala de vítimas mortais, despois xa as nomeou; entón, estamos falando de persoas e das súas familias. Polo tanto, necesitan axuda, necesitan axuda canto antes. E creo que é o que estamos facendo. Creo que é o que non se está discutindo na pregunta. Espero que non sexa iso e que a Xunta de Galicia non puido actuar respecto da concesión de axudas con máis celeridade e con máis certeza. Dígoo tamén por algunha cousa que estamos escoitando por aí e da que tamén podemos falar.

En catro días aprobouse o decreto habilitante das axudas, nunha semana habilitouse a que cada consellería puidera facer as súas convocatorias e, en vez diso, optamos por facer unha convocatoria única, e á semana dese decreto estaban xa publicadas no DOG e a partir de aí comeza o período para que se poidan solicitar.

E, claro, a partir de aí, podemos facer dúas cousas: ou intentar que cheguen a tanta máis xente mellor, por suposto ás familias das catro vítimas mortais, perda irreparable, pero, cando menos, terán esas axudas; non só as familias das catro vítimas mortais, tamén todas as persoas que perderon as súas vivendas, que as viron seriamente danadas, que perderon as súas explotacións comerciais, industriais, as súas propiedades. Para todo iso son as axudas.

Polo tanto, creo que todos deberíamos estar remando na mesma dirección e intentando facilitar as cousas. Dígoo porque representantes do seu partido, moi cualificados, o alcalde de Ponte Caldelas, un dos candidatos agora mesmo moi mediático ocupando diso, pois tampouco non se ocupa moito máis das axudas; en cambio, o único que di é que xa ten un cálculo feito, desanimando a xente a que pida, porque, total, non llas imos dar, son moi complicadas, só o 2 %; xa fixo cálculos, xa sabe cantos tiveron danos, xa sabe cantos van cobrar. E algunha máis que houbo por aí, algunha declaración máis que axuda pouco a que consigamos, efectivamente, o que estamos buscando e o que debiamos buscar todos, que é que as axudas cheguen canto antes.

E non lle caiba ningunha dúbida de que as axudas ás familias das catro vítimas mortais van chegar, sen ningunha dúbida. Non lle caiba ningunha dúbida de que o que está redactado na orde está con toda consciencia. Primeiro, para diferencialo de axudas derivadas de catástrofes naturais, o cal probablemente faría bastante máis complicada a tramitación; e, segundo, porque cremos seriamente que a inmensa maioría dos incendios que se produciron non só o 15 e 16 de outubro en Galicia, senón noutras moitas épocas, foron incendios provocados, foron incendios con intencionalidade ou derivados dun incendio provocado. E iso é o que hai, e contra isto deberíamos loitar todos.

Claro, vendo declaracións como as que se fixeron esta mañá no Parlamento, onde o que hai que facer é dar de merendar aos que lles prenden lume aos montes, é moi difícil. Pero creo que ese non é o camiño, o camiño é outro, o camiño é deter os incendiarios, o camiño é criminalizar os incendiarios e o camiño é non crear confusión, como vostede saca. ¡Oia!, está un prazo para cobrar nas ordes. Vostede xa o obvia. Claro, cústalle moito máis dicir que ten que haber dous anos, sentenza firme e todo iso, que o que fai, ao final, é desanimar a xente, pensar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...que non poden cobrar e que o Goberno galego non fixo o seu traballo. Síntoo, pero fixémoslo. O que lle pido é que reme na mesma dirección. Vexo que, con este tipo de preguntas, é bastante difícil. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Señor vicepresidente, eu nin lle preguntei nin polo alcalde de Ponte Caldelas nin lle preguntei polo que se dixo esta mañá nesta Cámara. Eu creo que fun bastante clara. Eu pregunteille pola expresión «que se determine a través dunha resolución a intencionalidade para poder cobrar esas axudas». Foi o único que lle preguntei.

Por certo, vostedes remitíronse durante toda esta sesión e a pasada ao que se dicía no ano 2006 despois dos incendios. Pois no decreto que naquel momento o Goberno de Emilio Pérez Touriño emitía precisamente tamén para as axudas non se dicía nada desta intencionalidade, unicamente se falaba de que «os danos persoais tivesen a súa orixe nos acontecementos obxecto de regulación deste decreto». Pero nada de nada de ter que determinar ningún tipo de intencionalidade.

Por certo, vostede non estivo excesivamente atento ao que dixo esta mañá o presidente da Xunta, porque dixo expresamente que non terían ningún problema onte —hoxe non, onte—, non terían ningún problema en modificar o que sexa preciso para garantir os dereitos dos galegos falecidos. Iso foi o que dixo o presidente da Xunta.

O outro día, despois do Consello da Xunta, dixo que non era nada máis que unha cláusula de estilo, pero vostede vén dicir que está escrito con toda consciencia —acaba de dicir—. Pois

explíqueo, porque hai unha grande diferenza entre unha cláusula de estilo e estar escrito con toda consciencia, cando no ano 2006 non estaba escrito, nin con consciencia nin sen ela, non aparecía a palabra «intencionalidade» nin ningunha «resolución que se determinase» por parte de ninguén.

Polo tanto, eu o único que lle pregunto, nada máis —é moi sinxelo—, desde este grupo parlamentario, é se vostedes van exixir que se demostre esa intencionalidade para aboar as axudas por danos persoais ou non. Creo que con «si» ou «non» chega que me conteste.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Peche desta pregunta, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Si.

Señora Vilán, supoño que a vostede o que lle preocupa é que a xente cobre, e lle preocupa que cobre rápido, canto antes, e lle preocupa o tema da intencionalidade, que todo o que se redacta nunha orde ten que estar redactado con consciencia, sexan cláusulas de estilo ou non. ¿Ou vostedes, cando redactaban ordes, as cousas que eran máis ou menos importantes, ás que non lle daban importancia moi tal, as redactaban de calquera maneira e lle dedicaban atención en cambio só a unha parte? Nós dedicámoslla a todo, sexan cláusulas de estilo ou non o sexan. Iso é o que quixo dicir o señor presidente, e, por suposto, estiven atento ao que el dixo. Pero é que toda orde, para que saia ben e funcione ben, ten que estar redactada coa máxima consciencia.

E dixen o alcalde de Ponte Caldelas, porque el dixo —e dixeron outros representantes do Partido Socialista, e non só do Partido Socialista— que non vai cobrar case ninguén, o 2 %, que de 90 —90 xustos, xa os ten el calculados— 88 non van cobrar. ¿Cre que iso anima a xente a pedir as axudas? ¿Cre que iso facilita a confianza? Ao mellor o que quere é o contrario —non o sei—, porque, dende logo, se quixera que a xente cobrara canto antes, non debería facer esas declaracións públicas. Por iso lle nomeei o señor alcalde de Ponte Caldelas.

E falando de intencionalidade, claro, ¿que lle preocupa? ¿Que se poida dicir que os incendios eran intencionados? Vostede fala de sacar rédito político na súa pregunta e que nós quereamos, falando de intencionalidade, sacar rédito político facendo esas declaracións. Non, non, quero dicirlle que parece que a vostede lle preocupa que se hai intencionalidade a que non saque rédito político sexa vostede.

Compárame co ano 2006. Por certo, eran 18.000 euros; agora son 75.000, se quere facer comparacións. Pero mire, intencionalidade, ¿sabe o que dicía o señor Rubalcaba, ministro de Interior, naquel momento? Os incendios do ano 2006... (*Murmurios.*) Moléstalle que llo diga, porque, entón, a intencionalidade...

(*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, por favor, vostede non está no uso da palabra.

Silencio, por favor. Silencio, por favor. Silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Non, pero o señor Losada anima bastante, señor presidente. Non se preocupe, que non pasa nada.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

Prosiga.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Os incendios non eran casuais. En Galicia non estamos loitando contra o lume, estamos loitando contra unha banda de desalmados. Pero, claro, aí non hai intencionalidade.

O señor Suárez Canal: estamos ante unha nova tipoloxía de incendio que non só é intencionado senón que intenta provocar o maior dano posible e xerar medo. E abundaba que non era exaxerado falar de tramas terroristas.

Isto era o que se dicía no ano 2006, e agora non se pode falar de intencionalidade, porque iso é unha garantía para que a xente non vaia cobrar. No fondo, ¿que molesta? ¿Que a xente cobre, que cobre rápido, que saquemos axudas indiscriminadas sumando millóns e millóns, como fai a Deputación de Pontevedra, ou que sexamos concretos e digamos o que todos cremos?

Míre, dime que non me preguntou polo que se dixo esta mañá, pero, claro, é que se imos aplicar na orde o que se dixo esta mañá, onde todos sabemos os que son incendiarios pero non teñen ningunha intención os que están no cárcere e teñen que saír, e os que non están no cárcere o que hai que facer é invitalos a merendar en vez de intentar que non queimen e denuncialos ante as forzas da orde, entón probablemente a orde non se pode aplicar. Pero nós queremos aplicar a orde, queremos que cobren canto antes. Está en decembro a data para cobrar. Cando cobren, o que espero, señora Vilán, é que vostede non me faga outra pregunta ou outra afirmación ou unha iniciativa parlamentaria...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...dicindo que vai recorrer, que non quere que esta xente cobre, simplemente porque na súa intención está un rédito político que lle vai ben a vostede, non lles vai ben ás vítimas, non lle vai ben a ninguén, e, ao final, non sacan absolutamente nada.

Póñase a favor. A Xunta de Galicia fixo os deberes e todo isto o que fai é entorpecer que as vítimas cobren as axudas canto antes, e non debe ser así, señora Vilán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para exixir responsabilidades á concesionaria da AP-9 e evitar no futuro novas situacións de colapso como a rexistrada o 27 de outubro na ponte de Rande**

**O señor PRESIDENTE:** Ten vostede a palabra, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señora conselleira.

Queremos falarlle hoxe das retencións e atascos na AP-9, que teñen especial gravidade, como sabe, na ponte de Rande, que, ademais, é un problema recorrente, repetido, pero un problema evitable. Vostede sábeo ben, que na maior parte dos casos é evitable. Pode haber algún accidente que provoque un atasco, pero en moitas ocasións prodúcense porque non se toman medidas, porque non se procuran solucións, sobre todo porque non hai unha actitude contundente coa concesionaria.

O 14 de abril do ano 2017, en plena Semana Santa, titular do *Faro de Vigo*: «Un monumental atasco na AP-9 indigna miles de condutores, con colas de máis de cinco quilómetros». Daquela o BNG presentou unha iniciativa neste Parlamento, que veu ao pleno no mes de xuño, con medidas concretas: abrir un expediente sancionador á concesionaria, aprobar un protocolo de actuación para os atascos ou recuperar o persoal suprimido nas cabinas de peaxes. ¿Sabe o que votou o Partido Popular, vostede incluída, con respecto a estas medidas? Votou en contra; (*Murmurios.*) votou en contra, si, señora conselleira.

A situación volveuse repetir o pasado venres 27 de outubro, con miles de condutores de novo atrapados na ponte de Rande, con retencións de máis de dúas horas na AP-9, cun caos e un colapso monumental tamén na PO-551 en Moaña, con atascos que chegaron ata o límite do concello de Cangas; un monumental caos agravado tamén polo corte das obras do corredor do Morrazo. Tamén cunha causa evitable, señora conselleira, porque foi provocado por obras de asfaltado na ponte de Rande que suprimiron un carril e que fixeron que miles de condutores caeron atrapados nesa trampa porque non se informou dese corte nin se tomaron medidas de previsión para evitar ese caos producido.

Por iso queremos preguntarlle hoxe sobre cal é a posición da Xunta e da súa consellería, porque quen cala outorga. Queremos saber se van seguir con esa actitude de complicidade e permisividade coa concesionaria, que, como sabe, ten como socio maioritario unha empresa estadounidense que se chama Corsario, que ten beneficios de máis de 45 millóns de euros no ano 2016; se van seguir sendo cómplices permisivos con esta empresa; se van xustificar, como fixo no seu día o señor Puy, os atascos, porque todos sufrimos atascos cando imos ás praias no verán, pero a realidade é que non poden ocultarse. Son corresponsábeis, porque

agora, ademais, vostedes tiveron esa marabillosa idea de crear unha comisión bilateral con Fomento, ao máis alto nivel, para facer xestión diaria de todas as decisións relacionadas coa AP-9. Entón, agardamos que tomen decisións despois destes últimos acontecementos.

Por iso, queremos preguntar se van tomar medidas dunha vez, se van exixirlle a Fomento que as tome, que é quen ten realmente as competencias sobre a concesionaria, porque xa sabe que vetaron de maneira vergoñenta a transferencia a esta comunidade. Porque ata agora estamos cansados de que fixese...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...anuncios e que non fixese nada.

Polo tanto, a proposta concreta é se hai algunha medida, algunha solución, cando van facer algo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Xa está entendido. Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...para evitar estes atascos. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Bará, dende o Goberno galego dende logo que temos unha gran preocupación, tamén gran interese, pola AP-9. É unha infraestrutura que vertebra o territorio onde viven un 60 % dos galegos, conecta cinco das grandes cidades, e, polo tanto, vimos mantendo unha política activa en relación coa AP-9, preocupándonos pola calidade do servizo, reclamando e demandando a titularidade da AP-9, porque por suposto estamos convencidos de que ter a xestión directa implicará mellor calidade do servizo. E, señor Bará, pola nosa parte non houbo nunca ningún cambio de criterio, non houbo cambios de criterio, non como outros, que calaban cando gobernaban e logo reclaman cando están na oposición.

Ese goberno non descansará e non estará conforme ata conseguir o máximo, a titularidade da AP-9, e, mentres non consigamos iso, que é o máximo, exixiremos dende logo que se preste a calidade do servizo.

E creo que teño que dicir que nunca temos conseguido tanto como ata agora, porque é a primeira vez que temos unha comisión mixta para ter voz en relación coa AP-9, tamén a primeira vez que se están realizando obras para ampliación da capacidade. Sabe que se están a facer obras en Santiago, ampliando a capacidade na circunvalación de Santiago. En Vigo, como comentaba vostede, na ponte de Rande, imprescindibles sobre todo para evitar colapsos, e unhas obras nas que estamos a facer un especial seguimento, porque na ponte de Rande, tamén na zona de Vigo, estamos a realizar o corredor do Morrazo e grazas a ese se-

guimento continuo por parte da Xunta de Galicia pois os vehículos de orixe destino do Morrazo poderán utilizar tanto os carrís exteriores da ponte de Rande como o propio tronco da ponte de Rande. Polo tanto, seguimento e traballo coordinado.

E, señor Bará, coincidirá comigo en que as obras son necesarias, que se están a executar, e coincidirá tamén comigo en que todas as obras implican moitas veces incidencias no tráfico e levan aparelladas molestias, molestias que moitas veces son inevitables. Pero, en calquera caso, dende logo hai que poñer todos os medios precisos para minimizar esas incidencias e afectar dende logo o menos posible os usuarios da autoestrada AP-9.

E así o temos demandado sempre ao Ministerio de Fomento. Sempre lle estamos demandando, e tamén na comisión, ante circunstancias excepcionais, medidas excepcionais, como cremos que foi unha situación excepcional o pasado 27 de outubro, e estamos traballando nesa comisión bilateral.

Creo que esta está a dar resultados e creo que se teñen reforzado medidas que teñen evitado atascos, como sabe, reabrindo ao tráfico os carrís pechados na AP-9 e no corredor do Morrazo, medidas que eu creo que foron efectivas.

E ante situacións excepcionais, señor Bará, seguiremos insistindo e pedindo medidas necesarias para impedir que os usuarios se vexan afectados polas incidencias que poden causar todas as obras que, como saben, están en execución.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Mire, señora conselleira, hai situacións que son inevitables, pero a do pasado 27 de outubro foi perfectamente evitable, porque fixeron obras ás 8 da mañá dun venres, é dicir, hora punta, que cortaron un carril da ponte de Rande, sen previsión ningunha, sen aviso ningún e creando un monumental colapso. Iso non se pode consentir. E vostedes, xa que crearon esa comisión bilateral, teñen que tomar medidas, e medidas contundentes, para sancionar a concesionaria, para evitar que se volvan producir situacións coma estas, porque teñen unha comisión bilateral, para algo ten que servir.

E, claro, vostede di que demandan a titularidade, a transferencia, a verdade é que con pouco éxito, porque vostedes ao final fan o que lles mandan en Madrid, e vostedes son moi coherentes, pero votan unha cousa pola mañá aquí e a contraria en Madrid. Ao final teñen que achantar, teñen que facer o que lles mandan en Madrid, como fixeron neste caso coa AP-9.

E agora quérennos vender, ademais, que van facer un aforro multimillonario de aquí ao 2048, cando ese aforro, señora conselleira, é consecuencia do novo sistema de cálculo que o Ministerio de Fomento estableceu para compensar a empresa concesionaria polas peaxes da AP-9 nos tramos de Vigo-O Morrazo e A Coruña-Betanzos. Mire, léolle o *Boletín Oficial do*

*Estado*, que supoño que non mentirá: «Os novos importes de compensación calculados co novo sistema son inferiores ao compromiso de gastos autorizados, o cal permite e motiva que a Administración xeral do Estado asuma por completo o financiamento». É dicir, que é un aforro producido polo novo sistema de cálculo.

E están recoñecendo, ademais, que houbo un enriquecemento ilícito por parte da concesionaria ao longo de todos os anos. Esperamos tamén que fagan algo para reclamar a devolución desas cantidades ingresadas indebidamente, segundo di o *Boletín Oficial do Estado*, por parte da concesionaria, porque xa está ben de complicidades e de permitirlle de todo a esta empresa.

Polo tanto, insístolle, señora conselleira: eran evitables eses atascos. ¿Van defender o interese colectivo ou o dunha empresa privada? ¿Van acabar cos abusos das peaxes? ¿Van abrir...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará, rematou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** ...como propuxeron aquí, unha investigación á empresa concesionaria en relación coa calidade do servizo? ¿Van facer esa investigación? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

O único Goberno que deixou blindada a subida da peaxe como consecuencia das obras da AP-9 sabe que está no *Boletín Oficial do 24 de novembro de 2011*: José Blanco, ministro de Fomento, (*Murmurios.*) Partido Socialista, que gobernou con vostede no Bipartito; 1 % acumulativo e o acordo blindado coa concesionaria; o Partido Socialista, que gobernaron con vostedes. Ese é o *Boletín Oficial do Estado*.

En calquera caso, hai diferenza cando gobernan vostedes e cando gobernamos nós. Cando gobernan vostedes, votan en contra da transferencia; agora, na oposición, reclámana. E, en efecto, cando gobernan, fan convenios que obrigan os galegos a pagar, como ata agora, dende o ano 2006, 60 millóns de euros e unha hipoteca de 400 millóns de aquí en adiante. Grazas a este goberno, pois eses 400 millóns de euros non os terán que pagar os galegos. (*Murmurios.*) Si, si, a subvención da peaxe no Morrazo.

E seguen a enganar os galegos dicindo que se a titularidade é da Xunta de Galicia pois virá sendo gratuíta. Iso é unha mentira, sábeo vostede, porque aquí hai unha responsabilidade patrimonial que habería que pagar.

Nós, en cambio, somos coherentes. Sempre defendemos o mesmo e por primeira vez temos participación na AP-9, logramos por primeira vez que desde o ano 2006 non teñamos que pagar 7 millóns de euros ao ano por unha peaxe que é de titularidade estatal; eses 7 millóns de euros a partir do ano 2018 poderémolos destinar a obras que vertebran o noso territorio.



Polo tanto, unha medida importante: evitar 400 millóns de euros que paguen os galegos polo convenio asinado por vostedes.

E, señor Bará, non teñen a exclusiva da defensa dos galegos. A súa, dende logo, é calar e votar en contra da transferencia e pagar cartos cando gobernaban, e nós o que estamos é a traballar para conseguir resultados; resultados, si, eu creo que están á vista. Estamos vixiantes, estamos exixentes e estamos reivindicativos, por suposto que si, porque sempre defendemos que unha peaxe ten que ser correspondida cunha excelente calidade do servizo. E dende o mesmo día que ocorreron os incidentes, o 27 de outubro, o mesmo día, dirixínme ao secretario de Estado, por carta e por *e-mail*, e tamén á concesionaria. Non esperei ao día 30, como rexistra vostede na iniciativa, a preocuparme polo asunto. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Dende o primeiro día me teño dirixido preguntando pola situación.

Solicitamos información, sabemos que adoptaron medidas, por suposto que si, non miramos para outro lado, e preocupámonos dende o primeiro momento. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Bará, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Dende o primeiro día téñome dirixido, o día 27, e vostedes, con todo, esperaron ao día 30; nós, dende o primeiro momento. Polo tanto, uns non somos como outros. Actuamos dende o primeiro momento, medidas excepcionais a situacións excepcionais, e, polo tanto, actuando dende o primeiro momento con dilixencia, vixiantes e dende logo exixentes.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Luís Villares Naveira e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o peche de Conserveira Esteiro SAU pola dirección de Calvo**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Señora conselleira, hoxe están aquí Marimena Santiago, Susana Saborido, Loli Piñeiro e Carlos Canai. Vostedes non saben quen son, porque non ten ningún interese, pero estas persoas pertencen ao Comité de Empresa de Conservas Esteiro, aínda que é mellor chamarlles Calvo-Esteiro, para entendernos mellor.

Están aquí hoxe porque a Xunta de Galicia se nega reiteradamente a recibilos, vostede e o conselleiro de Industria en especial. E están aquí, como non llo poden dicir directamente nunha reunión, para facerlle unha pregunta, a través deste deputado: ¿que vai facer a Xunta de Galicia para impedir o peche da súa empresa e a perda de 300 postos de traballo?

Voume adiantar á súa resposta, porque xa a sei. Non é un traslado, é un peche de empresa, con consecuencias gravísimas para a plantilla directa de Calvo-Esteiro, pero tamén para o emprego indirecto e para a economía do seu contorno.

En Calvo-Esteiro traballan 100 persoas, fundamentalmente mulleres, na súa plantilla fixa, pero tamén traballan 120 persoas con contratos temporais, e ao redor da empresa existen actividades que xeran cerca de 100 empregos. Hai 300 postos de traballo directos e indirectos vinculados a unha empresa.

Non sei se o sabe, pero Calvo-Esteiro é a principal fábrica que hai entre Noia e Carnota. Noia, Serra de Outes, Muros e Carnota non se poden permitir que se peche a principal planta industrial de toda esa comarca, que leva trinta anos xerando emprego e riqueza nesa zona.

Non hai ningunha razón para pechar a empresa. Estamos falando do grupo conserveiro Calvo, 600 millóns de euros de facturación o ano pasado, 50 millóns de beneficios o ano pasado, 16 millóns de euros de dividendos o ano pasado, e alega que non ten 1 millón de euros para modernizar as instalacións de Calvo-Esteiro. Ese é o seu argumento. E cando di que vai trasladar a plantilla, o que está dicindo é que vai pechar un centro produtivo que é a principal empresa entre Noia e Carnota e que vai deixar na rúa 300 persoas.

A Xunta de Galicia non pode ser cómplice desta decisión, por dúas razóns obvias. Primeiro, que unha empresa privada nunca é exactamente unha empresa privada que estea á marxe da economía e da sociedade. E, segundo, porque Calvo-Esteiro recibe ducias, ducias de millóns de euros en subvencións, que as merecen, no seu proceso de internacionalización e desenvolvemento tecnolóxico.

Voulle facer as preguntas:...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...¿por que non reciben o Comité de Empresa e os sindicatos? ¿Por que se negan?

Segundo, ¿que vai facer a Xunta de Galicia para impedir que a principal industria entre Noia e Carnota peche? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señor Casal, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señor Lago —perdón—, eu tamén me quero dirixir ás persoas que o acompañan. A verdade é que un erro me parece que o podo ter. Xa sei que vostedes son os únicos que non se equivocan nunca e os únicos

que nunca cometen un erro. Ás veces falan con algunha imprecisión, pero é algo ao que xa estamos acostumados.

Non teño o gusto de coñecer as persoas que vostede me citaba e que estaban arriba. Creo sinceramente que non me pediron nin sequera unha xuntanza, pero iso quizais para vostedes sexa o de menos.

Mire, nós, no caso de Esteiro–Muros, imos facer dende a Xunta de Galicia o que levamos facendo dende o ano 2009: traballar por intentar conservar os empregos nunha industria tan importante para Galicia como é a industria conserveira, intentar ir a máis xeración de postos de traballo, por suposto que si. E o que está a acontecer na planta de Calvo en Esteiro non é en ningún momento descoñecido para nós. Dende que a finais de setembro tivemos coñecemento das intencións da empresa de pechar ese centro de produción o día 1 de xaneiro de 2018, pois xa nos puxemos a analizar coa propia empresa e cos representantes sindicais as consecuencias desta decisión.

Eu creo que vostede ten que recoñecer, o mesmo que o temos que facer todos, que esta é unha decisión empresarial e que cómpre xestionar polo tanto esta decisión co máximo respecto á legalidade. Ademais, tamén lle garanto que nestes momentos non existe na empresa Calvo ningunha axuda concedida dende ningunha administración pública que faga vincular as axudas co mantemento ou a permanencia desta actividade. De feito, a fábrica de Esteiro en Calvo creo que as últimas axudas que recibiu aínda estaba en vigor o IFOP, e dende aquela xa pasaron dous fondos europeos marítimos da pesca.

O que si que temos que recordar é que a empresa Calvo non pecha a súa actividade en Galicia, o que fai é trasladar a actividade para o centro que ten en Carballo. Ten un compromiso de investir máis de 25 millóns de euros en actualizar a planta de Calvo, e o que tamén sei é que hai unha decisión das cerca de 100 persoas que vostede ben dicía que traballan en Esteiro, que teñen manifestado a súa vontade de sentarse a negociar coa empresa cales serían as condicións dese traslado.

Nós sabemos que as condicións que se están a barallar son a recolocación de todos os empregados de Esteiro en Carballo, son o recoñecemento do tempo de traslado como tempo traballado e tamén asumir por parte da empresa o custo do propio traslado. Xa sabemos que non é o mesmo trasladarse 70 quilómetros que ter o posto de traballo máis cerca da casa, pero estas son as negociacións que están abertas entre a empresa e os representantes sindicais.

O que si lle quero dicir é que todas estas cuestións xa foron analizadas na Consellería de Economía, Emprego e Industria, por parte da secretaria xeral de Emprego, e por parte da directora xeral de Pesca e Innovación Tecnolóxica, nunha xuntanza que mantiveron coas autoridades do Concello de Muros, onde quedaron abertas incluso a estudar posibilidades...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** ...que poidan vir para darlle unha solución á planta que está en Esteiro, xa sexa por unha empresa que estea disposta a manter

alí a actividade ou incluso dos propios traballadores que queiran, a través dalgunha fórmula asociativa, seguir mantendo o traballo alí.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Non podo dar crédito ao que acabo de escoitar, non podo dar crédito. A Xunta de Galicia aquí acaba de afirmar que é cómplice directa da dirección de Calvo no peche da principal empresa industrial que hai entre Noia e Carnota. E á Xunta de Galicia párecelle ben. *(Murmurios.)*

Señora conselleira, non coñece o comité de empresa porque se negou a recibilo, e é moi fácil, están aí arriba, é moi fácil. Cando acabe a pregunta, convócaos e reúnese con eles e dá a cara e explícalles esta decisión.

Señora conselleira, estamos falando de preto de 300 mulleres que empezaron a traballar aí hai trinta anos, que teñen 50 anos, que teñen escasísimas posibilidades de volver atopar un posto de traballo na súa vida, e todo o que ten que dicir a Xunta de Galicia é que esta é unha empresa privada que vai tomar unha decisión sobre a que non ten ningunha capacidade para interferir.

¿É iso o que está dicindo? ¿Está dicindo que o Goberno galego, diante deste drama económico e social nun territorio, non vai facer nada, nada? Non podo dar crédito ao que está dicindo.

Mire, neste pleno —e gustaríame que estivese tamén hoxe, ademais de vostede, o conselleiro de Industria— sempre se acusa a En Marea de que queremos pechar empresas, e sempre a lista é de empresas que non pechou ningunha, e cando queremos falar de empresas concretas, reais, que están pechando, a Xunta de Galicia di que non é a súa competencia. ¿Pero esa é a súa posición?

Señora conselleira, hai na comarca, tamén dentro do Partido Popular desa comarca, unha posición unánime de defender o emprego, a industria, esa empresa, a economía da zona. Iso é o que defendemos nós, defendemos o mantemento e a continuidade de Conservas Esteiro, e a Xunta de Galicia, que ten interrelación absoluta co grupo Calvo, que o subvencionou, non vinculado á xeración de emprego —non faga trucos—, vinculado á globalización, á internacionalización, ao investimento tecnolóxico que teñen as empresas, ¿vaime dicir que é incapaz de negociar coa empresa? ¿Esa é a súa posición?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago. Grazas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Remato.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor LAGO PEÑAS:** ¿Vai recibir o comité de empresa ao rematar esta reunión? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Turno de peche, conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señor Lago, eu vou recibir o comité de empresa cando teñan a ben pedirme reunión; de momento non os poden recibir, porque non me pediron reunión. (*Aplausos.*)

Pero vostede vén aquí dicir unha serie de cousas que eu xa teño oído de todo neste Parlamento. Estou oíndo que vostedes nin cren na Constitución nin respectan a Constitución, pero ¿é que tampouco cren na liberdade das empresas? ¡Pero que me veña dicir a min que eu estou cómplice de quen! Non estou cómplice de ninguén. E para nós, para os representantes do Goberno da Xunta de Galicia, e tamén para os deputados do Partido Popular, cada vez que unha empresa pecha para nós é un drama, e o que nos poñemos é a traballar para ver como podemos solucionar ese drama.

E por iso lle estou dicindo que se mantivo unha xuntanza para ver se existe algunha posibilidade para que a nave desa empresa que se vai pechar en Esteiro poida volverse reabrir, xa sexa con axudas que lle podemos dar tanto dende a Consellería de Pesca como dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como con axudas ao cooperativismo se os propios traballadores queren apostar por montar unha nova empresa nesta zona.

Pero mire, vostede vén aquí e engánanos con todo: vai pechar a maior industria de postos de traballo que existe nesa comarca. ¡Oia, señor!, non desprece o resto das industrias que hai. A propia Confraría de Muros ten 202 socios, a Confraría de Noia ten máis de 1.500 socios traballando no marisqueo, alí temos unha planta de acuicultura de *Haliotis*.

Eu non quero que peche a planta de Esteiro, pero eu o que non lle poden dicir é a unha empresa privada que está mantendo os seus postos de traballo, e xa lle digo que nestes momentos non ten ningunha axuda da Xunta de Galicia vinculada á permanencia desa empresa nesa zona.

Eu creo que hai que respectar a relación que teñen os titulares da empresa cos representantes dos traballadores, están sentados nunha mesa de negociación para ver cales son as condicións do traslado, e, a maiores, hai un compromiso xa adquirido diante da alcaldesa do Concello de Muros de facer nese concello, nos primeiros días de xaneiro, unha xornada de cooperativismo para ensinalle á xente que posibilidades teñen de continuar cos seus postos de traballo tamén nesa zona. Teñen as axudas dos GAL. Nós temos mil fórmulas para axudar a xente a que queira manter a súa empresa, pero non me pida a min que interveña unha empresa privada, porque non o farei, porque respecto a liberdade de todos os empresarios a manter as súas actividades.

Pero non confunda a xente, señor Lago, nin minta. Eu recibo a todo mundo, e cando teñan a ben pedirme unha entrevista, por suposto que os recibirei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado, do G. P. Popular, sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, boa tarde.

Como dicía a pregunta, a Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas veñen traballando nos últimos anos dentro do Sistema universitario de Galicia dun xeito participativo e dialogante, chegando a acordos en moitos casos por unanimidade en decisións importantes que van marcar e dirixir as políticas universitarias nos próximos anos, a verdade —e sinceramente o digo— creo que de xeito acertado, e por iso tampouco me custa darlle en público os parabéns meus e do meu grupo por este diálogo e por estes numerosos acordos acadados nos últimos anos co Sistema universitario de Galicia.

É coñecido —creo que por todo o mundo— que un dos grandes cabalos de batalla, un dos aspectos máis difíciles, máis complicados da política universitaria —pois sobre todo por ter tres universidades en Galicia—, é a definición do mapa de titulacións e tamén a especialización dos campus universitarios que fagan máis sostible e coherente este sistema, dado as duplicidades que hai nalgúns casos, e é un tema que se presta moitas veces ao localismo.

Conscientes de que se trata dun tema importante —como dicía—, a Xunta e as tres universidades veñen traballando nesta modernización ou reforma do mapa de titulacións, e tenden a querer impulsar unha especialización para facer estes campus máis competitivos e que respondan ás demandas actuais da sociedade. En palabras da propia consellaría, co obxecto último de conseguir esta reforma do mapa de titulacións e acadar un sistema universitario harmónico para lograr universidades especializadas, colaborativas e internacionalizadas.

Dentro do sistema universitario chegouse ao acordo de que as prioridades para os novos graos e mestrados deben axustarse a demandas e á implantación de titulacións que encaixen na especialización dos campus. Esta especialización permitirá acadar unha maior competitividade das universidades galegas en relación con outros centros nacionais e internacionais, ser máis atractivas para o profesorado e o alumnado, ser máis eficientes nos recursos dispoñibles e mellorar significativamente na investigación e produción científica.

Tendo en conta que xa se leva un tempo significativo traballando nesta especialización dos campus e na racionalización dos títulos que se imparten no Sistema universitario galego, os parlamentarios que asinamos esta pregunta facémoslle a seguinte pregunta: ¿que balance fai a Xunta de Galicia da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Ben, moitas grazas, presidente.

Señor deputado, preguntanos vostede cal é o balance que facemos do proceso progresivo de especialización dos campus universitarios en Galicia. Obviamente, o noso balance é un balance positivo. Este é un proceso que comezou xa hai unha serie de anos, é un proceso de colaboración directa, unha colaboración real e unha colaboración construtiva entre as tres universidades e entre a Xunta de Galicia, entendendo que é positivo tanto para a universidade como, sobre todo, para a sociedade. É unha colaboración positiva que vemos tanto na progresiva especialización dos campus como tamén no novo mapa de titulacións que recentemente vimos de presentar.

A especialización non é un capricho, non é unha ocorrencia, non é algo que se lle ocorra a un grupo de persoas, senón que é unha necesidade. E é unha necesidade fundamental e básica para dar resposta, por unha parte, ás demandas da sociedade e, por outra parte, tamén dar resposta ás necesidades dun mundo cada vez máis globalizado, cada vez máis competitivo, onde é necesario apostar e impulsar aquilo no que podemos ser bos e aquilo no que podemos, dalgún xeito, ter unha repercusión xa non rexional, senón tamén nacional e internacional.

Por iso, a aposta estratéxica pola especialización dos campus por parte da Xunta de Galicia é unha aposta decidida: unha aposta que posibilita que os campus —fundamentalmente os campus periféricos— teñan unha identidade propia, que poidan ter un maior vencello co seu contorno, cos sectores produtivos do seu contorno; unha aposta que dá maior visibilidade ás actividades universitarias nos respectivos campus; que posibilita tamén que haxa un recoñecemento á actividade investigadora e docente, e de transferencia, nos campus; e, da cal, en Galicia, creo que podemos estar samente orgullosos de ser pioneiros a nivel nacional, primeiro na Universidade Vigo, co Campus do Mar, e na Universidade de Santiago, co Campus Vida, pero, posteriormente, co resto dos campus.

No Campus do Mar estamos apostando pola súa especialización crecente coa posta en marcha do Campus do Mar na ETEA. Co Campus Vida —neste caso en Santiago de Compostela, na USC— estase reforzando a súa especialización coa nova Facultade de Medicina. E no resto dos campus tamén hai unha aposta importante: en Lugo, co Campus Terra; en Ourense, co Campus Auga; en Ferrol, co Campus Industrial, onde aportamos recursos, convenios, liñas de traballo e especialización específica. E tamén estamos traballando no Campus Innova e no Campus da Sustentabilidade, na Coruña; no Campus Crea, en Pontevedra; no Campus Vigo Tecnolóxico; e no Campus da Cidadanía, en Santiago.

En definitiva, Galicia pode estar orgullosa por ser pioneira na especialización. É unha aposta estratéxica da Xunta de Galicia en coordinación coas tres universidades, e, francamente, está dando uns resultados bos e positivos para a universidade e para Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Pois moitas grazas de novo, señor conselleiro, polas aclaracións sobre os temas da especialización.

Gustárame..., non sei se tamén podería valorar ou profundar nos últimos acordos en canto aos novos graos, así como ás propostas ou aos acordos tamén de racionalización dos graos existentes, dos que podemos dicir que non acadan a demanda desexable.

E así non sei se tamén podería facernos algunha aclaración dos temas desta especialización, como están redundando en modernización e esa internacionalización da que falaba dos campus universitarios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Turno de peche. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Ben, moitas grazas, señor deputado.

Como vostede sabe, hai poucos días presentamos, xunto cos reitores das tres universidades, a nova oferta de titulacións ata o ano 2020. É unha reforma dun importante calado e, en certa medida, é un paso pioneiro en España. É a primeira vez que nun sistema universitario autonómico se planifica conxuntamente co conxunto das universidades ese sistema autonómico e tamén coa Xunta de Galicia. É, en certa medida, un paso pioneiro en España e algo que pretende basicamente adaptarse á sociedade. Pretende que a universidade se vaia adaptando progresivamente a quen ten que servir. A universidade ten que servir á sociedade, ten que darlles oportunidades aos alumnos e ten que dar resposta ás demandas sociais e produtivas do territorio no cal está encravada.

Co cal esta é unha folla de ruta pioneira en España, é a primeira vez —como xa dixen— que se fai unha planificación a medio prazo da oferta académica entre a Administración e as universidades co obxectivo de dar resposta ás necesidades do alumnado e da sociedade. Basicamente cunha serie de parámetros, hai un punto fundamental e é que non se incremente a oferta, que non se incremente o tamaño; é dicir, que non se incremente o número de prazas ofertadas. Pódense substituír, estanse substituíndo carreiras de baixa demanda ou de baixísima demanda por novas carreiras. E aquelas que entran novas no sistema deben facerse á custa de ter prazas sacadas doutras titulacións, do campus ou da propio centro no cal se implanten, co obxectivo de que non se aumente o seu número, o tamaño do sistema.

Hai unha serie de parámetros fundamentais que teñen moito que ver coa especialización. Introdúcense 14 novos graos que teñen que ver coa especialización e tamén con perfís profe-



sionais de futuro. Decláranse 8 títulos singulares, títulos que entendemos que son esenciais e indispensables para o sistema. Retíranse dun xeito gradual 8 titulacións porque non tiñan demanda por parte dos estudantes. Vanse redefinir neste período, tamén, aqueles títulos duplicados que teñen unha baixa demanda ou que teñen que adaptarse ás necesidades do mercado. Tamén vai haber unha aposta importante pola colaboración interuniversitaria con graos interuniversitarios, xa temos un, o grao da paisaxe entre A Coruña e Santiago, neste caso no Campus de Lugo. E tamén temos unha aposta polo que son os dobres graos para dar un plus de formación ao alumnado e para favorecer tamén a empregabilidade nos nosos alumnos.

En todo caso, estamos falando de títulos concretos, tremendamente vencellados coa especialización. Pensemos, por exemplo, no Campus de Ferrol, cunha titulación que ten que ver co mundo da moda, coa xestión industrial da moda. Ou pensemos no Campus de Lugo, cunha especialización que ten que ver, por exemplo, con agro-robótica ou con bioquímica, sempre orientada ao mundo agroforestal. En definitiva, son liñas de traballo que conxuntamente, por unha parte a especialización e por outra parte a nova oferta de titulacións, están orientadas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...a dar resposta á sociedade, que, en definitiva...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...é a quen se debe a universidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio a localidade de Salceda de Caselas**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Luis Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, despois do mal rato que lle acaba de facer pasar o señor Fernández Prado coa súa singular inquina á hora de preguntar, vou tratar de non afondar na súa tensión e rebaixar a intensidade da pregunta que quería formular con respecto á situación do concello de Salceda de Caselas, na provincia de Pontevedra. Se nalgún momento vostede sente que a miña conclusión é excesiva, levante a man e trato de rebaixala.

Mire vostede, como sabe, no caso de Salceda de Caselas..., non, dígoo porque o señor Martín Prado se asistise ou vise a presentación do mapa universitario pois nos aforraba este tempo de tensión no pleno, tal e como acabamos todos de sufrir. Mire, dicía que é un tema importante e serio, e por iso o traemos a este pleno, e preguntollo expresamente.

No concello de Salceda de Caselas concéntranse fundamentalmente tres problemas esenciais no que á escolarización do alumnado se refire. En primeiro lugar, é un concello que —como vostede seguro que coñece— experimenta un crecemento de poboación e un incremento do número de nacementos que é en si unha anomalía con respecto dos que vimos da Galicia do interior. É dicir, é un concello no que cada vez nacen máis nenos, e iso é unha boa noticia, sobre todo para os que nos dedicamos ao mundo da educación, porque senón, se cadra, tiñamos que pechar a empresa.

Paralela a esa realidade existe outra que é que ese concello non ten ningún centro no que o alumnado poida seguir estudos de ensinanza postobligatoria. É dicir, temos un centro de educación primaria, temos un centro público [...], pero o alumnado que quere, lexitimamente, seguir ensinanzas postobligatorias ten que ir a outros concellos, sexa a Salvaterra do Miño, sexa a Vigo, sexa ao Porriño, etc.; pero non pode cursar nin sequera as ensinanzas de bacharelato neste concello.

Pero digo que non é o único problema, porque sabe vostede que a principios deste curso houbo certos desaxustes entre o tamaño dos buses escolares que estaban previstos para o inicio do curso e os alumnos que debían ser transportados do lugar. E grazas á intervención das nais e pais dos alumnos e a que a Garda Civil de Tráfico interviñese e impedise que eses transportes funcionasen desa maneira perigosa para o alumnado.

En definitiva, todos estes datos lévannos a plantexar moi seriamente a pregunta á Consellería de Educación, e a través deste pleno ao señor conselleiro responsable desa consellería: ¿cal é a intención que ten esta consellería con respecto á posibilidade de dotar o concello de Salceda de Caselas de ensinanzas cando menos de bacharelato para que non se vexan obrigados en moitos casos, ademais, a asumir —xa remato, señor presidente— o custo do transporte escolar dunha ensinanza postobligatoria? Realidade que non ocorre noutros centros da comunidade autónoma, na que é a consellería a que permite que os alumnos viaxen noutros transportes. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor Álvarez, agradezo a súa fina ironía que, sen dúbida, ten que ver con ser vostede das terras de Lugo; das cales eu tamén son, aínda que só sexa eclesiasticamente.

Pero, certamente, nós coñecemos as necesidades escolares de Salceda de Caselas, como coñecemos as de todo o conxunto do territorio rexional. E, obviamente, nós temos unha premisa bá-

sica que sempre se cumpre, que é garantir a escolarización de calquera alumnado. Somos coñecedores da situación educativa, demográfica e territorial de Salceda de Caselas. É un territorio que está nunha zona densamente poboada, cunha poboación moi difusa, moi dispersa, e un *continuum* territorial que está ao lado de polos de poboación significativos como Ponteareas, como Tui, como tamén O Porriño, incluso como Salvaterra. E a foto fixa da rede educativa é a que vostede describiu. Someramente hai un CRA; hai un CEP de educación infantil e primaria, o Altamira, que ten unha alta densidade de estudantes; e hai un instituto, o Pedras Rubias, un IES no que se dá a ESO. E nas ensinanzas postobrigatorias —o bacharelato e a formación profesional— o alumnado desta localidade vai aos institutos que están no seu contorno próximo, que en moitas ocasións están máis próximos mesmo de moitos asentamentos de poboación deste concello que a propia capital municipal. É dicir, que estamos nun *continuum* territorial dunha alta densidade de poboación.

Ben, isto é algo que pasa e é moi normal noutros concellos de Galicia, non neste só. Pero —como lle dixen— somos coñecedores da situación xeográfica e da situación demográfica deste territorio; de feito, xa no ano 2010 se quixo facer un novo centro e a consellería non o puido facer porque o concello foi incapaz de poñer terreos á disposición da Administración autonómica para facelo. E somos conscientes de que é necesario incrementar o que é a oferta educativa. Somos conscientes de que hai que priorizar. E tamén somos conscientes de que temos unha elevada matrícula en infantil e primaria. Somos conscientes e estamos tomando medidas. De feito estamos traballando para facer unha ampliación do colexio Altamira en infantil e primaria. Están aínda sen pechar os datos, pero estamos falando de arredor de catro aulas e de medio millón de euros para incrementar o que é o colexio, o que é o CEIP Altamira.

Iso non quere dicir que nos olvidemos do instituto ou dun equipamento postobrigatorio. Obviamente, estamos atentos a ver como evoluciona a demografía e a ver como evoluciona a demanda de estudos postobrigatorios. Pero neste momento a prioridade que temos é aumentar, o centro de primaria, sen pechar os datos, en arredor de catro aulas e medio millón de euros de investimento. ¿Por que? Porque somos conscientes de que hai un incremento na matrícula, somos plenamente conscientes. E, de feito, a unidade técnica xa está traballando nesa materia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** E creo que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...ao ser coñecedores desta situación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro, ten outro turno.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...plantexamos esta ampliación, que, obviamente, non nos impide estar atentos ao que poida suceder.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Si, grazas.

Estamos traballando niso é a resposta. Supoño que non será tan complicado —e dígoo con coñecemento de causa— redimensionar un centro de educación infantil e primaria con 4 aulas máis, 6, 7, 8 ou 9, porque é cuestión de coller o dato de nacemento de poboación nese concello. Francamente, se vostedes teñen dificultades ou están saturados, ou sobrepasados, doullos eu ao remate desta miña intervención.

De todos modos, fala vostede, desde un punto de vista xeográfico, dese continuum que é o concello de Salceda de Caselas, efectivamente, con outros limítrofes. E tamén estou de acordo en que hai localidades ou parroquias de Salceda de Caselas que están máis próximas que a capitalidade doutros institutos, pero iso non quita para nada, porque esa realidade dáse en moitos máis sitios de Galicia. Dáse, por exemplo —imaxino— no concello de Soutomaior, e non quero enfrontar os veciños de Salceda de Caselas cos de Soutomaior, que encima son da mesma provincia, non vaiamos ter un problema. Simplemente sabe vostede que no concello de Soutomaior van vostedes facer un novo instituto, xa está orzamentado, teñen o presuposto concretado nos orzamentos do 2018. E voulle dicir unha cousa, no concello de Soutomaior, que merece un instituto, ¡como non!, hai case a metade de alumnos de postobrigatoria que en Salceda de Caselas.

Non me veñan vostedes co eterno problema da disposición de terreos, é unha cuestión de vontade. Claro que, se a vontade vai paralela con determinada afinidade ou igualdade política, é moito máis doada de levar a cabo. Claro, en Salceda de Caselas, con independencia de que neste pleno escoitemos sempre que o máximo interese é Galicia, Galicia, Galicia, tamén son galegos, tamén son de Pontevedra e terán os mesmos dereitos que os doutros municipios.

De todos modos, sería interesante que na última parte desta pregunta vostede, en primeiro lugar, nos concretase, para as representantes da cidadanía electas do Concello de Salceda de Caselas que nos acompañan, cales son os prazos que manexan para esa ampliación do colexio de educación primaria...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...e se, efectivamente, teñen a intención firme...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...de ampliar as ensinanzas postobrigatorias.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Turno de peche desta pregunta, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señor Álvarez, o «estamos traballando niso» pode parecer un slogan, pero pode estar seguro de que non é un slogan. Estamos traballando niso. E se aquí hai representantes do goberno municipal de Salceda de Caselas, poden estar absolutamente seguros de que se está traballando nunha ampliación para facela de xeito inmediato. Está a unidade técnica perfilando o volume. Estamos falando de 4 aulas, poden ser 5, poden ser 3. Estamos falando de arredor de 4 aulas con base na previsión demográfica e con base nos espazos que existen. E estamos falando dun investimento de medio millón de euros. Ao final, señor Álvarez, como o tempo sempre dá e quita razóns, vostede verá que o que se está a dicir aquí se vai cumprir, con maior ou menor concreción, pero se vai cumprir dun xeito escrupuloso.

Efectivamente, hai unha diferenza entre Soutomaior e Salceda de Caselas. No ano 2010 a este concello se lle pediu un terreo e non se lle deu, e non se puido facer a obra. E sería a primeira vez que se constrúe un colexio en terreos que non sexan cedidos por unha administración local; sería a primeira vez.

En todo caso, señor Álvarez, vostede tamén sabe que nunca hai tempo suficiente para facer todo, pero tamén é certo que sempre hai tempo suficiente para facer as cousas que son máis importantes; e aquí o máis importante, sen dúbida, é ampliar o CEIP Altamira. ¿Por que? Porque en moi pouco prazo de tempo medramos 100 matrículas, en pouquiño tempo. ¿Por que? Porque hai unha previsión demográfica, pero pasarán unha serie de anos para saber se esa ampliación demográfica chega aos servizos do ensino postobrigatorio. Estamos atentos á evolución e estamos atentos tamén a como evoluciona a demanda e a oferta no seu contorno, porque —como vostede tamén dixo— estamos nun espazo onde hai un tremendo vencellamento e un continuum urbano onde é moi difícil saber onde comeza un concello e acaba outro, porque é unha zona cun poboamento moi denso e cun continuum moi forte. Non se garante maior ou mellor escolarización porque estea no centro da capital municipal, senón que estamos falando de densidades, estamos falando de proximidades ao seu contorno moi fáciles, co cal temos que ver a medio prazo como evoluciona.

O noso compromiso inmediato é ampliar o CEIP e estar atentos á evolución demográfica e á evolución da oferta educativa na contorna na que está Salceda de Caselas, para ver se no futuro é preciso ou non é preciso pór en marcha ensino postobrigatorio.

En todo caso, tanto en Tui, como no Porriño, como en Salvaterra, como en Vigo, onde van os estudantes de Salceda, hai oferta máis que garantida tanto no bacharelato como nos diferentes ciclos de FP, e iso é unha garantía para favorecer a escolarización deses alumnos. Co cal o que é importante agora mesmo é dar resposta á necesidade inmediata.

E remato como comecei, non se pode facer todo á vez, nunca hai tempo suficiente para facer todo á vez. Pero tamén é ben certo que sempre se debe priorizar e que sempre hai tempo ou

debemos ter tempo, tempo suficiente, para facer as cousas máis importantes. E o máis importante neste momento en Salceda de Caselas é ampliar o colexio, e así o imos facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Avisen, por favor, á conselleira do Mar.

*(Pausa.)*

Grazas.

**Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta do señor López Crespo, do Grupo Parlamentario Popular. Cando queira.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señora conselleira.

Vai de conserva.

Estamos nun mundo globalizado, onde a frenética intensidade de comercio en todas as facetas da industria é moi intensa. E dentro dunha cadea moi favorable para a nosa Galicia, que é a cadea mar-industria, hai unha rama que é a industria conserveira. Importante industria conserveira que para Galicia representa nada máis e nada menos que 12.000 postos de traballo. Galicia representa o 3 % do PIB, representa o 86 % da produción de conserva en España e ocupa o segundo posto na produción conserveira a nivel mundial despois de Tailandia.

Hai que coñecer un pouco por dentro o sector para saber que son empresarios moi ambiciosos no sentido non comercial e económico, senón no sentido de perpetuar esas empresas que naceron alá pola artesanía de séculos pasados e que hoxe se manteñen nunha competitividade enorme polos avances da tecnoloxía, polos avances dos medios de comunicación. Aí están esas máis de sesenta empresas no noso territorio galego, que teñen unha produción moi significativa e moi importante.

Pois ben, alá polo mes de xullo, coñecemos os resultados do índice de exportación que tiveron estas empresas ao exterior, coa importancia que ten —repito— para o mundo laboral e para o balance económico da nosa Galicia.

Dada a importancia deste sector, e a influencia dos seus datos económicos para a viabilidade e sostibilidade do mesmo, preguntámoslle: ¿que valoración fai o Goberno autonómico dos

datos feitos públicos sobre as exportacións do sector da conserva por Anfacó-Cecopesca o pasado mes de xullo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor López Crespo.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, señor López Crespo, como vostede ben sinala, a valoración que podemos facer dos datos da industria conserveira galega son neste caso positivos, tanto no seu presente como tamén na súa evolución, e esperamos poder seguir contando con estes datos positivos, dado —como vostede ben dicía— o carácter estratéxico que teñen estas empresas na actividade da cadea mar-industria.

Hoxe temos unha industria conserveira puxante; unha industria conserveira que está firmemente implantada no exterior grazas á súa competitividade. E estamos vendo como os datos da conserva obteñen ano tras ano un balance positivo. Así, neste primeiro semestre do ano temos o mellor dato da última década histórica, cun incremento do 22 % interanual. Ese dato foi positivo grazas ás máis de 103.000 toneladas de produtos exportados, que tiveron unha implicación de máis de 470 millóns de euros, e que se veñen sumar tamén aos que xa se obtiveron nos últimos anos, especialmente no ano 2016.

Neste último ano, tivemos datos positivos tamén en varios termos, porque aumentou a produción un 0,7 % en volume e o 1,1 % en valor; incrementáronse as exportacións, que medraron un 5,9 % e acadaron as 178.559 toneladas, que veñen marcar a liña continuísta deste semestre; e tamén mantiveron un crecemento no emprego de máis dun 5 % en novos postos de traballo, e iso é o realmente destacable, porque, como vostede ben sinala, son máis de 12.000 persoas as que traballan nestas empresas, e o 70 % dos contratos son indefinidos.

Pero se estes datos son importantes, non son suficientes, queremos ir aínda un pouco máis alá. Por iso, o Goberno galego estivo e estará ao lado deste sector para apoialo na súa viabilidade con planificación. Así fixemos o novo plan estratéxico da conserva, co horizonte 2020 e tamén con apoio orzamentario, porque imos reeditar o compromiso adquirido coa industria de transformación en case 100 millóns de euros para este período 2014-2020, e veñen sumarse estes 100 millóns aos máis de 260 millóns que dende o ano 2009 se puxeron á disposición destas empresas.

Isto é —entendemos dende o noso punto de vista— un apoio pleno e directo a unha industria que —como ben dicimos— xera tanta riqueza en Galicia, e esperamos que siga nesta balanza positiva.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica do señor López Crespo, por favor.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Coñecemos a fragilidade do mundo da conserva, unhas empresas con grandes investimentos e reducidos marxes comerciais. Son especialistas da xestión, e iso hai que valorar, e os políticos, que temos algo que ver coa economía de Galicia, é importante dicir.

Hai algunha pequena huella polo camiño, como da que se falou en preguntas anteriores deste pleno. Pero esas huellas poden ter solución, e non sempre responden e se solucionan con criterios políticos. Hai outros criterios nos que a política ás veces non pode, e, en todo caso, non debe meter man.

Sabemos que levar adiante este sector depende dunhas circunstancias mundiais, por iso debemos ter en conta esas situacións á hora de valorar a conxuntura e os feitos que lle atinxen ás nosas conserveiras en Galicia. Por iso cremos acertado considerar que serán os mercados os verdadeiros campos de xogo da competitividade e da sostibilidade das nosas empresas. De aí que fagamos de novo esta pregunta: ¿que medidas ten previsto levar adiante a Consellería do Mar para fortalecer esa competitividade nos mercados?

Grazas, conselleira. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor López Crespo.

Peche desta pregunta, señora conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señor López-Crespo, mire, as medidas nas que nós estamos a traballar xa están recollidas no Plan da conserva, e son as que se sustentan en cinco liñas fundamentais.

A primeira é facilitar as condicións de acceso ás materias primas, que ese é o elemento fundamental no que temos que traballar para que as nosas industrias poidan ter acceso ás materias primas que logo transforman en Galicia e que fan que lle deamos ese maior valor engadido á nosa produción, que é 25 veces superior á do resto da Unión Europea.

Tamén establecemos medidas para consolidar as empresas hoxe existentes. Son medidas destinadas a reforzar a internacionalización; non para que invistan no exterior, como algúns poden pretender, senón para axudalas a que presenten os nosos produtos noutros mercados a nivel internacional.

Tamén medidas destinadas a consolidar a reputación do noso produto. Nós entendemos que a calidade con que se traballa aquí en Galicia é un elemento diferenciador para poder posi-



cionarnos nos outros mercados no resto do mundo, por iso temos tamén medidas destinadas a reforzar esta mellora da reputación do noso produto.

Medidas para reforzar a competitividade a través de axudas para I+D+i, porque é moi necesario que sigan innovando e que as nosas empresas sigan traballando cada vez con maior eficacia e con maior eficiencia.

Tamén medidas orientadas a garantir a continuidade, o crecemento, a estabilidade e a calidade do emprego. Xa dicíamos antes que case o 70 % dos postos de traballo da industria conserveira son postos de traballo fixos, e nós queremos que ese dato aínda se poida ir incrementando.

Por iso, tamén con estas medidas realizamos unha aposta orzamentaria. Así, no ano 2018 incrementamos os presupostos un 55 % para axudar as industrias de transformación, e tamén nos fondos que levan á busca e consolidación de novos mercados, incrementando esta partida un 37 %.

Nós entendemos que debemos seguir apoiando estas empresas, porque as cifras de exportación dos produtos do mar medran sete veces máis do produto interior bruto que o resto das empresas, e ese dato fai que hoxe en día Galicia sexa a décima a nivel mundial en ránking de exportación.

Creo que son todos datos moi positivos e que por iso debe haber tamén un compromiso do Goberno de Galicia en apostar por esta industria tan importante para a nosa cadea mar-industria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta da señora Salorio Porral, do Grupo Parlamentario Popular. Cando queira.

**A señora SALORIO PORRAL:** Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, señora conselleira.

A Consellería do Mar xestiona o seu presuposto e os fondos comunitarios para impulsar a produtividade da pesca, diversificar as actividades do mar e aproveitar o seu potencial. A estratexia galega artículase a través de instrumentos como os GALP e o crecemento azul, dúas liñas baseadas en dous aspectos básicos: a cooperación co sector e a cogobernación. Estes principios tamén guiaron o cambio de rumbo da xestión dos fondos desde 2009.

O récord de facturación conseguido no 2016 en primeira venda de produtos do mar das lonxas, preto de 500 millóns de euros, foi un dos resultados conseguidos, así como a evolución positiva do emprego do sector no último ano e o freo na caída das cifras de buques.

Ademais, puxo en relevo a importancia de recuperar entre 2010 e 2015 case 8 millóns de metros cadrados de zonas de marisqueo, cun plan de rexeneración e un investimento de preto de 5 millóns de euros en 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas que favoreceu o aumento de permisos de explotación a partir de 2014 por primeira vez desde o ano 2000. A media de ingresos do ano 2016 foi a máis alta da serie histórica, un 27 % máis, e medrou un 22 % desde 2009.

A recuperación e mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para a nova lexislatura. O sector do marisqueo ten un peso socioeconómico moi importante en moitas zonas do noso litoral, xa que é unha actividade importante de emprego para os homes e especialmente para as mulleres da nosa costa.

O permiso de explotación é requisito fundamental para poder exercer esa actividade con todas as garantías. Sabemos que as prazas sempre se convocan despois de comprobar a situación de viabilidade nos informes técnicos, e sempre tendo en conta a compatibilidade e sustentabilidade dos recursos e os criterios socioeconómicos. No 2016 convocáronse 278 permex de marisqueo a pé e 11 de marisqueo a flote.

Señora Quintana, a nosa pregunta ao respecto hoxe é: ¿cantos permex foron convocados para este ano 2017?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Salorio.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Salorio, como vostede ben di, o marisqueo é unha actividade profesional de grande impacto social nas zonas costeiras. Por iso, dende a consellería do Mar vimos traballando dende o ano 2009 cun único obxectivo, e este é o de conseguir aumentar o número de persoas que se poidan dedicar a exercer esta actividade do marisqueo a pé.

Este traballo vímoloo facendo en tres vías. No campo ambiental —como vostede ben dicía—, intentando rexenerar zonas improdutivas e, traballando da man das confrarías, buscar proxectos que contribúan a incrementar a produtividade nas diferentes zonas. Tamén no campo económico, e nisto creo que imos no bo camiño, porque dende o ano 2009 os ingresos medios medraron nun 22 %. E tamén no campo social, iso é, o número de permisos de explotación que levamos incrementados. O ano 2015 foi no que puidemos ter un saldo positivo co número

de incremento de permisos de explotación, que —como vostede ben dicía— están relacionados automaticamente coa capacidade de produción que teñen os nosos bancos.

Para o ano 2017 o traballo conxunto que levamos desenvolvido coas confrarías fai que se convoquen 217 novos permex para o marisqueo a pé e 48 para recursos específicos; máis en concreto, serían 30 para percebe, 3 para ourizo e 15 para poliquetos. Isto completa a cifra de acceso máis alta a novas fórmulas de traballo que dende o ano 2009 puidemos dar.

A maiores, tamén temos que apuntar que se deron 61 habilitacións para o marisqueo a flote; é dicir, tripulantes que poden ir enrolados nas embarcacións, que van exercer tamén a actividade do marisqueo dende a propia embarcación.

Xa que logo —e volvendo ao marisqueo a pé—, necesitamos substituír e aumentar o número de persoas que se van xubilando, dando así paso ao relevo xeracional tan necesario neste sector, e creo que imos por bo camiño.

Repito, 265 novos permisos convocados para o ano 2017 no marisqueo a pé, ou o que é o mesmo, máis do 50 % das prazas que necesitamos cubrir nos próximos cinco anos —necesitaríamos cubrir 490— para que se produza o relevo xeracional deste colectivo.

Do mesmo xeito, reitero tamén a suba de ingresos, e traballamos para que esa media do ano 2016, a máis alta da serie histórica, cun 27 % por riba do nivel medio, se manteña para o 2017, e incluso esperamos que se poida mellorar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Salorio.

**A señora SALORIO PORRAL:** Grazas, presidente.

Moitísimas grazas, señora conselleira, pola súa explicación e polo seu traballo en prol do sector.

Na evolución xeral, o 2015 foi o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no 2000, no que sobe o número de permex de marisqueo a pé. De todo o mencionado, conclúese que o número medio anual de permex na etapa do PP é case o dobre dos outorgados anualmente polo Bipartito, un 70 % máis.

Comparto con vostede que imos polo bo camiño. Outros non pensan o mesmo, aínda que os números sexan tercos. Seguen instalados nunha suposta declaración na que prometemos 20.000 permex. Non sei se onde a sacaron, porque non foron capaces de demostrar o que din que dixemos.

Sabemos ben o que prometemos e o que estamos facendo. Seguen instalados na crítica carentes de datos, carentes de sentido. Mesmo chegaron a criticar que repitamos os 8 millóns

de metros cadrados, pero chegan novos datos e caeralles o tendal. Porque ¿cantos novos proxectos se están a desenvolver na rexeneración das zonas improdutivas?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Salorio.

Turno de peche desta pregunta, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señora Salorio, efectivamente, entre o ano 2010 e o 2015 recuperáronse 8 millóns de metros cadrados. Grazas á recuperación desas zonas improdutivas foi que puidemos empezar a xerar novos postos de traballo nas diferentes zonas costeiras. Pero non paramos aí, e o ano pasado aprobáronse 170 proxectos de rexeneración de zonas improdutivas que tamén nos axudaron a que o ano 2016 fora o ano no que máis permex se puideran incrementar, e seguimos nesta liña.

Neste ano 2017 xa se teñen aprobados, en consenso coas confrarías, 36 proxectos, e así seguiremos ata o final do 2020, nos que pensamos distribuír entre as persoas que lles axudan ás confrarías a desenvolver os seus proxectos, axudándolles a pagar o soldo de todos os biólogos e as asistencias técnicas que traballan con eles recuperando zonas improdutivas, unha cifra — como lles dicía antes — que rondará os 490 novos permisos de explotación, que farán que teñamos o maior número de permisos de toda a década.

Hai quen fala dun número de 20.000. Claro, se nos imos a antes da profesionalización do marisqueo, cando moita xente que se dedicaba a outra actividade pedía un mes de vacacións para no mes de outubro ir traballar ao marisqueo sen ter ningún tipo de permiso, eses para min non eran mariscadores, eran persoas que se dedicaban a utilizar un recurso que nos daba o mar para poder ter un complemento salarial.

Dende o ano 2000, cando empezamos coa profesionalización do marisqueo, é cando podemos falar realmente deste sector como un sector profesional, e nese momento había 4.000 mariscadoras, nin 6.000, como me dicían o outro día, nin 20.000, nin eu dixen nunca que quixera volver ao número de 20.000. Son unha persoa sensata, son unha persoa coherente, e son das persoas que penso que antes de dar números de permisos de explotación por dar o que temos é que ter garantido que esas persoas que acceden a un permiso teñan unhas posibilidades de traballo e de obter rendemento dese traballo. Por iso levamos acompañada sempre a rexeneración das zonas improdutivas co outorgamento dos novos permisos. Esa é a nosa liña de traballar, e outros, se din, que digan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



Non hai máis asuntos. Polo tanto, remata aquí o pleno.

Boa tarde.

*Remata a sesión ás cinco e trece minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25